

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

5720 *Circular 1/2013, do 24 de maio, do Banco de España, pola que se modifica a Circular 4/2004, do 22 de decembro, ás entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros.*

O actual marco xurídico da Central de Información de Riscos (CIR) foi introducido pola Lei 44/2002, do 2 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro (en diante, Lei 44/2002), capítulo VI, que confire á CIR a natureza de «servizo público» e lle atribúe dúas finalidades claramente diferenciadas: por un lado, permitir que o Banco de España poida usar os datos declarados no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección e contribuír ao correcto desenvolvemento das demais funcións que ten legalmente atribuídas; por outro, facilitar ás entidades declarantes os datos necesarios para o exercicio da súa actividade.

A Lei 44/2002 establece os criterios básicos da CIR en canto ao contido dos datos que se deben declarar, o seu uso polo Banco de España e as entidades declarantes, así como respecto ao dereito de acceso, rectificación e cancelación dos datos declarados, e faculta o Banco de España para que, directamente ou logo de habilitación do ministro de Economía e Competitividade, poida desenvolver as súas normas de funcionamento. A lei foi desenvolvida pola Orde ECO/697/2004, do 11 de marzo, sobre a Central de Información de Riscos. Os cambios introducidos por ambas as normas foron incorporados na Circular do Banco de España n.º 3/1995, do 25 de setembro, sobre a Central de Información de Riscos (en diante, Circular 3/1995), pola Circular n.º 1/2004, do 29 de xuño.

O papel das centrais de riscos no mercado de crédito, que non é alleo a diferentes estudos académicos e de organismos internacionais, contribúe a limitar a selección adversa, a acoutar o nivel de risco agregado e, por estas canles, a favorecer a estabilidade financeira. Así mesmo, as centrais de riscos teñen unha importante utilidade, non xa na supervisión tradicional das entidades de crédito senón para o adecuado desenvolvemento da supervisión macroprudencial, de forma que contribúan á preservación da estabilidade do sistema financeiro no seu conxunto. A crise financeira que a escala internacional se iniciou en 2007, e que afectou tamén o sector bancario español, remarcou a utilidade e a relevancia da CIR desde a óptica da supervisión macroprudencial e da análise da estabilidade financeira, actividades que, pola natureza ampla e cambiante dos riscos sistémicos, son moi intensivas en datos. Por iso, en 2011 o Banco de España iniciou un proceso de reflexión con obxecto de mellorar a información que se declara á CIR para que no futuro poida contribuír dunha forma máis eficaz ao mantemento da estabilidade financeira do sistema crediticio español.

Neste contexto, España adquiriu o compromiso de mellorar a cantidade e a calidade dos datos que se declaran á CIR no marco do Memorando de entendemento sobre condicións de política sectorial financeira, do 23 xullo de 2012, como consecuencia da solicitude de asistencia financeira europea formulada polo Goberno español.

Para dar cumprimento ao anterior, modificáronse a Lei 44/2002 e a Orde ECO/697/2004, co obxecto de habilitar o Banco de España para fixar contidos e limiares de declaración distintos en función das diferentes finalidades da CIR, e para establecer que os datos se declaren en unidades de euro, o que facilita que se poidan incrementar substancialmente os datos necesarios para mellorar a contribución da CIR á estabilidade financeira do sistema crediticio español.

Ao abeiro das habilitacións contidas tanto na propia Lei 44/2002 como na Orde ECO/697/2004, o Banco de España, considerando os cambios tan importantes que se

van introducir coa presente reforma, optou por ditar unha nova circular sobre a CIR e derogar a vixente Circular 3/1995.

As principais novidades que se introducen no funcionamento da CIR con respecto á regulación anterior concrétanse, basicamente, nos seguintes aspectos:

– Establécese a obrigaón de declarar os riscos, operación a operación, en unidades de euro, e sen que se fixe, con carácter xeral, un limiar mínimo de declaración, en lugar de declaralos como se viña facendo até agora, de forma agregada por tipo de operación, en miles de euros e cun limiar de 6.000 euros para os titulares residentes e de 300.000 euros para os non residentes. Ademais, teranse que identificar para cada unha das operacións todas as persoas que interveñen nelas, indicando a natureza en que interveñen (titular de risco directo, garante, persoa que subvenciona o principal ou xuros, etc.), así como o importe do risco que, se for o caso, lles corresponde.

– Prevese unha maior desagregación dos grandes tipos de produto que se declaran actualmente (crédito comercial, crédito financeiro, etc.), para poder identificar mellor as características e riscos das diferentes operacións. Así mesmo, solicítanse novos datos, tales como os relativos aos tipos de xuro e ás datas de formalización, vencemento, incumprimento e liquidación de principal e xuros.

– A información e o detalle das garantías reais recibidas increméntanse considerablemente, pois pásase de declarar simplemente o tipo de garantía persoal ou real recibida a facilitar unha información detallada de cada un dos activos recibidos en garantía. Estes datos son especialmente exhaustivos para as hipotecas inmobiliarias.

– Exíxese ás entidades de crédito que indiquen mensualmente, ademais do risco das operacións existente ao final de cada mes –desagregado segundo se trate de principal, xuros ordinarios, xuros de demora ou gastos exixibles–, o motivo ou motivos polos cales se reduce o risco dos préstamos (tales como pagamento en efectivo, refinanciamento, adxudicación de activos, etc.) e, se for o caso, o importe da redución debida a cada motivo.

– As operacións reestruturadas, refinanciadas, renegociadas, subrogadas e segregadas terán que ser obxecto de identificación e, ademais, de vinculación cos datos das operacións previamente declaradas á CIR das cales, se for o caso, procedan.

– As operacións garantidas por outras entidades declarantes á CIR vincularanse coas operacións declaradas polas entidades garantes. Ademais, a entidade beneficiaria da garantía deberá facilitar á entidade garante, a través da CIR, datos das operacións garantidas.

– Nas cesións de préstamos a terceiros en que se conserve a súa xestión, as entidades cedentes seguirán declarando os riscos cedidos como até agora, pero ademais identificarán os cesionarios, así como o risco que continúan asumindo elas e o que pasaron a asumir os cesionarios.

– Para cada operación en que continúen asumindo risco as entidades, facilitarase información contable e de recursos propios, tales como a cualificación crediticia, as provisións específicas constituídas, a exposición ponderada por risco, a probabilidade de incumprimento, etc.

Con obxecto de minimizar o custo administrativo que supón o importante incremento de información que se debe declarar á CIR, os datos dividíronse en básicos e dinámicos. Os datos básicos son aqueles que pola súa estabilidade no tempo só se teñen que declarar unha vez, salvo que se modifiquen con posterioridade, mentres que os datos dinámicos se deben declarar periodicamente: mensual, trimestral ou semestralmente, segundo a súa natureza.

Por outra parte, en aplicación do principio de proporcionalidade, estableceuse un réxime polo que as entidades declarantes á CIR que non están supervisadas polo Banco de España só teñen que declarar os datos necesarios exclusivamente coa finalidade de facilitalos ao sistema crediticio. Por outra parte, as entidades supervisadas só terán que declarar os datos relativos ás garantías recibidas cando o importe acumulado das operacións con garantía hipotecaria sexa igual ou superior a 10 millóns de euros, aínda

que deberán manter a dita información nas súas bases de datos á disposición do Banco de España. Ademais, para os titulares pertencentes aos sectores «fogares», «sociedades non financeiras» e «institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares», establécese que se declararán trimestralmente só datos agregados cando se cumpran determinados requisitos, entre os que se encontra que o seu risco acumulado sexa inferior a 6.000 euros.

Polo que se refire ao limiar para que os datos tamén se declaren coa finalidade de facilitalos ás entidades declarantes, a presente circular elévao a 9.000 euros, actualizando en termos monetarios o limiar de 6.000 euros que se fixou en 1995. Así mesmo, e en relación coa información que se retorna ás entidades declarantes, ademais do informe mensual coa información consolidada de todo o sistema para os titulares con que a entidade manteña un risco acumulado igual ou superior a 9.000 euros, establécese que o Banco de España entregará ás entidades declarantes dous informes cando lle soliciten datos dun cliente potencial: os correspondentes á última declaración mensual cerrada e á declaración cerrada seis meses antes. En consecuencia, os datos dos titulares cuxo risco acumulado nunha entidade sexa inferior a 9.000 euros non se facilitarán ás entidades declarantes, tendo en conta que se declaran exclusivamente en cumprimento das obrigacións de información establecidas polo Banco de España no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección e demais funcións que ten legalmente atribuídas.

A actividade de facilitar datos ás entidades de crédito para analizar a capacidade de cumprimento das obrigacións dos seus clientes actuais e potenciais, que constitúe unha función moi relevante da CIR desde a súa creación en 1962, tamén se realiza polos ficheiros de solvencia patrimonial e crédito. A actividade da CIR nesta materia é complementaria á dos ditos ficheiros para garantir a concorrencia de entidades de natureza privada que regula o artigo 69 da Lei 44/2002. Por iso, as entidades de crédito, para cumpriren co disposto no artigo 18 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, sobre acceso ao «historial crediticio do cliente», antes de conceder un crédito deben ter en conta que os ficheiros de solvencia patrimonial e crédito facilitan información adicional á da CIR. A fin de que esta información sexa realmente útil para a análise da capacidade de pagamento dunha persoa, ademais de facilitaren datos dos incumprimentos do cliente (ficheiros negativos), debería conter datos do seu endebedamento (ficheiros positivos).

Ante os cambios tan relevantes que se introducen no funcionamento da CIR, a presente circular prevé unha entrada en vigor gradual das obrigacións de declaración e fixa un réxime transitorio para os novos datos que sexan de difícil obtención e afecten as operacións formalizadas con anterioridade a determinadas datas.

Ante a necesidade de que as entidades envíen ao Banco de España datos, operación a operación, de elementos que, supondo risco de crédito desde o punto de vista prudencial, non teñen cabida dentro do concepto de risco de crédito que regula a Lei 44/2002, resulta necesario modificar a Circular do Banco de España n.º 4/2004, do 22 de novembro, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros (en diante, Circular 4/2004), para incluír novos estados con que obter datos individualizados dos instrumentos derivados, instrumentos de patrimonio e activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, así como algúns datos dos valores representativos de débeda complementarios dos que se declaran á CIR. Estes estados, en aplicación do principio de proporcionalidade, tamén se prevé que non os teñan que enviar as entidades cuxo importe acumulado en cada unha das ditas actividades sexa inferior a 10 millóns de euros.

Por último, tamén se aproveita esta circular para modificar determinados estados da Circular 4/2004, con obxecto de solicitar información necesaria para a confección das estatísticas da balanza de pagamentos, para incluír un novo estado reservado con datos sobre o custo do financiamento captado no mes correspondente a negocios en España e outro con información sobre a entrega de vivendas adxudicadas ou recibidas en pagamento de débedas procedentes de operacións de crédito aos fogares para adquisición de vivenda, así como para harmonizar o contido do esquema de sectorización

mínimo na base de datos e do rexistro contable especial de operacións hipotecarias co establecido na nova circular sobre a CIR.

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos e de acordo co Consello de Estado, aprobou esta circular, que contén as seguintes normas:

CAPÍTULO PRIMEIRO

Entidades declarantes e riscos e persoas declarables

Norma primeira. *Entidades declarantes.*

1. A obrigaón de declarar ao servizo público da CIR alcanza as seguintes entidades (en diante, entidades declarantes):

- a) Instituto de Crédito Oficial, bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras.
- b) Sociedades de garantía recíproca e sociedades de reafianzamento.
- c) Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. (Sareb).
- d) Banco de España.
- e) Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.
- f) Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA).

2. A obrigaón recollida no número 1 alcanza, no caso das entidades españolas, a totalidade do seu negocio, incluído o realizado polas súas sucursais no estranxeiro, e o das sociedades instrumentais integradas no seu grupo consolidable cando sexan residentes en España, e o seu negocio, prolongación da actividade do dito grupo.

As sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras só declararán á CIR a operativa das súas oficinas en España.

Cando as entidades declarantes non poidan facilitar de forma individualizada todos ou parte dos datos que se deben declarar das operacións rexistradas nunha sucursal no estranxeiro por estar radicada nun país cuxa lexislación o impida, deberán enviar ao Banco de España unha declaración xurada en que se xustifique suficientemente esta circunstancia, detallando de maneira específica a que datos afecta a imposibilidade legal de remisión á CIR e a normativa en que se basea, da que se enviará unha copia xunto coa referida declaración xurada. Neste caso, as entidades declararán os datos afectados pola prohibición de forma agregada, conforme o disposto na norma décimo terceira, letra B). A declaración xurada deberase actualizar ao menos cada dous anos se se mantén o impedimento legal para facilitar os datos de forma individualizada. Se cesa a causa que impedía o envío de datos, as entidades declarantes deberán comunicalo ao Banco de España e, a partir dese momento, comezar a decláralos de forma individualizada.

Norma segunda. *Riscos declarables.*

1. Os riscos declarables á CIR son as operacións instrumentadas en forma de préstamos, valores representativos de débeda, garantías financeiras, compromisos de préstamo, outros compromisos con risco de crédito e préstamos de valores.

A declaración destas operacións realizarase coas precisións que se indican nos seguintes puntos e co detalle que se regula no anexo 2 da presente circular.

Para efectos desta circular, considéranse:

- a) Préstamos: os financiamentos outorgados pola entidade, calquera que sexa a forma en que estean instrumentados, excepto os valores representativos de débeda, aínda que os importes non se dispuxesen.

Os préstamos clasifícanse, en función das súas características, en:

i) Crédito comercial: os préstamos concedidos sobre a base de dereitos de cobramento (efectos ou outros documentos) que xorden ao aprazar o cobramento de operacións de compravenda de bens ou prestación de servizos. O crédito comercial inclúe:

1) Operacións con recurso: cando o cedente dos dereitos de cobramento retén substancialmente todos os riscos e beneficios, con independencia de como se denomine a operación no contrato ou cando, sen transferilos nin retelos substancialmente, a entidade declarante non adquire o control dos seus fluxos de efectivo.

2) Operacións sen recurso: cando o cedente transfere substancialmente todos os riscos e beneficios dos dereitos de cobramento, ou cando, sen transferilos nin retelos substancialmente, a entidade declarante adquire o control dos seus fluxos de efectivo.

ii) Crédito financeiro: as operacións que, sendo préstamos declarables á CIR, non están instrumentadas como crédito comercial, arrendamento financeiro ou adquisición temporal de activos.

iii) Arrendamentos financeiros: as operacións de arrendamento que a entidade declarante debe rexistrar contablemente como préstamos porque transferiu substancialmente todos os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato, aínda que teñan a consideración de arrendamento operativo para o arrendatario. Este concepto comprende as cotas que debe pagar o arrendatario, o importe comprometido por terceiros distintos do arrendatario e os valores residuais non garantidos.

iv) Adquisicións temporais de activos: os préstamos concedidos a cambio de valores ou ouro transferidos temporalmente mediante unha compra con retrocesión non opcional, así como os importes entregados como garantía en efectivo de valores recibidos en préstamo.

As operacións que se deben declarar como préstamos á CIR non inclúen, aínda que sexan dereitos de cobramento a favor da entidade, os importes pendentes de cobramento por cheques, os saldos fronte a cámaras e organismos liquidadores por operacións en bolsa e mercados organizados, as fianzas dadas en efectivo, os dividendos pasivos exixidos, as comisións por garantías financeiras e demais saldos debedores que non teñan a natureza de préstamo para efectos dos requirimentos estatísticos da Unión Económica e Monetaria.

b) Valores representativos de débeda: as obrigacións e demais valores que creen ou recoñezan unha débeda para o seu emisor, mesmo os efectos negociables emitidos para a súa negociación entre un colectivo aberto de investidores, que devindiquen unha remuneración consistente nun xuro, implícito ou explícito, cuxo tipo, fixo ou definido por referencia a outros, se estableza contractualmente, ou incorporen un derivado implícito con características e riscos económicos distintos aos do contrato principal, e se instrumenten en títulos ou en anotacións na conta, calquera que sexa o suxeito emisor, excepto os fogares.

c) Garantías financeiras: os contratos que exixen que o emisor efectúe pagamentos específicos para reembolsar ao acredor pola perda en que incorre cando un debedor específico incumpra a súa obrigación de pagamento de acordo coas condicións, orixinais ou modificadas, dun instrumento de débeda, con independencia da súa forma xurídica.

d) Compromisos de préstamo: os compromisos firmes de conceder préstamos cunhas condicións e termos preestablecidos, excepto os dispoñibles en operacións que cumpren a definición de préstamo.

e) Outros compromisos con risco de crédito: os compromisos que cumpren a definición de risco de crédito declarable á CIR non incluídos nos puntos anteriores. En concreto, nesta categoría inclúense os avais e caucións prestados que non cumpran a definición de garantía financeira, os créditos documentarios irrevogables e os dispoñibles noutros compromisos (pólizas de risco global-multiúso e liñas de avais, créditos documentarios e créditos por disposicións).

f) Préstamos de valores: as operacións en que a entidade declarante cede ao prestameiro a plena titularidade duns valores co compromiso de devolver outros da mesma clase que os recibidos sen efectuar ningún desembolso, salvo o pagamento de comisións. Cando nunha operación de préstamo de valores ambas as entidades intercambien valores, considerárase entidade prestamista a que cobre as comisións.

2. Os riscos declarables clasificaranse, en función da natureza en que interveñan os titulares na operación, en:

a) Riscos directos: os riscos contraídos cos primeiros obrigados ao pagamento dos préstamos (coas precisións que se indican na norma terceira, número 4), os emisores de valores representativos de débeda, as persoas sobre as que se concedeu unha garantía financeira ou outro tipo de aval ou caución, e as contrapartes dos restantes compromisos e dos préstamos de valores.

b) Riscos indirectos: os riscos contraídos cos garantes, vendedores de protección en titulizacións sintéticas ou derivados de crédito, aseguradores, afianzadores, persoas que, non sendo titulares de riscos directos, comprométesen a súa sinatura en operacións de carteira comercial ou efectos financeiros e demais persoas que respondan do risco en caso de incumprimento dos titulares dos riscos directos, así como os terceiros que se comprométesen a adquirir o activo cedido en operacións de arrendamento financeiro se non o fan os arrendatarios.

3. Os riscos declarables débense declarar de forma individualizada á CIR, é dicir, operación a operación. Para isto, as entidades declarantes asignarán a cada operación – ou a cada parte en que se teña que dividir conforme o disposto na norma terceira, número 3– un código único que se debe manter invariable durante a súa vida, salvo que por motivos de xestión interna sexa necesario modificalo, caso en que se comunicará esa circunstancia conforme o disposto na norma décimo primeira, letra A). O dito código non se poderá reutilizar no futuro para declarar outras operacións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, as operacións declararanse de forma agregada, conforme o disposto na norma décimo terceira, letra A), cando se trate de préstamos a prazo (sempre que a súa finalidade sexa o consumo, o seu importe ao inicio da operación non supere os 3.000 euros e o seu prazo orixinal sexa igual ou inferior a doce meses), tarxetas de crédito, descubertos, anticipos de pensións ou nóminas ou resto de préstamos á vista, e, ademais, todos os titulares cumplan os seguintes criterios:

a) Pertenzan ao sector fogares ou sexan sociedades non financeiras, ou institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares nas cales non participen, no seu capital ou vía dereitos de voto, entidades que teñan a consideración de sector público español, conforme o disposto no artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira;

b) Non teñan outro tipo de operacións declarables á CIR;

c) O seu risco acumulado, directo e indirecto, na entidade declarante sexa inferior a 6.000 euros, e

d) Non teñan importes cualificados como subestándar ou de dubidoso cobramento, ou o importe total das operacións coas ditas cualificacións sexa inferior a 100 euros.

4. Os riscos transferidos e os adquiridos a terceiros en que a entidade cedente continúe coa súa xestión ante os titulares declararanse á CIR conforme o disposto na norma décimo cuarta.

5. Non obstante o sinalado nos puntos anteriores, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito non declarará as garantías que preste ante entidades declarantes como consecuencia de esquemas de protección de activos comprendidos en plans de actuación ou reestruturación, ou noutras medidas de apoio a entidades de crédito adoptadas conforme a normativa que regula o seu funcionamento.

Pola súa parte, as sociedades de reafianzamento non declararán as operacións en que reafiancen as garantías financeiras e os avais e outras caucións non financeiros prestados por outras entidades declarantes á CIR.

Norma terceira. *Titulares e outras persoas declarables.*

1. As persoas declarables á CIR, coas precisións que se indican nos seguintes puntos, son:

- a) Os titulares de riscos directos e indirectos, calquera que sexa a súa natureza, forma xurídica, sector ou país de residencia.
- b) As persoas relacionadas cos titulares ou coas operacións en que interveñan.

A declaración dos titulares e demais persoas declarables efectuarase conforme o disposto na norma quinta.

2. Os titulares de riscos, con carácter xeral, son persoas físicas ou xurídicas. Non obstante, tamén poden ser titulares declarables as entidades sen personalidade xurídica que teñan asignado un código de identificación fiscal, tales como os fondos de titulización e as parroquias. Porén, nos casos das comunidades de bens, unións temporais de empresas e sociedades civís sen personalidade xurídica, os titulares declarables serán exclusivamente as persoas físicas ou xurídicas que as integran, que se declararán como titulares mancomunados ou solidarios de acordo co risco que asuman na operación.

Cando unha operación teña varios titulares, teranse que declarar todos á CIR, indicando a natureza da súa intervención e, cando proceda, se son titulares mancomunados ou solidarios.

Nos riscos con sociedades colectivas ou comanditarias, agrupacións de interese económico (AIE) e agrupacións europeas de interese económico (AEIE), ademais das sociedades e agrupacións, tamén son declarables como titulares colectivos cada un dos socios colectivos das sociedades e dos integrantes das agrupacións, conforme o disposto na norma quinta, letra A), número 2.b).

3. As entidades declarantes deben asignar a cada titular exclusivamente o risco, directo ou indirecto, que lle corresponda das operacións en que interveña. En consecuencia:

- a) As operacións subvencionadas e as que teñan titulares de riscos directos mancomunados dividiranse e declararanse á CIR con tantos códigos de operación diferentes como sexan necesarios para poder asignar a cada titular, ou grupo de titulares mancomunados que actúan solidariamente entre si, o importe que lle corresponda.
- b) As operacións que teñan varios titulares de riscos indirectos declararanse mensualmente, tantas veces como sexa necesario, no módulo C.2, Datos dinámicos dos riscos indirectos, para poder imputar a cada titular o importe que lle corresponda.

4. Os titulares de riscos directos son:

- a) No crédito comercial con recurso, o cedente dos dereitos de cobramento. As persoas que teñan comprometida a súa sinatura nos efectos son titulares de risco indirecto.
- b) No crédito comercial sen recurso, os obrigados ao pagamento dos dereitos de cobramento.
- c) Nos arrendamentos financeiros, os arrendatarios polos importes que se comprometesen a pagar. As persoas diferentes dos arrendatarios que se comprometesen a adquirir os activos cedidos en caso de que non o faga o arrendatario serán titulares de risco indirecto polos importes que se comprometesen a pagar.
- d) Nas adquisicións temporais de activos, os cedentes dos activos, sexa cal sexa o activo cedido.
- e) Nos anticipos de pensións e nóminas por conta de administracións públicas, as persoas ás cales se anticipan os fondos.

- f) Nos restantes préstamos, os obrigados ao pagamento das operacións.
- g) Nos valores representativos de débeda, os emisores dos valores.
- h) Nas garantías financeiras, os avais e caucións non financeiros prestados e os créditos documentarios irrevogables, as persoas polas que responde a entidade ante os beneficiarios das operacións.
- i) No resto de compromisos, as persoas que teñan dereito a efectuar as disposicións.
- j) Nos préstamos de valores, as contrapartes ás cales se prestan os valores.
- k) Nas operacións subvencionadas, as persoas que subvencionan o principal ou o xuro polo importe que subvencionan.

5. Os titulares de riscos, directos e indirectos, declararanse de forma individualizada á CIR, calquera que sexa o importe do seu risco na entidade declarante, excepto cando as súas operacións sexan declarables de forma agregada, conforme o disposto na norma segunda, número 3.

Os datos dos titulares, incluídos os das súas operacións, cuxo risco acumulado na entidade declarante sexa inferior a 9.000 euros decláranse exclusivamente coa finalidade prevista no artigo 60, número cuarto, letra a), da Lei 44/2002. Para estes efectos, o risco acumulado é o importe das operacións en que a persoa interveña como titular de risco, directo ou indirecto, coas seguintes precisións:

a) Os importes das operacións que se declaren como garantías financeiras instrumentadas como derivados de crédito ou arrendamentos operativos para o arrendatario non se inclúen no cálculo do risco acumulado.

b) O importe do risco directo asumido nas operacións é a suma dos importes dispostos (principal, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exhibibles) pendentes de cobramento máis os importes dispoñibles (con dispoñibilidade inmediata e condicionada).

c) O importe do risco indirecto que computa como risco acumulado é o risco máximo que garante o titular das operacións en que intervéen exclusivamente como garante ou porque comprométese a súa sinatura en operacións de carteira comercial ou efectos financeiros.

d) Nos préstamos sindicados e demais préstamos en que varios prestamistas participan de forma mancomunada, cada entidade declarante computará como risco acumulado exclusivamente o importe do risco que asuma das operacións. Nos diferentes módulos declararase exclusivamente o importe do risco que a entidade asuma nestes préstamos, sen prexuízo do tratamento específico para as garantías reais con que, se for o caso, contén, que se declararán conforme o sinalado na norma oitava, números 3, 8 e 11.

e) Nas garantías financeiras e avais e caucións non financeiros prestados concedidos solidariamente por varias entidades, cada entidade declarante computará como risco acumulado o importe total da operación.

f) No risco acumulado, ademais dos importes que asume directamente a entidade declarante co titular, incluíranse os que transferise a terceiros das operacións en que continúa coa súa xestión fronte ao titular, aínda que os dese de baixa do activo, así como os que teña rexistrados nos libros das súas sociedades instrumentais residentes en España.

g) No risco acumulado das entidades que adquirisen operacións que continúe declarando á CIR outra entidade, tamén se inclúen os importes que asumisen nas ditas operacións, aínda que, conforme o disposto na norma décimo cuarta, letra B), non os declaren á CIR como datos dinámicos dos riscos directos e indirectos.

6. Non obstante o sinalado no número anterior, o Banco de España, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito e a Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) só declararán as operacións cuxos titulares pertencen aos sectores fogares, sociedades non financeiras ou institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares cuxo risco acumulado sexa igual ou superior a 9.000 euros.

7. As persoas que, non sendo titulares de riscos directos ou indirectos, se deben declarar á CIR por estaren relacionadas cos titulares dos riscos ou coas operacións en que interveñen son:

- a) As entidades dominantes dos grupos económicos e as cabeceiras dos grupos de clientes relacionados a que, se for o caso, pertencen os titulares.
- b) As entidades que, tendo a consideración de sector público español, posúan dereitos de voto ou participen no capital de empresas ou institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares que non teñan a consideración de sector público.
- c) As entidades a que pertencen as sucursais declarables cuxa sede social radique noutro país.
- d) As sociedades instrumentais residentes en España integradas no grupo consolidable da entidade declarante en que están contabilizadas as operacións declaradas.
- e) As entidades, declarantes ou non á CIR, que xestionan as operacións fronte aos titulares.
- f) Os cesionarios de operacións transferidas a terceiros.
- g) As entidades que actúan como axentes nos préstamos sindicados.
- h) As entidades declarantes á CIR con que se teñan operacións con códigos vinculados.
- i) As entidades emisoras de instrumentos financeiros adquiridos temporalmente, recibidos en garantía de operacións ou prestados a terceiros.

CAPÍTULO SEGUNDO

Información que se debe render ao Banco de España

Norma cuarta. *Módulos de datos e disposicións xerais.*

1. As entidades declarantes estarán obrigadas a remitir ao Banco de España os seguintes módulos de datos, en canto lles sexan aplicables, conforme o disposto nas normas deste capítulo:

Módulo	Denominación	Periodicidade	Prazo máximo de presentación
	<i>Datos de persoas e solicitude de código.</i>		
A.1	Datos que identifican as persoas.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.
A.2	Solicitude de código de identificación de persoas non residentes en España.	Non periódico.	
	<i>Datos básicos das operacións e das relacións coas persoas.</i>		
B.1	Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.
B.2	Datos básicos das operacións.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.
	<i>Datos dinámicos das operacións.</i>		
C.1	Datos dinámicos dos riscos directos.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
C.2	Datos dinámicos dos riscos indirectos.	Mensual.	Día 10 do mes seguinte.
	<i>Datos sobre garantías reais.</i>		
D.1	Datos básicos que relacionan as operacións cos activos recibidos en garantía.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
D.2	Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
D.3	Datos básicos dos activos financeiros recibidos en garantía.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
D.4	Datos dinámicos que relacionan as operacións cos activos recibidos en garantía.	Trimestral.	Día 10 do mes seguinte.
D.5	Datos dinámicos dos edificios en construción e das promocións inmobiliarias recibidos en garantía.	Trimestral.	Día 10 do mes seguinte.

Módulo	Denominación	Periodicidade	Prazo máximo de presentación
E	<i>Datos sobre tipos de xuro.</i>	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
F	<i>Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros.</i> <i>Vinculación de códigos.</i>	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
G.1	Datos básicos que vinculan códigos.	Non periódico.	Día 10 do mes seguinte.
G.2	Datos básicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades.	Non periódico.	Día 5 do mes seguinte.
G.3	Datos dinámicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades. <i>Información prudencial complementaria dos riscos.</i>	Mensual.	Día 5 do mes seguinte.
H.1	Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.	Non periódico.	Día 25 do mes seguinte.
H.2	Datos básicos complementarios dos préstamos.	Non periódico.	Día 25 do mes seguinte.
H.3	Datos dinámicos complementarios dos préstamos.	Trimestral.	Día 25 do mes seguinte.
H.4	Datos dinámicos complementarios das garantías financeiras e outros compromisos.	Trimestral.	Día 25 do mes seguinte.
H.5	Datos dinámicos de riscos imputados a contrapartes finais distintas das directas.	Trimestral.	Día 25 do mes seguinte.
H.6	Datos dinámicos relativos a requirimentos de recursos propios. <i>Datos das operacións non declaradas individualmente.</i>	Trimestral.	Día 25 do segundo mes seguinte.
I.1	Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros.	Trimestral.	Día 25 do mes seguinte.
I.2	Datos dinámicos dos riscos rexistrados en sucursais no estranxeiro.	Trimestral.	Día 25 do mes seguinte.

Os módulos de datos inclúense como anexo 1 e as instrucións para a súa elaboración, no anexo 2. Adicionalmente, a Dirección Xeral de Regulación e Estabilidade Financeira poderá elaborar aplicacións técnicas para facilitar a confección dos diferentes módulos.

Cando o día do prazo máximo de presentación dos módulos sexa festivo en Madrid, os datos poderanse enviar o primeiro día hábil na dita localidade posterior ao día máximo de presentación.

Os datos dinámicos (é dicir, os que teñen frecuencia mensual ou trimestral) serán os correspondentes á situación do último día do mes ou trimestre natural a que se refira a declaración.

Os importes declararanse en unidades de euro. Os importes denominados en moedas diferentes do euro declararanse polo seu contravalor en euros, utilizando para os datos básicos das operacións o tipo de troco aplicable na data de formalización das operacións e para os datos dinámicos o tipo de troco de peche correspondente na data a que se refiran os datos, que coincidirá co tipo que se utilice para a elaboración dos estados financeiros.

2. As seguintes entidades declarantes non terán que declarar os módulos que se indican a continuación, aínda que teñan datos susceptibles de declarar neles:

a) As sucursais en España de entidades de crédito cuxa sede social estea radicada noutro país do Espazo Económico Europeo non declararán os módulos D, H e I.

b) As sociedades de garantía recíproca non declararán os módulos E, F, G.2, G.3, H.2, H.5, H.6 e I.

c) A Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. (Sareb) non declarará os módulos H.2, H.6 e I.

d) O Banco de España, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, as sociedades de reafianzamento e a Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) non declararán os módulos D, E, F, G, H e I.

3. Os módulos D, Datos sobre garantías reais, só os enviarán as entidades declarantes cando, ao final do mes a que se refiran os datos, o importe acumulado (disposto máis dispoñible) das súas operacións con garantía real sexa igual ou superior a 10 millóns de euros. Non obstante, o Banco de España poderá requirir ás entidades que non superen o citado limiar que declaren todos ou algúns dos módulos D, coa periodicidade e o prazo máximo de presentación establecidos con carácter xeral. O requirimento efectuarase por escrito, cunha antelación mínima de tres meses antes do primeiro envío, atendendo ás circunstancias particulares das entidades, en especial ao seu perfil de risco e ao importe que represente a actividade que se debe declarar en relación co seu tamaño.

As entidades que veñan declarando á CIR todos ou algún dos módulos D continuarán remitíndoos cando o importe acumulado das súas operacións descenda por debaixo do limiar para a súa remisión, até que o Banco de España lles comunique por escrito que non os teñen que enviar obrigatoriamente.

As entidades que alcancen por primeira vez o limiar para presentar os módulos D con posterioridade ao 30 de setembro de 2015 non os terán que enviar mentres o Banco de España non lles comunique por escrito, cunha antelación mínima de tres meses, que os deben remitir.

As entidades que deban declarar os módulos D conforme o disposto nos números 1 e 2 desta norma, pero que, segundo o sinalado nos parágrafos anteriores, estean exentas de envialos por non alcanzaren o limiar para a súa declaración, deberán dispor na súa base de datos, como mínimo, da dita información.

4. Todas as comunicacións de datos entre as entidades declarantes e a CIR se realizarán por vía telemática, de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto.

Os datos serán enviados pola propia entidade declarante. Non obstante, o Banco de España poderá autorizar que os datos sexan remitidos por outra entidade declarante, no seu nome e pola súa conta, cando o xustifiquen razóns de organización administrativa da entidade obrigada a declarar, ben que isto non descargará de responsabilidade as persoas e órganos directivos da entidade á cal se refiran os datos declarados, que terá a consideración de entidade declarante para todos os efectos.

As declaracións realizaranse da seguinte forma:

- a) As declaracións dos datos non periódicos deberanse transmitir desde o día en que se coñezan até o día que se corresponda co seu prazo máximo de presentación.
- b) As declaracións complementarias con rectificacións ou cancelacións de datos previamente declarados comunicaranse, como máximo, cinco días hábiles despois de que a entidade declarante teña coñecemento de que non reflicten a situación actual na data da declaración.

As entidades declarantes deberán arbitrar a fórmula que mellor conveña á súa organización para transmitiren os datos, cursando diariamente unha ou varias declaracións, e coa posibilidade dun desfase de varios días entre a data en que se orixine ou varíe o dato e a data en que se comunique. Cando o número de rexistros que se deben declarar sexa reducido, poderase diferir a súa declaración, aínda que, en todo caso, se deberá realizar, como mínimo, unha transmisión semanal de datos non periódicos, sempre que existan datos declarables.

5. A CIR non poderá modificar os datos declarados polas entidades declarantes, dos cales estas son responsables e correspóndelles a elas enviar declaracións complementarias coas rectificacións ou cancelacións de datos declarados erroneamente.

6. Os datos que se inclúen no anexo 3 da presente circular decláranse coas finalidades previstas nas letras a) e b) do número cuarto do artigo 60 da Lei 44/2002. Os restantes datos dos riscos solicitados nos diferentes módulos desta circular decláranse exclusivamente coa finalidade prevista no artigo 60, número cuarto, letra a), da Lei 44/2002.

Norma quinta. *Datos de persoas e solicitude de código.*

A) Datos que identifican as persoas:

1. O módulo A.1, Datos que identifican as persoas, enviarase para declarar os datos:

a) Dos titulares de riscos directos e indirectos para os que se teñan que declarar os seus datos de forma individualizada, conforme o disposto na norma terceira, número 5.

b) Das persoas distintas dos titulares de riscos.

2. O módulo A.1 ten as seguintes partes:

a) Parte 1, Datos da persoa: esta parte enviarase cos datos que lle correspondan á persoa segundo a súa natureza.

b) Parte 2, Datos dos titulares colectivos: esta parte enviarase para vincular as sociedades colectivas, sociedades comanditarias, agrupacións de interese económico (AIE) e agrupacións europeas de interese económico (AEIE) con cada un dos seus socios colectivos ou compoñentes.

Os datos dos socios colectivos e dos compoñentes das agrupacións de interese económico (AIE) e das agrupacións europeas de interese económico (AEIE) tamén se deben declarar na parte 1 deste módulo.

c) Parte 3, Datos que relacionan os titulares coas entidades que integran o sector público español: esta parte enviarase para relacionar as persoas xurídicas que sexan titulares de riscos, directos ou indirectos, coas entidades que teñen a consideración de sector público español que posúan dereitos de voto ou participen no seu capital cando non figuren sectorizadas no sitio web da internet do Banco de España en calquera dos sectores correspondentes a administracións públicas españolas ou clasificadas como entidades dependentes de administracións públicas españolas.

Os datos das entidades que teñen a consideración de sector público relacionadas cos titulares tamén se deben declarar na parte 1 deste módulo.

d) Parte 4, Datos que vinculan os titulares cos grupos de clientes relacionados: esta parte enviarase para vincular os titulares de riscos coas entidades cabeceira dos grupos de clientes relacionados a que, se for o caso, pertencen, sempre que sexan diferentes da entidade dominante do grupo económico do que poidan formar parte. Para estes efectos, a definición de grupo de clientes relacionados é a mesma que se utiliza para o cálculo dos límites aos grandes riscos na normativa europea de solvencia, aínda que os importes do grupo non cumpran a definición de grandes riscos.

Os datos das entidades cabeceira tamén se deben declarar na parte 1 deste módulo.

3. Cando a entidade declarante teña coñecemento de que a persoa declarada dispón doutro ou outros códigos de identificación persoal polos que poida estar declarada ao Banco de España [por exemplo, porque poida ter sido declarada con anterioridade cun número de identificación fiscal (NIF), número de identificación de estranxeiro (NIE) ou código de non residente asignado polo Banco de España, ou por ter cambiado a súa forma social ou ter pasado de ser un non residente a un residente, ou viceversa], ademais do código polo que declare a dita persoa á CIR, que deberá ser o vixente na data da declaración, informará dos códigos anteriores que poida ter a dita persoa dos cales teña constancia documental.

4. Cando unha entidade declarante deixe de declarar operacións de forma individualizada a nome dunha persoa e transcorra, cando proceda, o prazo de seis meses que establece a norma sexta, número 7, para os produtos mencionados nela, o Banco de España dará de baixa a dita persoa do módulo A.1 e comunicarllo á entidade declarante, sempre que non continúe sendo declarable ao Banco de España por outro motivo. Se posteriormente a entidade ten que volver declarar operacións para a mesma persoa, terá que dala de alta de novo no módulo A.1.

B) Solicitude de código de identificación de persoas non residentes en España:

5. O módulo A.2, Solicitud de código de identificación de persoas non residentes en España, enviarase para solicitar códigos de identificación para as persoas, físicas ou xurídicas, e entidades sen personalidade xurídica non residentes en España.

6. Cando as entidades declarantes dispoñan do código de identificación dunha persoa, física ou xurídica, ou dunha entidade sen personalidade xurídica non residente, deberán enviar unha actualización dos datos previamente comunicados no módulo A.2, sempre que teñan constancia da súa variación, así como cando lles corresponda declarar datos adicionais no dito módulo en función do motivo polo que se declaren as ditas persoas ao Banco de España, con independencia de que tamén se poidan actualizar voluntariamente os ditos datos no módulo A.1, Datos que identifican as persoas.

Norma sexta. *Datos básicos das operacións e das relacións coas persoas.*

A) Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións:

1. O módulo B.1, Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións, enviarase para vincular as operacións que se deben declarar de forma individualizada, conforme o disposto na norma segunda, número 3, con todos os seus titulares, por risco tanto directo como indirecto, así como co resto de persoas que interveñan nelas, excepto coas contrapartes que vendan protección crediticia, que se vincularán coas operacións no módulo F, Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros.

2. O módulo B.1 enviarase cada vez que se deba declarar unha nova operación, ou vincular ou desvincular unha persoa cunha operación, ou modificar algún dos datos declarados previamente, pero non cando se deixe de declarar a operación.

3. Os socios colectivos das sociedades colectivas e comanditarias, así como os integrantes das agrupacións de interese económico (AIE) e das agrupacións europeas de interese económico (AEIE), non se vincularán no módulo B.1 coas operacións a nome das sociedades ou agrupacións de que sexan socios ou integrantes. Neste caso, as sociedades e as agrupacións serán as únicas que se relacionarán no dito módulo coas operacións.

Se a sociedade ou agrupación é o único titular do risco directo ou garante da operación, como natureza da intervención declararase «Titular de risco directo único» ou «Garante non solidario», sen prexuízo da titularidade ou garantía colectiva de todos os socios colectivos ou compoñentes da AIE ou AEIE, que se comunicará no módulo A.1, Datos que identifican as persoas, conforme o sinalado na norma quinta, letra A, número 2.b).

B) Datos básicos das operacións:

4. O módulo B.2, Datos básicos das operacións, enviarase no mes en que se declaren por primeira vez as operacións e cando se produzan variacións nalgún dos datos declarados previamente.

5. O módulo B.2 ten as seguintes partes:

- a) Parte 1, Datos que deben declarar todas as entidades declarantes.
- b) Parte 2, Datos adicionais que deben declarar as entidades de crédito.

6. As operacións instrumentadas como crédito comercial diferentes ás liñas comprometidas, préstamos a prazo que cumpran os criterios do segundo parágrafo da norma segunda, número 3, tarxetas de crédito, contas correntes ou de aforro, contas mutuas, descubertos, excedidos en contas de crédito, anticipos de pensións ou nóminas, activos procedentes de operacións fóra de balance, derivados non pagos e resto dos préstamos á vista, por seren operacións para as que pola súa natureza pode que non se teñan que declarar importes todos os meses no módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos, só se declaran no módulo B.2 no mes en que se declaren por primeira vez, coas precisións que se indican no seguinte número. O código da operación asignado a estas

operacións continuarase utilizando para identificalas cada vez que se teñan que volver declarar datos para elas.

7. A baixa das operacións declararase no módulo B.2 no mes en que se cancelen, sen prexuízo do tratamento específico das operacións cedidas nunha combinación de negocios a outras entidades declarantes regulado na norma décimo quinta, número 2.

As operacións a que se refire o número 6 desta norma non se considerarán canceladas até que se extingan os contratos ou feitos económicos que as orixinan, aínda que deixen de ter saldos declarables de forma individualizada. Se a entidade non comunica antes a súa cancelación, o Banco de España daraas de baixa no módulo B.2 e comunicarllo á entidade declarante cando transcorran seis meses desde a última vez que se declaren datos para elas no módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.

Norma sétima. *Datos dinámicos das operacións.*

A) Datos dinámicos dos riscos directos:

1. O módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos, enviarase para declarar os riscos directos de todas as operacións vivas a final de mes, salvo que se trate de operacións que non se teñan que declarar de forma individualizada, conforme o disposto na norma segunda, número 3.

2. O módulo C.1 ten as seguintes partes:

a) Parte 1, Datos de todos os riscos directos: esta parte enviarana as entidades declarantes cos datos de todas as operacións vivas a final de mes, sempre que continúen coa súa xestión fronte aos titulares, aínda que se trate de operacións cuxo importe se dese de baixa integramente do activo por teren sido transferidas a terceiros.

b) Parte 2, Datos dos riscos directos asumidos pola entidade declarante: esta parte declararana as entidades declarantes con datos dos riscos vivos a fin de mes que asumen elas, é dicir, sen incluír os importes das operacións que correspondan á parte do risco que, se for o caso, se dese de baixa do activo por telo transferido a terceiros.

c) Parte 3, Datos que deben declarar as entidades de crédito para os préstamos: esta parte declararana exclusivamente as entidades de crédito con datos adicionais para os importes dos préstamos que correspondan aos riscos asumidos por elas, é dicir, sen ter en conta os importes que se desen de baixa do activo por corresponderen a operacións transferidas a terceiros.

d) Parte 4, Datos dos riscos directos asumidos polos cesionarios: esta parte declararana as entidades cos importes das operacións que correspondan ao risco asumido polos cesionarios como consecuencia de transferencias de activos en que a entidade continúe coa xestión fronte aos titulares.

3. As operacións non se declaran no módulo C.1 no mes en que deixan de ter risco declarable, salvo os préstamos, para os que se ten que declarar na parte 3 do módulo o motivo ou os motivos polos que se reduce o risco. Non obstante, neste módulo non se ten que comunicar a cancelación das operacións a que se refire a norma sexta, número 6.

B) Datos dinámicos dos riscos indirectos:

4. O módulo C.2, Datos dinámicos dos riscos indirectos, enviarase para declarar os importes que garantisen ou comprometesen cada un dos titulares de riscos indirectos das operacións vivas a final de mes, excepto os importes das operacións de arrendamento financeiro que se comprometesen a pagar terceiros para adquirir os activos cedidos cando non o fagan os arrendatarios, que se declararán no módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos, e os garantidos polas partes que venden protección nas operacións titulizadas sinteticamente.

5. O módulo C.2 ten as seguintes partes:

a) Parte 1, Datos dos riscos indirectos asumidos pola entidade declarante: nesta parte decláranse os importes das operacións garantidos por cada un dos titulares de risco indirecto que correspondan ao risco que asume a entidade declarante nas operacións.

b) Parte 2, Datos dos riscos indirectos asumidos polos cesionarios: nesta parte decláranse os importes das operacións garantidos por cada un dos titulares de risco indirecto que correspondan ao risco asumido polos cesionarios como consecuencia de transferencias de activos en que a entidade continúe coa xestión fronte aos titulares.

Norma oitava. *Datos sobre garantías reais.*

A) Datos básicos que relacionan as operacións cos activos recibidos en garantía:

1. O módulo D.1, Datos básicos que relacionan as operacións cos activos recibidos en garantía, enviarase para vincular as operacións declaradas á CIR cos activos recibidos en garantía, salvo que os activos se adquirisen temporalmente. Tamén se vincularán neste módulo os arrendamentos financeiros cos activos cedidos en arrendamento.

Os datos do módulo D.1 enviaranse cada vez que se declare unha operación con garantía real, aínda que sexa parcial, ou un arrendamento financeiro, así como cando se modifique calquera dos datos declarados previamente.

2. Cando unha operación estea cuberta con varias garantías reais, no módulo D.1 decláranse de forma separada os datos de cada unha delas.

3. Os importes dos préstamos sindicados que se deben declarar no módulo D.1 serán os que lle correspondan á entidade declarante en función da porcentaxe con que participe no importe total do préstamo.

4. As operacións subvencionadas e as que teñan titulares mancomunados decláranse no módulo D.1 só unha vez, sempre que, no caso dos titulares mancomunados, as garantías reais recibidas cubran a totalidade da operación, utilizando como código de operación o que se asigne na dimensión «Código que se vincula» do módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.

B) Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía:

5. O módulo D.2, Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía, enviarase para indicar as características dos inmobles que garanten as operacións concedidas pola entidade declarante, así como os cedidos en arrendamento financeiro.

6. O módulo D.2 ten as seguintes partes, que se decláran en función do tipo de activo recibido en garantía ou cedido en arrendamento financeiro:

- a) Parte 1, Datos para os edificios e terreos.
- b) Parte 2, Datos adicionais para os edificios e elementos de edificios.
- c) Parte 3, Datos adicionais para o solo urbano e urbanizable.
- d) Parte 4, Datos adicionais para os predios rústicos.
- e) Parte 5, Datos do valor das garantías.

7. Os activos decláranse no módulo D.2 só unha vez, con independencia de que sirvan de garantía de varias operacións da entidade declarante.

8. Os importes que se decláren no módulo D.2 dos activos afectos a préstamos sindicados serán os que correspondan á operación total concedida ao prestameiro por todos os prestamistas e non a porcentaxe que corresponda ao importe financiado pola entidade declarante.

C) Datos básicos dos activos financeiros recibidos en garantía:

9. O módulo D.3, Datos básicos dos activos financeiros recibidos en garantía, enviarase para indicar as características dos activos financeiros que garanten as operacións concedidas pola entidade declarante, excepto que se trate de activos adquiridos temporalmente.

10. Os activos declararanse só unha vez no módulo D.3, con independencia de que sirvan de garantía de varias operacións da entidade declarante.

11. Os importes que se declaren no módulo D.3 para os activos afectos a préstamos sindicados serán os que correspondan á operación total concedida ao prestameiro por todos os prestamistas e non a porcentaxe que corresponda ao importe financiado pola entidade declarante.

D) Datos dinámicos que relacionan as operacións cos activos recibidos en garantía:

12. O módulo D.4, Datos dinámicos que relacionan as operacións cos activos recibidos en garantía, enviarase para indicar o importe do valor do activo recibido en garantía para efectos do cálculo do *loan to value* atribuído á operación.

E) Datos dinámicos dos edificios en construción e das promocións inmobiliarias recibidos en garantía:

13. O módulo D.5, Datos dinámicos dos edificios en construción e das promocións inmobiliarias recibidos en garantía, enviarase con información dos activos recibidos en garantía que sexan edificios en construción ou rehabilitación, así como dos financiamentos cuxa finalidade sexa a promoción inmobiliaria.

Norma novena. *Datos sobre tipos de xuro.*

1. O módulo E, Datos sobre tipos de xuro, enviarase no mes en que se declare por primeira vez un préstamo, así como cando se modifique algún dos datos declarados previamente.

2. O módulo E ten as seguintes partes:

a) Parte 1, Datos para os préstamos: estes datos decláranse para todos os préstamos, excepto para aqueles cuxo tipo de produto sexan anticipos de pensión ou nómina, activos procedentes de operacións fóra de balance, derivados non pagos ou resto dos préstamos á vista.

b) Parte 2, Datos adicionais para os préstamos con tipo de xuro variable: estes datos decláranse para todos os préstamos con tipo de xuro variable, excepto que se trate de carteira comercial.

Norma décima. *Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros.*

1. O módulo F, Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros, será enviado pola entidade declarante no mes en que transfira, total ou parcialmente, préstamos ou valores a terceiros, sempre que continúe coa xestión das operacións fronte ao titular, salvo as que se instrumenten como cesións temporais, así como cando se realice unha titulización sintética. En concreto, declararanse:

a) Todas as titulizacións tradicionais de activos, é dicir, as titulizacións que implican a transferencia económica das operacións titulizadas a unha sociedade ou fondo de titulización, con independencia de se a entidade declarante mantén rexistrados os importes transferidos das operacións no activo ou os deu de baixa total ou parcialmente.

b) As restantes transferencias de préstamos que supoñan a baixa da totalidade dos importes transferidos do activo da entidade declarante.

c) As titulizacións sintéticas, é dicir, aquelas titulizacións en que a división do risco de crédito en tramos e a súa transmisión se levan a cabo mediante a compra de protección crediticia sobre as exposicións titulizadas, ben sexa a través de derivados de crédito ou de garantías.

Cando a entidade adquirente do risco transferido sexa outra entidade declarante á CIR, como excepción ao disposto na norma cuarta, número 1, o módulo F enviarase ao Banco de España non máis tarde do día 5 do mes seguinte a aquel a que se refiran os datos.

2. O módulo F ten as seguintes partes:

a) Parte 1, Datos que identifican as transferencias e titulacións sintéticas: estes datos enviaranse unha soa vez por cada transferencia ou titulización sintética, con independencia do número de operacións transferidas ou titulizadas no mesmo contrato.

b) Parte 2, Datos que vinculan as transferencias e titulacións sintéticas coas operacións: estes datos enviaranse para vincular cada transferencia ou titulización sintética con todas as operacións transferidas ou titulizadas.

As operacións que se cancelen totalmente antes de que finalice a transferencia ou titulización sintética non se darán de baixa; non obstante, se se exclúen antes da súa cancelación, será necesario declarar a súa baixa.

As operacións que se incorporen nunha transferencia ou titulización sintética con posterioridade á súa data orixinal daranse de alta cando se inclúan no conxunto de operacións que forman parte daquela.

Norma décimo primeira. *Vinculación de códigos.*

A) Datos básicos que vinculan códigos:

1. O módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos, enviarase para vincular os novos códigos con outros códigos declarados á CIR pola propia entidade ou por outras entidades declarantes polos motivos que se indican nos seguintes puntos. Os datos do módulo teranse que remitir cando se realice a primeira declaración dos códigos que se deben vincular.

2. O código dunha operación vincularase co doutra ou outras operacións declaradas pola propia entidade cando:

a) A operación teña como orixe unha subrogación do debedor ou refinanciamento ou renovación doutra ou outras operacións da propia entidade. As operacións vincularanse cos códigos de todas as operacións subrogadas, refinanciadas ou renovadas.

b) Se rexistren activos por incumprimento dos titulares de operacións fóra de balance; por exemplo, porque se execute unha garantía financeira ou outro compromiso ou o titular non pague as comisións comprometidas no contrato.

c) A operación proceda dun crédito documentario irrevogable.

d) Se utilice o dispoñible dunha póliza de risco global-multiúso ou liña de avais, créditos documentarios ou créditos por disposicións.

e) Se trate de operacións subvencionadas, segregadas ou con titulares mancomunados.

f) Se cambie o código da operación por motivos de xestión interna.

3. O código dunha operación da entidade declarante vincularase cos códigos de operacións declaradas á CIR por outras entidades cando:

a) As operacións sexan garantías financeiras ou avais e caucións non financeiros prestados ante outra entidade declarante.

b) As operacións teñan como orixe a adquisición de operacións a outra entidade declarante que manteña a xestión fronte aos titulares.

c) As operacións teñan como orixe unha fusión, traspaso da actividade financeira ou adquisición de negocio realizada con outra entidade declarante.

d) As operacións en que o debedor fai unha subrogación do acreedor ou teñan como orixe o refinanciamento dunha operación ou operacións doutra entidade declarante que pertenza ao seu mesmo grupo económico.

4. No módulo G.1 tamén se vincularán os códigos que se utilicen para identificar os códigos dos valores, transferencias de activos, garantías reais, activos recibidos en garantía e promocións inmobiliarias cando se teñan que modificar.

5. O Banco de España, sempre que sexa necesario para facilitar a xestión dos datos que lle declaren as entidades, poderá solicitarlles que vinculen no módulo G.1 calquera código novo co que fose utilizado para declaralo previamente por ela ou outra entidade.

6. Cando no módulo G.1 se vinculen dous códigos de operación por cambio de código por razóns de xestión, fusión, traspaso total da actividade financeira ou adquisición de negocio, non se declarará como variación de datos o novo código da operación nos restantes módulos.

B) Datos básicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades:

7. O módulo G.2, Datos básicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades, enviarase o mes en que a entidade declarante:

a) Reciba unha garantía financeira ou contraaval dun aval ou caución non financeiro doutra entidade declarante.

b) Transfira a outra entidade declarante operacións que dese de baixa do seu activo total ou parcialmente, pero para as que continúa coa súa xestión fronte aos titulares.

c) Ceda a outra entidade declarante a propiedade e a xestión de operacións que non sexan valores representativos de débeda, sempre que a entidade cedente continúe inscrita no rexistro de entidades do Banco de España co mesmo código con que viña declarando a actividade cedida.

d) Deixe de ser prestamista das operacións porque, como consecuencia dun refinanciamento ou porque o debedor fai unha subrogación do acredor, o novo prestamista pase a ser outra entidade declarante que pertenza ao seu mesmo grupo económico.

8. O Banco de España reenviará os datos do módulo G.2 á entidade declarante con que se vinculan as operacións, logo de solicitude por parte desta para que se lle faciliten os ditos datos por corresponderen a persoas físicas ou xurídicas que cumpren algunha das circunstancias previstas no artigo 61, segundo, da Lei 44/2002. A entidade con que se vinculan as operacións deberá enviar os datos do módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.

C) Datos dinámicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades:

9. O módulo G.3, Datos dinámicos das operacións que se deben comunicar a outras entidades, enviarase para declarar os importes garantidos ao final do mes a que se refiren os datos das operacións declaradas no módulo G.2 por recibir unha garantía financeira ou contraaval dun aval ou caución non financeiro doutra entidade declarante.

10. O Banco de España reenviará os datos do módulo G.3 á entidade que garantise ou contraavalase as operacións desde o momento en que esta comunique no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos, que as garantiu ou contraavalou.

Norma décimo segunda. *Información prudencial complementaria dos riscos.*

A) Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos:

1. O módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos, enviarase cos datos correspondentes ás operacións rexistradas contablemente pola entidade declarante ou as súas sociedades instrumentais residentes en España, excepto os relativos aos préstamos transferidos a terceiros que se desen de baixa integramente do activo.

B) Datos básicos complementarios dos préstamos:

2. O módulo H.2, Datos básicos complementarios dos préstamos, enviarase no mes en que se declaren por vez primeira préstamos cuxo importe se rexistre, total ou parcialmente, no activo, ou en contas de orde por teren sido cualificados como falidos, así como os que se deduzan do pasivo.

No módulo H.2 declararanse os préstamos concedidos e os adquiridos en transferencias ou combinacións de negocios, salvo aqueles cuxo importe se dese de baixa na súa totalidade do balance por telos transferido, aínda que a entidade continúe coa súa xestión. Tamén se declararán os concedidos ás sociedades e fondos de titulización cando a entidade declarante deduza o seu importe do pasivo porque lles transferise operacións que continúe rexistrando no activo, así como os contabilizados nas sociedades instrumentais residentes en España.

C) Datos dinámicos complementarios dos préstamos:

3. O módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos, enviarase para os préstamos declarados individualmente con saldo a final do trimestre, excepto cando estean cualificados como falidos.

4. Os datos dos préstamos transferidos a terceiros en que a entidade continúa coa súa xestión fronte aos titulares, así como os correspondentes aos adquiridos a terceiros aínda que estes continúen coa súa xestión, téñense que declarar no módulo H.3, exclusivamente, polos importes que lle correspondan á entidade declarante.

5. No módulo H.3 tamén se declararán os préstamos contabilizados polas sociedades instrumentais residentes en España, pero non os concedidos ás sociedades e fondos de titulización que a entidade declarante deduza do seu pasivo porque lles transferise operacións que continúe rexistrando no activo.

D) Datos dinámicos complementarios das garantías financeiras e outros compromisos:

6. O módulo H.4, Datos dinámicos complementarios das garantías financeiras e outros compromisos, enviarase para as garantías financeiras e outros compromisos cualificados como risco subestándar ou dubidoso ao final do trimestre a que se refiren os datos.

E) Datos dinámicos de riscos imputados a contrapartes finais distintas das directas:

7. O módulo H.5, Datos dinámicos de riscos imputados a contrapartes finais distintas das directas, enviarase cando a entidade impute nos estados financeiros, conforme a normativa contable, todo ou parte do importe dunha operación a un ou a máis titulares de risco indirecto.

F) Datos dinámicos relativos a requirimentos de recursos propios:

8. O módulo H.6, Datos dinámicos relativos a requirimentos de recursos propios, enviarase cos datos de todas as operacións declaradas á CIR para as que se calculen, de forma individualizada, requirimentos de recursos propios por risco de crédito, incluído o risco de contraparte, e para aquelas cuxo importe se deducise directamente dos recursos propios computables, de acordo co disposto na normativa europea aplicable para o cálculo do coeficiente de recursos propios.

As definicións das dimensións deste módulo son as mesmas que se utilicen na normativa europea aplicable para o cálculo do coeficiente de recursos propios.

9. O módulo H.6 ten as seguintes partes:

- a) Parte 1, Datos para todas as operacións.
- b) Parte 2, Datos adicionais para operacións a que se aplica o método estándar (SA).
- c) Parte 3, Datos adicionais para operacións a que se aplica o método IRB.

10. Cando, no cálculo do coeficiente de recursos propios, o importe dunha operación se distribúa entre varias persoas (titulares dos riscos directos e indirectos ou emisores de instrumentos financeiros que se reciban con garantía real) porque se asigne a máis dunha «categoría da exposición» para efectos do cálculo das exposicións ponderadas por risco

de crédito, no módulo H.6 vincularase o código de cada persoa cos importes e o tratamento da exposición que se lles asigne. Por este motivo, se o importe da exposición se asigna, total ou parcialmente, a persoas distintas da contraparte directa, a esta só se lle imputarán os importes que, se for o caso, se lle asignen despois de aplicar as técnicas de redución do risco de crédito, e a cada unha das restantes persoas, o importe da operación que se lles atribúa.

11. No módulo H.6 declararanse exclusivamente os importes das operacións transferidas, así como os das adquiridas a terceiros que continúen coa súa xestión fronte aos titulares, que lle correspondan á entidade declarante para as que se calculen recursos propios de forma individualizada.

Norma décimo terceira. *Datos das operacións non declaradas individualmente.*

A) Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros:

1. O módulo I.1, Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros, enviarase cos datos agregados dos importes asumidos pola entidade declarante e rexistrados nos seus libros ao final do trimestre de referencia das operacións que non se declaren de forma individualiza á CIR, conforme o disposto na norma segunda, número 3.

2. No módulo I.1, as operacións agregaranse sempre que coincidan todos os valores das dimensións de que se informa.

3. Cando unha operación teña máis dun titular de risco directo, os datos das dimensións relativas a características da contraparte directa serán os que correspondan ao titular que asigne a entidade como contraparte directa para efectos de confeccionar os estados contables.

B) Datos dinámicos dos riscos rexistrados en sucursais no estranxeiro:

4. O módulo I.2, Datos dinámicos dos riscos rexistrados en sucursais no estranxeiro, enviarase con datos agregados dos importes asumidos pola entidade declarante ao final do trimestre de referencia das operacións que non se declaren de forma individualiza á CIR porque estean rexistradas contablemente en sucursais radicadas en países que non permitan a declaración de datos de forma individualizada á CIR.

5. No módulo I.2, as operacións agregaranse sempre que coincidan todos os valores das dimensións de que se informa.

6. Os valores das dimensións relativas á contraparte directa serán os que correspondan ao titular que asigne a entidade como contraparte directa para efectos de confeccionar os estados contables.

7. Os valores das dimensións relativas á contraparte final serán os que correspondan ao titular ou titulares que a entidade cualifique como contrapartes finais das operacións para efectos de confeccionar os estados contables.

Norma décimo cuarta. *Operacións transferidas a terceiros.*

A) Entidades cedentes:

1. As entidades declarantes que transfiran operacións a terceiros (en diante, entidades cedentes), se reteñen a xestión fronte aos titulares, teñen que continuar declarándoas á CIR nos diferentes módulos, coas precisións que, se for o caso, lles sexan aplicables, como se non as transferisen, con independencia de se as manteñen integramente no balance ou as deron de baixa total ou parcialmente conforme a normativa contable aplicable ás transferencias de activos.

Ademais, as entidades cedentes teñen que comunicar a transferencia no módulo F, Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros, conforme o sinalado na norma décima. Se a entidade adquirente é outra entidade declarante, a entidade cedente tamén deberá comunicar os datos do módulo G.2, Datos básicos das

operacións que se deben comunicar a outras entidades, conforme o sinalado na norma décimo primeira, letra B).

Os datos dinámicos dos riscos directos e indirectos declararanos as entidades cedentes nos módulos C.1 e C.2, asignando os importes á propia entidade declarante ou aos cesionarios, conforme o sinalado na norma sétima.

As entidades cedentes declararán nos módulos H, Información prudencial complementaria dos riscos, e I, Datos das operacións non declaradas individualmente, unicamente os importes das operacións que non desen de baixa do activo por telas transferido a terceiros.

2. As entidades que realizasen titulizacións tradicionais declararán nos módulos B, Datos básicos das operacións e das relacións coas persoas, e C.1, Datos dinámicos dos riscos directos, os valores representativos de débeda da súa propiedade emitidos polas sociedades ou fondos de titulización a que transferisen operacións, así como os préstamos que lles facilitasen, aínda que conforme a normativa contable os deducisen do pasivo en lugar de rexistralos no activo.

B) Entidades adquirentes:

3. As entidades declarantes que adquirisen préstamos a outras entidades que continúen coa súa xestión fronte aos titulares actuarán da seguinte forma:

a) Se a entidade cedente declara á CIR, a entidade adquirente deberá relacionar no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos, os códigos que asigne ás operacións cos códigos que utilice para elas a entidade cedente, así como declarar os datos dos módulos H, Información prudencial complementaria dos riscos, e I, Datos das operacións non declaradas individualmente, coa información relativa ao risco que asumise nas operacións, pero non terá que declarar os datos dos módulos A, B, C, D e E, relativos ás operacións adquiridas e persoas que interveñen nelas.

b) Se a entidade cedente non declara á CIR, a entidade adquirente declarará todos os módulos como se ela tivese a xestión directa do risco. Os importes que se declaren nos diferentes módulos serán os que correspondan ao risco que asuma a entidade nas operacións.

4. Cando as entidades cedente e adquirente sexan declarantes á CIR, o Banco de España reenviará mensualmente á entidade adquirente os datos das partes 1 e 4 do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos, e a parte 2 do módulo C.2, Datos dinámicos dos riscos indirectos, que declarase a entidade cedente para as operacións que lle transferise.

Norma décimo quinta. *Combinacións de negocios.*

1. As entidades que adquiran operacións como consecuencia dunha fusión, traspaso da actividade financeira ou outra combinación de negocios realizada con outras entidades declarantes relacionarán no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos, os códigos que asignen ás operacións que adquirisen cos códigos utilizados para elas polas entidades cedentes, pero non teñen que declarar, no momento da adquisición, os datos dos módulos A, B, D e E, relativos ás operacións adquiridas e persoas que interveñen nelas, sen prexuízo de que realicen as actualizacións que, se for o caso, procedan.

2. As entidades que adquiran operacións nunha combinación de negocios a outras entidades declarantes que continúen inscritas co mesmo código no rexistro de entidades do Banco de España poden solicitar, xunto coa entidade cedente, que se lles autorice a que esta última continúe declarando transitoriamente as operacións mentres manteña a súa xestión informática como se non as cedese. No mes en que a entidade adquirente comece para declarar as operacións, a entidade cedente daraas de baixa no módulo B.2, Datos básicos das operacións.

CAPÍTULO TERCEIRO

Uso e cesión de datos da CIR

Norma décimo sexta. *Uso da CIR polas entidades declarantes.*

1. A CIR facilitará ás entidades declarantes a seguinte información:

a) Mensualmente, remitirá a cada entidade declarante os datos que se inclúen como anexo 3, sen identificar as entidades que declarasen os datos, coa información consolidada de todo o sistema correspondente aos titulares con que a entidade declarante teña, ao final do mes a que se refiran os datos, un risco acumulado, segundo se define na norma terceira, número 5, igual ou superior a 9.000 euros.

As operacións agregaranse sempre que coincidan todos os valores das dimensións de que se informa, e indicárase a natureza en que intervén o titular nas diferentes operacións, así como os importes de que el responda. Estes facilitaranse en miles de euros arredondados, coa equidistancia á alza.

Con obxecto de imputar aos titulares exclusivamente o risco de crédito consolidado que efectivamente mantén todo o sistema con eles, na elaboración dos informes de riscos aplicaranse os seguintes criterios:

1. Non se incluírán as garantías financeiras nin os avais e caucións non financeiros prestados ante entidades declarantes.

2. Informárase só unha vez do importe das garantías financeiras e dos avais e caucións non financeiros prestados solidariamente por varias entidades declarantes.

3. Incluíranse como risco das empresas as operacións declaradas a nome das súas sucursais. Porén, nos informes de riscos das sucursais só se incluírán as operacións declaradas ao seu nome.

b) Logo de solicitude en que consten o nome do titular e o seu código de identificación, o Banco de España proporcionará información de calquera titular que solicitase unha operación de risco ou que figure como obrigado ao pagamento ou garante nos documentos cambiarios ou de crédito cuxa adquisición ou negociación fose solicitada á entidade. As entidades declarantes unicamente poderán tratar a información que lles facilite o Banco de España para a valoración do risco relacionado coas operacións que xustifican a solicitude do informe, e non poderán empregar os datos para ningunha outra finalidade.

Os datos que se facilitarán serán os indicados na letra a) anterior correspondentes á última declaración mensual cerrada e á declaración cerrada seis meses antes.

Cando sexa o titular quen solicite a operación de risco á entidade declarante, para que esta poida pedir á CIR os seus datos e, se for o caso, os de calquera garante, será suficiente que na solicitude, ou nun documento adicional, que asinen o solicitante e, cando proceda, o garante cuxos datos se queren solicitar, conste unha cláusula en que se informe do dereito da entidade a consultalos.

Cando se ofrezca á entidade declarante a adquisición ou negociación de documentos cambiarios ou de crédito, para que esta poida pedir á CIR os datos dos obrigados ao pagamento ou garantes dos ditos documentos, serán suficientes a solicitude de cesión e a fotocopia daqueles.

Para estes efectos, a sinatura electrónica será admisible nos termos previstos na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, así como na restante normativa reguladora da súa eficacia.

As entidades conservarán os xustificantes das solicitudes de datos á CIR motivadas por operacións que fosen denegadas durante o prazo de seis anos establecido con carácter xeral no artigo 30 do Código de comercio.

Co fin de asegurar o correcto cumprimento do disposto no parágrafo anterior, o Banco de España poderá solicitar ás entidades declarantes a remisión dos citados xustificantes, así como requirirles a implantación dos procedementos e controis necesarios para tal efecto, sen prexuízo das competencias de inspección e, se for o caso, sanción da Axencia Española de Protección de Datos, tal e como establece o artigo 67 da Lei 44/2002.

Nas solicitudes de informes sobre titulares non residentes en España, se a entidade peticionaria descoñece o seu código de identificación, deberá achegar, xunto coa solicitude, a información exixida no módulo A.2, Solicitude de código de identificación de persoas non residentes, para a identificación de titulares de riscos declarables á CIR.

c) Tan pronto como reciba declaracións complementarias con rectificacións ou cancelacións de datos previamente declarados, comunicará os datos corrixidos ás entidades ás que previamente lles cedese os erróneos.

2. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito e as sociedades de reafianzamento poderán solicitar que o Banco de España lles envíe os informes de riscos dos titulares de operacións en que figuren como titulares de riscos indirectos.

3. Non obstante o anterior, e de conformidade co disposto no artigo 61, número cuarto, da Lei 44/2002, a CIR non facilitará ás entidades declarantes os datos dos titulares de riscos, directos e indirectos, nin das súas operacións, que, de acordo co disposto nas normas terceira, número 5, e cuarta, número 6, desta circular, se declaran ao Banco de España exclusivamente coa finalidade prevista no artigo 60, número cuarto, letra a), da dita lei.

4. Todas as solicitudes e comunicacións de informes de riscos entre as entidades declarantes e a CIR se realizarán por vía telemática, de conformidade coas especificacións técnicas que se comuniquen para o efecto.

5. A información que remite o Banco de España ás entidades declarantes ten carácter confidencial e só poderá ser usada ou cedida conforme o disposto no artigo 62 da Lei 44/2002 e na normativa de protección de datos de carácter persoal.

Norma décimo sétima. *Cesión de datos á Central de Información de Riscos das Entidades Locais.*

1. O Banco de España enviará á Central de Información de Riscos das Entidades Locais a seguinte información declarada a nome de titulares de riscos, directos e indirectos, que pertencen aos sectores administracións locais españolas ou sexan entidades dependentes desas administracións: datos que identifican as persoas, datos básicos das operacións e das relacións coas persoas, datos dinámicos das operacións en que interveñan, datos sobre tipos de xuro e datos básicos que vinculan códigos. Adicionalmente, tamén enviará os datos que relacionan os titulares coas entidades que integran o sector público da Administración local española.

2. Os datos dos módulos non periódicos enviaranse ao peche do proceso do mes en que se declare a súa alta ou actualización, e os datos dinámicos das operacións, mensualmente ao peche de cada proceso.

Norma décimo oitava. *Cesión de datos a outras centrais de riscos.*

O Banco de España cederá datos da CIR aos organismos ou entidades de carácter público que cumpran funcións semellantes ás da CIR nun Estado membro da Unión Europea, así como ás entidades declarantes ou membros daqueles, nos termos dos acordos, ou memorandos de entendemento, asinados ao abeiro do artigo 63 da Lei 44/2002.

CAPÍTULO CUARTO

Dereitos dos titulares

Norma décimo novena. *Dereito de acceso dos titulares.*

1. Conforme o disposto no artigo 65, primeiro, da Lei 44/2002, calquera persoa, física ou xurídica, que figure como titular dun risco declarable á CIR poderá acceder a toda a información que o afecte, salvo a aqueles datos que, de acordo co disposto nas normas terceira, número 5, e cuarta, número 6, desta circular, fosen facilitados ao Banco de España exclusivamente coa finalidade prevista no artigo 60, número cuarto, letra a), da Lei 44/2002. Cando todos os datos dun titular fosen achegados á CIR exclusivamente en cumprimento das obrigacións de información establecidas nas citadas normas, no informe de riscos indicárase unicamente o nome da entidade declarante que declarou os riscos, co fin de que o titular poida exercer o dereito de acceso ante ela.

Nos demais supostos, e co obxecto de facilitar a comprensión dos datos a que se refire o parágrafo anterior, o Banco de España entregará aos titulares dous informes de riscos referidos á última data con datos dispoñibles. Nun, incluírase a mesma información que se facilita ás entidades declarantes ao final de cada proceso mensual e, no outro, desagregarase a dita información operación a operación, indicando o nome da entidade declarante e expresando os importes en unidades de euro.

Adicionalmente, as persoas físicas poderán solicitar o nome e o enderezo dos cesionarios aos cales a CIR comunicou os seus datos durante os últimos seis meses, xunto coa información cedida en cada caso.

2. O dereito de acceso aos datos da CIR poderase exercer telematicamente a través da Oficina Virtual do Banco de España; o único requisito imprescindible para isto é dispor de sinatura dixital admitida polo Banco de España.

3. O dereito de acceso aos datos da CIR tamén poderá ser exercido polos titulares ou os seus representantes persoalmente ante a propia CIR ou ante calquera sucursal do Banco de España, ou enviando unha solicitude asinada por algunha das ditas persoas á CIR (Banco de España, calle de Alcalá, 48 – 28014 Madrid). En todo caso, será requisito indispensable que o interesado se identifique suficientemente, facilitando a seguinte información e documentación:

a) Se se trata de persoas físicas:

1. Nome e apelidos completos do titular.
2. Documento nacional de identidade (DNI), pasaporte ou outro documento válido que identifique o titular e, se for o caso, número de identificación fiscal (NIF) ou número de identificación de estranxeiro (NIE).
3. DNI, pasaporte ou documento válido que identifique o representante do titular que solicite os seus datos, así como un documento en que se acredite fidedignamente o seu dereito a obter a información no seu nome.
4. Domicilio para efectos de notificación dos datos. Con carácter xeral, debería coincidir co domicilio particular.
5. Teléfono de contacto para incidencias.

b) Se se trata de persoas xurídicas:

1. Denominación social completa do titular.
2. NIF do titular, cando o teña asignado.
3. DNI, pasaporte ou outro documento válido que identifique o representante do titular, así como o poder ou outro documento público que acredite, a xuízo da CIR, o seu dereito a obter a información no seu nome.
4. Domicilio da persoa xurídica para efectos de notificación. Con carácter xeral, debería coincidir co seu domicilio social ou aquel en que estean efectivamente centralizadas a xestión e a dirección das ocupacións e negocios do titular.
5. Teléfono de contacto para incidencias.

Cando a solicitude dos informes se realice por correo, deberase remitir, xunto coa solicitude debidamente asinada, copia de ambas as caras dos documentos citados nos anteriores parágrafos.

Os datos solicitados serán subministrados pola CIR no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción da solicitude no Banco de España.

Norma vixésima. *Dereito de rectificación ou cancelación.*

1. Se o titular considera que os datos declarados á CIR ao seu nome son inexactos ou incompletos, poderase dirixir directamente á entidade ou entidades declarantes para requirir a súa rectificación ou cancelación, ou solicitar ao Banco de España que tramite a súa reclamación, para o cal deberá identificar os datos que considera erróneos, así como xustificar por escrito as razóns e o alcance da súa petición.

2. A solicitude de rectificación ou cancelación ante o Banco de España pódese realizar telematicamente a través da Oficina Virtual, persoalmente na propia CIR ou en calquera sucursal do Banco de España, ou enviarse por escrito á CIR; os requisitos de identificación e sinatura de solicitude son os mencionados na norma décimo novena.

O Banco de España dará traslado inmediato das solicitudes de rectificación ou cancelación á entidade ou entidades declarantes dos datos supostamente inexactos ou incompletos. En canto as entidades declarantes dan resposta á solicitude de rectificación ou cancelación presentada a través do Banco de España, a CIR suspenderá a cesión a terceiros dos datos sobre os que verse a solicitude, así como dos congruentes con eles que consten nos seus ficheiros consecuencia de declaracións anteriores e posteriores.

3. As entidades deberán contestar ao titular e, se for o caso, á CIR (cando a reclamación se tramitase a través do Banco de España) no prazo máximo de 15 días hábiles se o reclamante é unha persoa física, ou de 20 días hábiles se se trata dunha persoa xurídica. O prazo contarase desde a recepción da reclamación en calquera das oficinas da entidade.

Se a entidade accede ao solicitado polo reclamante, deberá enviar de inmediato á CIR unha declaración complementaria coas rectificacións ou cancelacións de todos os datos declarados erroneamente. A CIR, pola súa vez, procesará as rectificacións comunicadas polas entidades, desbloqueará a cesión de datos e comunicará os datos corrixidos ás entidades ás cales previamente lles cedese os erróneos. Se, polo contrario, a entidade se ratifica na súa declaración, deberá xustificar os motivos da súa decisión. Neste último caso, a CIR prorrogará a suspensión da cesión dos datos controvertidos durante dous meses máis, salvo que o titular admita a xustificación dada pola entidade, caso en que se desbloquearán inmediatamente.

4. As persoas físicas poderán formular contra as entidades declarantes a reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos a que se refire o artigo 18 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, cando aquelas non accedan á rectificación ou cancelación solicitada polo afectado, ou non fose contestada a súa solicitude dentro do prazo previsto para o efecto.

5. A suspensión da cesión de datos a terceiros tamén procederá, co mesmo alcance sinalado no segundo parágrafo do número 2 desta norma, cando se acredite ante o Banco de España a admisión a trámite de calquera acción xudicial que se dirixa a declarar a inexactitude dos datos declarados ou cando a Axencia Española de Protección de Datos lle comunique que recibiu unha reclamación. En ambos os casos, o Banco de España informará da suspensión aos terceiros a que, durante os seis meses anteriores á data daquela, se cedesen os datos afectados e congruentes con eles. A suspensión da cesión dos datos sobre os que verse a acción xudicial ou a reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos manterase até que o Banco de España teña constancia da sentenza firme ou resolución acordada pola Axencia Española de Protección de Datos.

6. As decisións tomadas polas autoridades xudiciais e pola Axencia Española de Protección de Datos serán de obrigado cumprimento para as entidades declarantes, que deberán, se for o caso, realizar inmediatamente declaracións complementarias á CIR coas rectificacións ou cancelacións dos datos en cuestión, así como dos congruentes con

eles que se conteñan noutras declaracións realizadas á CIR, todo isto conforme o alcance da correspondente sentenza ou resolución. As ditas sentenzas ou resolucións teranse en conta nas sucesivas declaracións que se remitan. A CIR, unha vez recibidos os datos correctos, procesará as rectificacións comunicadas polas entidades, desbloqueará a cesión dos datos e comunicará a nova situación ás entidades ás cales previamente cedese datos erróneos.

Disposición adicional única.

1. O módulo A.1, Datos que identifican as persoas, da presente circular tamén se utilizará para declarar os datos de persoas que se soliciten en calquera estado ou información requiridos por outras circulares do Banco de España, de acordo coas especificacións técnicas que se publiquen para tal efecto.

2. O módulo A.2, Solicitud de código de identificación de persoas non residentes en España, da presente circular tamén se utilizará para solicitar o código de identificación persoal dos non residentes cando este sexa necesario para declarar os seus datos en calquera estado ou información requiridos por outras circulares do Banco de España, de acordo coas especificacións técnicas que se publiquen para tal efecto.

3. O módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos, da presente circular tamén se utilizará para relacionar códigos declarados en calquera estado ou información requiridos por outras circulares do Banco de España, de acordo coas especificacións técnicas que se publiquen para tal efecto.

Disposición transitoria primeira.

1. As entidades declarantes continuarán declarando á CIR conforme o disposto na Circular do Banco de España n.º 3/1995, do 25 de setembro, até o peche da declaración relativa aos datos de marzo de 2015 inclusive, con independencia de que tamén teñan que comezar a declarar os datos, segundo o disposto na presente circular, desde os prazos que se indican no seguinte punto.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os datos dos novos titulares de riscos, directos e indirectos, que se teñan que enviar desde a declaración correspondente ao 31 de decembro de 2013 inclusive declararanse conforme o disposto na norma quinta, letra A), da presente circular, con independencia de que os seus riscos se continúen declarando de acordo coa Circular n.º 3/1995. Excepcionalmente, os datos dos novos titulares que se deben declarar na declaración correspondente a decembro de 2013 comunicaranse ao Banco de España desde xaneiro de 2014.

A solicitude ao Banco de España do código de identificación das persoas non residentes en España continuarase realizando, conforme o procedemento aplicable segundo o disposto na Circular n.º 3/1995, até a declaración correspondente a datos do 30 de setembro de 2014 inclusive. A declaración correspondente ao 31 de outubro de 2014 comezarse a realizar conforme o disposto na norma quinta, letra B), da presente circular.

2. Sen prexuízo do sinalado no número anterior para os datos dos titulares, a primeira declaración de datos á CIR conforme o disposto na presente circular será a correspondente aos datos do 31 de outubro de 2014, salvo os relativos aos módulos que se indican nas seguintes letras, cuxos primeiros datos se enviarán conforme o seguinte calendario:

a) Os módulos H.1 a H.5, desde os datos correspondentes ao 31 de marzo de 2015 inclusive, que excepcionalmente se poderán enviar até o 20 de maio de 2015.

b) Os módulos D, E e I, desde os datos correspondentes ao 30 de setembro de 2015 inclusive.

c) O módulo H.6, desde os datos correspondentes ao 31 de decembro de 2015 inclusive.

3. A declaración á CIR dos datos básicos que establece a presente circular correspondentes ás persoas e operacións declarables en 31 de outubro de 2014 farase conforme o disposto nas seguintes letras:

a) Os datos dos módulos A das persoas declarables en 31 de outubro de 2014 correspondentes a persoas declaradas á CIR antes do 31 de decembro de 2013 enviaranse desde xaneiro de 2014.

Cando a entidade non dispoña dos novos datos que se solicitan para as persoas nos módulos A e estas non llos faciliten antes da súa remisión ao Banco de España, non se declarará o dato. A entidade non necesitará solicitar os datos que lle falten das persoas cando todas as súas operacións venzan antes do 31 de marzo de 2015 e non se preveza que existan problemas para a súa cancelación nas datas de vencemento.

b) Os datos dos módulos B, F, G.1 e G.2 correspondentes ás operacións con risco declarable en 31 de outubro de 2014 declaradas en meses anteriores enviaranse desde o 1 de setembro de 2014 até o 5 de novembro de 2014 inclusive.

c) Os datos dos módulos H.1 e H.2 correspondentes ás operacións con riscos declarables en 31 de marzo de 2015 declaradas en meses anteriores enviaranse desde o 1 de abril de 2015 até o 20 de maio de 2015 inclusive.

d) Os datos dos módulos D.1, D.2, D.3 e E correspondentes ás operacións con risco declarable en 30 de setembro de 2015 declaradas en meses anteriores enviaranse desde o 1 de setembro de 2015 até o 5 de outubro de 2015 inclusive.

Cando a entidade non poida obter algún dos datos do módulo D.2 para garantías formalizadas antes do 1 de xaneiro de 2014, porque non fose exixible na normativa aplicable e non o teña no seu expediente nin o poida obter facilmente, poderá indicar «Carga inicial. Dato non dispoñible» na dimensión para a que non poida facilitar o dato.

4. Os datos dos módulos da CIR correspondentes ás operacións vivas en 31 de outubro de 2014 declararanse integramente, coas seguintes precisións:

a) No módulo G.1 non se vincularán as operacións vivas en 31 de outubro de 2014 coas operacións concedidas pola propia entidade declarante ou outras entidades que non estean vivas na dita data.

b) As operacións vivas en 31 de outubro de 2014 que fosen subrogadas até esa data inclusive declararanse co valor «Carga inicial» na dimensión «Orixe da operación» da parte 2 do módulo B.2. Este mesmo valor pódese utilizar para declarar o resto das operacións, sempre que a entidade declarante non poida asignalo aos outros valores.

c) As operacións vivas en 31 de outubro de 2014 declararanse na dimensión «Novacións e refinanciamentos» da parte 2 do módulo B.2 co valor «Carga inicial. Refinanciamentos e reestruturacións», cando a operación cumpra a definición de refinanciamento, refinanciada ou reestruturada, e co valor «Carga inicial. Resto das operacións» nos demais casos.

d) Os datos da parte 3 do módulo C.1 non se declararán na declaración do dito módulo correspondente a datos do 31 de outubro de 2014.

e) No módulo E, o importe das comisións que compensan custos directos relacionados comezarse a declarar para as operacións que se formalicen desde o 1 de novembro de 2014.

Disposición transitoria segunda.

1. Os primeiros estados que se deben remitir ao Banco de España dos introducidos ou modificados pola disposición derradeira primeira da presente circular na Circular do Banco de España n.º 4/2004, do 22 de decembro, ás entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, serán:

a) Para os estados M.10, A.2 e C.23, os correspondentes a datos do 31 de decembro de 2013. O estado M.10, excepcionalmente, poderase enviar até o 10 de febreiro de 2014.

b) Para o estado T.22, os correspondentes a datos do 31 de marzo de 2015.

c) Para os estados M.11, T.19.1 a 3, e T.20, os correspondentes a datos do 30 de setembro de 2015.

d) Para o estado T.19.4, os correspondentes a datos do 31 de decembro de 2015.

2. Na primeira declaración dos estados M.11 e T.19-2 da Circular 4/2004 enviaranse os datos de todos os activos e instrumentos derivados con saldo vivo en 30 de setembro de 2015.

Cando a entidade non poida obter algún dos datos do estado M.11 para os activos recibidos antes do 1 de xaneiro de 2014, porque non fose exixible na normativa aplicable e non o teña no seu expediente nin o poida obter facilmente, poderá indicar «Carga inicial. Dato non dispoñible» na columna para a que non poida facilitar o dato.

3. O novo estado S.11, excepcionalmente, tamén se enviará cos datos relativos ao 31 de decembro de 2012. Esta información, así como a correspondente ao 30 de xuño de 2013, poderase remitir até o 20 de outubro de 2013.

4. A adaptación do rexistro contable especial de operacións hipotecarias ás modificacións realizadas pola presente circular na Circular 4/2004 deberá estar terminada antes do 30 de setembro de 2015. Cando a entidade non poida obter algún dos datos das epígrafes «Garantía hipotecaria» e «Datos das taxacións» para as garantías formalizadas antes do 1 de xaneiro de 2014, porque non fose exixible na normativa aplicable e non o teña no seu expediente nin o poida obter facilmente, poderá indicar «Carga inicial. Dato non dispoñible» na dimensión para a que non dispoña do dato. Os datos da epígrafe «Características do inmovible» do rexistro só serán obrigatorios para as garantías que se formalicen desde o 1 de xaneiro de 2014.

5. A adaptación da información relativa a activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas á modificación realizada pola presente circular na norma septuaxésimo segunda da Circular 4/2004 deberá estar terminada antes do 30 de setembro de 2015. Cando a entidade non poida obter algún dos datos para os activos recibidos antes do 1 de xaneiro de 2014, porque non fose exixible na normativa aplicable e non o teña no seu expediente nin o poida obter facilmente, poderá indicar «Carga inicial. Dato non dispoñible» na dimensión para a que non dispoña do dato.

Disposición derogatoria.

A presente circular derroga a Circular do Banco de España n.º 3/1995, do 25 de setembro, sobre a Central de Información de Riscos.

Disposición derradeira primeira.

Introdúcense as seguintes modificacións na Circular do Banco de España n.º 4/2004, do 22 de decembro, ás entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros:

1. Na norma sexaxésimo sexta, Sectorización de saldos persoais segundo titulares, introdúcense as seguintes modificacións:

a) Substitúese o número 1 polo seguinte texto:

«1. As entidades de crédito incluírán nas súas bases de datos, como mínimo, todos os atributos das persoas e operacións con saldos debedores ou acredores necesarios para elaborar os estados contables e estatísticos, así como as demais informacións que deban facilitar ao Banco de España.

O esquema de sectorización mínima na base de datos das persoas será o que se inclúe no anexo VIII.1.

Nas operacións, calquera que sexa a súa natureza, que supoñan risco de crédito para a entidade, cando teñan varios titulares de risco directo solidarios, para efectos da asignación dos seus atributos na confección dos estados contables e estatísticos, considerarase como contraparte directa o titular ao cal a entidade

considere como determinante ou máis relevante para a concesión da operación de entre todos os titulares directos. Este criterio tamén se aplicará cando haxa varias contrapartes finais solidarias.

Para os débitos representados por valores negociables levarase rexistro, ao menos, dos primeiros adquirentes.»

- b) O terceiro parágrafo do número 5 queda redactado como segue:

«Os organismos internacionais e supranacionais, distintos dos bancos multilaterais de desenvolvemento, clasificaranse no sector administracións públicas, excepto o «Mecanismo Europeo de Estabilidade», que se clasificará no sector «Outros intermediarios financeiros». Estes organismos non se asignarán a ningún país concreto, sen prexuízo de que nos estados reservados os organismos da Unión Europea se clasifiquen como residentes en países da Unión Europea non membros da Unión Económica e Monetaria, excepto o Mecanismo Europeo de Estabilidade, que se clasificará como residente na Unión Económica e Monetaria. Os restantes organismos internacionais clasificaranse como pertencentes ao resto do mundo.»

2. Na norma sexaxésimo sétima, Estados reservados individuais das entidades de depósito, introdúcense as seguintes modificacións:

a) No cadro do número 1 engádense os seguintes estados: M.10, Detalle de valores, con periodicidade mensual e prazo máximo de presentación o día 10 do mes seguinte; M.11, Datos básicos de activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, con periodicidade mensual e prazo máximo de presentación o día 25 do mes seguinte; M.12, Derivados financeiros e de crédito. Detalle de operacións realizadas, variacións de prezo e valores razoables. Información mensual (negocios en España), con periodicidade mensual e prazo máximo de presentación a fin do mes seguinte; M.13, Custo do financiamento captado no mes (negocios en España), con periodicidade mensual e prazo máximo de presentación o día 15 do mes seguinte; os estados T.19, Datos de instrumentos derivados, T.20, Datos dinámicos de inmobles adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, e T.22, Detalle complementario de valores, todos eles con periodicidade trimestral e prazo máximo de presentación o día 25 do mes seguinte; e o estado S.11, Información sobre a entrega de vivendas adxudicadas ou recibidas en pagamento de débedas procedentes de operacións de crédito aos fogares para adquisición de vivenda (negocios en España), con periodicidade semestral e prazo máximo de presentación o día 20 do mes seguinte. Así mesmo, o estado T.6 pasa a denominarse T.6, Derivados financeiros e de crédito. Detalle de operacións realizadas, variacións de prezo e valores razoables. Información trimestral (negocios en España).

- b) No número 1 substitúese o segundo parágrafo polo seguinte texto:

«As entidades de crédito que non formen parte dun grupo consolidable de entidades de crédito español, sempre que formen parte dun grupo económico, tamén enviarán trimestralmente o estado C.5 no formato do anexo V, antes do día 10 do segundo mes seguinte á data a que corresponda, incluíndo exclusivamente a información da entidade dominante cabeceira do grupo económico de que formen parte e das entidades a través das cales esta teña a participación no seu capital.

As entidades a que se refire o parágrafo anterior, así como as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras, tamén enviarán trimestralmente o detalle dos recursos de clientes fóra de balance, no formato do estado C.8 do anexo V, antes do día 10 do segundo mes seguinte á data a que corresponda.»

c) Suprímese o número 13, o número 14 pasa a ser o 17 e engádense os números 13 a 16, co seguinte texto:

«13. Nos estados M.10-2 e T.22-1 incluírase información dos valores representativos de débeda propiedade da entidade cando, ao final do mes a que se refiran os datos, o seu valor contable (excluídos os axustes por valoración) acumulado sexa igual ou superior a 10 millóns de euros.

Nos estados M.10-3 e T.22-2 incluírase información dos instrumentos de patrimonio propiedade da entidade cando, ao final do mes a que se refiran os datos, o seu valor contable (excluídos os axustes por valoración) acumulado sexa igual ou superior a 10 millóns de euros.

Cando se envíen ao Banco de España os estados M.10-2 e M.10-3, tamén se incluírán os valores para os que se cobrasen xuros ou dividendos, ou efectuasen saneamentos ou –só para o estado M.10-3– vendas no mes, aínda que a entidade non teña rexistrado no activo ningún importe para eles a fin de mes.

No estado M.10-4 incluírase información dos valores para os que a entidade teña importes adquiridos ou cedidos temporalmente, recibidos en préstamo, prestados, entregados ou recibidos en garantía de préstamos de valores, ou manteña posicións curtas cando, ao final do mes a que se refiran os datos, o seu importe nominal acumulado sexa igual ou superior a 10 millóns de euros.

14. O estado M.11 tense que enviar cos datos básicos de todos os inmobles e instrumentos de capital non cotizados nun mercado activo que se adquirisen para a cancelación, total ou parcial, dunha ou máis operacións rexistradas contablemente nos libros da entidade de crédito ou das súas sociedades instrumentais españolas, con independencia de como se adquirise a propiedade e da partida de balance en que estean rexistrados contablemente, excepto os clasificados como activo material de uso propio, cando o seu valor bruto contable acumulado sexa igual ou superior a 10 millóns de euros. Neste estado informarase de todos os activos da dita natureza, mesmo dos que estean rexistrados contablemente noutras entidades do mesmo grupo económico.

Os datos do estado M.11, en lugar de enviarse integramente cada mes, actualizaranse mensualmente para incorporar exclusivamente as adquisicións de activos e modificacións de datos que, se for o caso, se produzan no mes.

O estado T.20 tense que enviar con información dinámica dos inmobles declarados no estado M.11.

15. Os estados M.12, T.6 e T.19 inclúen todos os instrumentos financeiros que cumpran a definición de derivado, mesmo os derivados implícitos segregados para efectos contables dos instrumentos financeiros híbridos, con independencia de se o seu valor razoable é positivo ou negativo para a entidade e de se se contrataron nun mercado organizado.

O estado M.12 enviarano aquelas entidades que, ao final do mes a que se refiren os datos, teñan derivados cuxo importe nocional acumulado sexa igual ou superior a 150.000 millóns de euros.

Os estados T.6 e T.19 enviaranos as entidades cando, ao final do trimestre a que se refiran os datos, o seu importe nocional acumulado sexa igual ou superior a 10 millóns de euros.

16. O Banco de España poderá requirir ás entidades que non superen en 31 de decembro de 2013 os limiares que se establecen nos números anteriores para enviar os estados M.10, M.12, T.6, T.11 e T.12, en 31 de marzo de 2015 os limiares para enviar o estado T.22, e en 30 de setembro de 2015 os limiares para enviar os estados M.11, T.19 e T.20, que se presenten todos ou algúns dos ditos estados, coa periodicidade e o prazo máximo de presentación establecidos con carácter xeral. O requirimento efectuarase por escrito, cunha antelación mínima de tres meses antes do primeiro envío, atendendo ás circunstancias particulares das entidades, en especial ao seu perfil de risco e ao importe que represente a actividade que se debe declarar en relación co seu tamaño.

As entidades que veñan presentando todos ou algún dos citados estados continuarán remitíndoos cando o seu importe descenda por debaixo do limiar para

a súa remisión até que o Banco de España lles comunique por escrito que non teñen que envalos obrigatoriamente.

As entidades que alcancen por primeira vez o limiar para presentar os ditos estados con posterioridade ás datas indicadas no primeiro parágrafo deste punto non os terán que enviar mentres o Banco de España non lles comunique por escrito, cunha antelación mínima de tres meses, que os deben remitir.

As entidades, aínda que non teñan a obrigaón de enviar os estados anteriores ao Banco de España, deberán dispor na súa base de datos, como mínimo, desa información.»

3. Na norma sexaxésimo oitava, Estados reservados individuais dos establecementos financeiros de crédito, realízanse as seguintes modificacións:

a) No cadro do número 1 engádense os seguintes estados: M.10, Detalle de valores, con periodicidade mensual e prazo máximo de presentación o día 10 do mes seguinte; M.11, Datos básicos de activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, con periodicidade mensual e prazo máximo de presentación o día 25 do mes seguinte; os estados T.19, Datos de instrumentos derivados, T.20, Datos dinámicos de inmobles adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, e T.22, Detalle complementario de valores, todos eles con periodicidade trimestral e prazo máximo de presentación o día 25 do mes seguinte; e o estado S.11, Información sobre a entrega de vivendas adxudicadas ou recibidas en pagamento de débedas procedentes de operacións de crédito aos fogares para adquisición de vivenda (negocios en España), con periodicidade semestral e prazo máximo de presentación o día 20 do mes seguinte.

b) O segundo parágrafo do número 1 substitúese polo seguinte texto:

«Os establecementos financeiros de crédito que non formen parte dun grupo consolidable de entidades de crédito español, sempre que formen parte dun grupo económico, tamén enviarán trimestralmente o estado C.5 no formato do anexo V, antes do día 10 do segundo mes seguinte á data a que correspondan, incluíndo exclusivamente a información da entidade dominante cabeceira do grupo económico de que formen parte e das entidades a través das cales esta teña a participación no seu capital.»

c) O primeiro parágrafo do número 2 substitúese polo seguinte texto:

«Na confección dos estados financeiros, ademais do sinalado na norma sexaxésimo sétima para os diferentes estados, teranse en conta as seguintes regras específicas:»

4. Na norma sexaxésimo novena, Estados reservados dos grupos consolidables de entidades de crédito, realízanse as seguintes modificacións:

a) No cadro do número 1 engádese o estado C.23, Detalle de valores con código ISIN, con periodicidade trimestral.

b) O número 9 pasa a ser o 10 e engádese un novo número 9, co seguinte texto:

«9. No estado C.23 enviaranse os datos, valor a valor, dos valores propiedade das entidades que formen parte do grupo consolidable de entidades de crédito que non envíen o estado M.10, calquera que sexa o seu país de residencia e a súa actividade. Entre os datos comunicaranse os valores propiedade das entidades emitidos por outras entidades do mesmo grupo.

Este estado só o remitirán as entidades ás cales o Banco de España lles comunique por escrito que o Consello de Goberno do Banco Central Europeo decidiu que deben facilitar os datos porque cumpren algún dos criterios que establece o artigo 2, número 4, do Regulamento (UE) n.º 1011/2012 do Banco

Central Europeo, do 17 de outubro, relativo ás estatísticas sobre carteiras de valores.

As entidades ás cales se lles comunique que deben enviar este estado comezarán a remitilo, como máis tarde, seis meses despois da data da notificación, e deberán continuar enviándoo mentres o Banco de España non lles comunique por escrito que xa non o teñen que enviar.»

5. Na norma septuaxésimo primeira, Estados reservados relativos aos requirimentos estatísticos da Unión Económica e Monetaria, o inciso i) da letra b) do número 2 queda redactado como segue:

«i) O sector non residentes en España subdivídese en residentes noutros países da Unión Económica e Monetaria (UEM), residentes en países da Unión Europea (UE) non UEM e residentes en países non membros da UE. A asignación a estes subsectores realizarase aplicando criterios equivalentes aos establecidos no número 3 da norma sexaxésimo sexta para os residentes en España.»

6. Na norma septuaxésimo segunda, Desenvolvemento contable interno e control de xestión, engádese un novo número 14, co seguinte texto:

«14. As entidades, excepto as sucursais de entidades de crédito estranxeiras cuxa sede central se encontre nun Estado membro do Espazo Económico Europeo, que teñan activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, aínda que non estean obrigadas a remitir ao Banco de España os estados M.11 e T.20, deberán dispor na súa base de datos, como mínimo, da información que se exige para confeccionar os ditos estados e a que se inclúe para os inmobles no anexo da Circular 8/2012, do 21 de decembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre bases de datos de activos transferibles ás sociedades previstas no capítulo II da Lei 8/2012, do 30 de outubro, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro.»

7. Introdúcense as seguintes modificacións nos anexos IV, V e VII:

a) No estado M.1-2, Balance reservado. Informacións complementarias ao balance, as partidas «2.1.1, 2.2.1, 3.2.1 e 3.3.1 Residentes noutros Estados UEM» pasan a denominarse «2.1.1, 2.2.1, 3.2.1 e 3.3.1 Residentes noutros países UEM»; as partidas «2.1.2, 2.2.2, 3.2.2 e 3.3.2 Resto do mundo» substitúense polas partidas «2.1.2, 2.2.2, 3.2.2 e 3.3.2 Residentes en países da UE non UEM»; e engádense as partidas «26.1.2.1, 26.2.2.1, 27.1.2.1 e 27.2.2.1 Residentes noutros países UEM», «26.1.2.2, 26.2.2.2, 27.1.2.2 e 27.2.2.2 Residentes en países da UE non UEM» e «2.1.3, 2.2.3, 3.2.3, 3.3.3, 26.1.2.3, 26.2.2.3, 27.1.2.3 e 27.2.2.3 Residentes en países non membros da UE».

b) Engádense os estados: M.10, Detalle de valores; M.11, Datos básicos de activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas; M.12, Derivados financeiros e de crédito. Detalle de operacións realizadas, variacións de prezo e valores razoables. Información mensual (negocios en España); M.13, Custo do financiamento captado no mes (negocios en España); T.19, Datos de instrumentos derivados; T.20, Datos dinámicos de inmobles adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas; T.22, Detalle complementario de valores; S.11, Información sobre a entrega de vivendas adxudicadas ou recibidas en pagamento de débedas procedentes de operacións de crédito aos fogares para adquisición de vivenda (negocios en España), e C.23, Detalle de valores con código ISIN, cos formatos que se inclúen no bloque anexos da Circular 4/2004 da presente circular.

c) No estado T.1-3, Conta de perdas e ganancias reservada. Informacións complementarias, a partida «Residentes noutros Estados UEM» do cadro «Detalles de produtos e custos por suxeitos» pasa a denominarse «Residentes noutros países UEM», e a partida «Resto do mundo» substitúese polas partidas «Residentes en países da UE non UEM» e «Residentes en países non membros da UE».

d) No estado T.6, que pasa a denominarse «T.6, Derivados financeiros e de crédito. Detalle de operacións realizadas, variacións de prezo e valores razoables. Información trimestral (negocios en España)», substitúese o termo «período» por «trimestre» en todo o estado; suprímese a numeración das columnas; engádense as letras (a), (b) e (c) ás columnas «Operacións contratadas (valor distinto de cero)», «Cancelacións (vencementos ou compensacións)» e «Liquidadas ao se producir (liquidación diaria)», respectivamente; a partida «Resto do mundo» coa súa desagregación substitúese polas partidas «Residentes en países da UE non UEM» e «Residentes en países non membros da UE», ambas coa mesma desagregación que a partida substituída, e substitúense na numeración das notas do estado os cardinais por letras.

e) No estado T.11, Clasificación por moedas e países dos investimentos e recursos (negocios en España), engádense as columnas «Derivados», co número 27 no cadro do Activo, a continuación da columna 15, e co número 28 no cadro do Pasivo, a continuación da columna 24.

f) Nos estados T.12, Actividade clasificada por países (negocios totais), e C.10, Actividade consolidada clasificada por países (negocios totais), a partida 5.6 «Activos reestruturados» pasa a denominarse «Saldos vixentes de refinanciamentos e reestruturacións».

g) No estado A.2, Información complementaria anual, engádese a partida «Importe pagado por remuneracións a traballadores de empresas de traballo temporal» como última partida do estado.

h) No estado C.19-3, Financiamento relacionado coa construción e promoción inmobiliaria concedido polas entidades de crédito (negocios en España). Utilización da cobertura dos números 42 e 43 do anexo IX, engádese a partida «Sen garantía real» como desagregación da partida «Risco normal en 31.12.2011. Resto».

i) Nos estados do anexo VII, Estados reservados relativos aos requirimentos estatísticos da Unión Económica e Monetaria, substitúense as referencias a «Residentes noutros Estados UEM» por «Residentes noutros países UEM».

j) No estado UEM.2, Clasificación por suxeitos e residencia dalgúns activos e pasivos, a información recollida nos cadros «Todos os sectores-Activo» e «Todos os sectores-Pasivo» suprímese, e engádese ao final do estado o cadro que se inclúe no bloque anexos da Circular 4/2004 desta circular, así como a nota f), co seguinte texto:

«f) Para efectos deste estado, inclúe os saldos mantidos fronte a entidades que pertencen ao mesmo grupo económico da entidade declarante, aínda que esta non participe directamente no seu capital, ou cando, non pertencendo ao mesmo grupo económico, se encontren nalgunha das seguintes situacións: a) estean participadas, directa ou indirectamente, pola entidade declarante nunha porcentaxe igual ou superior ao 10 % do seu capital, ou b) participen na entidade declarante, directa ou indirectamente, nunha porcentaxe igual ou superior ao 10 % do seu capital.

As entidades a que se refire o parágrafo anterior deben ser auxiliares financeiras, sociedades emisoras de participacións preferentes, entidades *holding* que xestionan filiais maioritariamente financeiras, entidades de seguros, fondos de pensións ou sociedades non financeiras.»

k) No estado UEM.5, Clasificación por países dalgúns activos e pasivos, engádese o organismo internacional Mecanismo Europeo de Estabilidade, coas celas abertas para enviar datos exclusivamente para as columnas «Préstamos e créditos a non IFM», «Valores distintos de accións emitidos por non IFM», «Accións e outras participacións» e «Depósitos de non IFM».

l) No estado UEM.8, Detalle do resto de institucións financeiras non monetarias residentes en España, a partida «Sociedades emisoras de participacións preferentes ou outros instrumentos financeiros» pasa a denominarse «Sociedades emisoras de

participacións preferentes», suprímese a partida «Mediadores nos mercados de diñeiro» e a nota (3) pasa a ter a seguinte redacción:

«(3) Esta liña inclúe os datos relativos a bolsas e mercados españois, sociedade *holding* de mercados e sistemas financeiros e entidades de pagamento.»

m) No estado UEM.11, Titulizacións e outras transferencias de préstamos. Datos mensuais, engádesse a partida «Dos cales: crédito á vivenda» como detalle da partida «Residentes en España. Fogares e ISFLSF», coa cela aberta para enviar datos exclusivamente para a columna «Saldo vivos de préstamos transferidos dados de baixa do balance (f)», e, nesta columna, inclúese a desagregación «Cesionario residentes en España» e «Cesionario non residentes en España».

8. O anexo VIII substitúese polo que se inclúe no bloque anexos da Circular 4/2004 da presente circular.

9. No anexo X substitúese o «Rexistro contable especial de operacións hipotecarias» polo que se inclúe no bloque anexos da Circular 4/2004 da presente circular.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente circular entrará en vigor o 31 de decembro de 2013, salvo as modificacións que se introducen na Circular n.º 4/2004, do 22 de decembro, ás entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, relativas aos estados M.1-2, M.12, T.1-3, T.6, T.11, T.12, S.11, C.10, C.19-3 e UEM, que entrarán en vigor o 30 de xuño de 2013, e ao estado M.13, que entrará en vigor o 31 de maio de 2013, sen prexuízo do sinalado na disposición transitoria primeira para a remisión dos datos á CIR e na disposición transitoria segunda para o envío de determinados estados da Circular do Banco de España n.º 4/2004.

Madrid, 24 de maio de 2013.–O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.

ANEXO I MÓDULOS DE DATOS**DATOS DE PERSOAS E SOLICITUDE DE CÓDIGO****A.1 DATOS QUE IDENTIFICAN AS PERSOAS****PARTE 1 DATOS DA PERSOA**

Código da persoa

Motivo polo cal se declara a persoa

Nome

Sector

Parte vinculada

Datos adicionais para os titulares de riscos

Actividade económica

Provincia da persoa

Situación da persoa

Domicilio

Vinculación con administracións públicas españolas

Código do grupo económico

Datos adicionais para as persoas físicas

Data de nacemento

País de nacemento

Sexo

Datos adicionais para as empresas

Forma social

Datos adicionais para as sucursais

Código da entidade a que pertence a sucursal

Datos adicionais para os titulares que sexan sociedades non financeiras

Tamaño da empresa

Data dos datos financeiros consolidados

Importe neto da cifra de negocio nos estados financeiros consolidados

Data dos datos financeiros individuais

Importe neto da cifra de negocio nos estados financeiros individuais

Datos adicionais para as persoas con varios códigos

Número de identificación fiscal (NIF)

Número de identificación de estranxeiro (NIE)

Código asignado polo Banco de España

PARTE 2 DATOS DOS TITULARES COLECTIVOS

Código da sociedade ou AIE

Código do socio colectivo ou integrante da AIE

PARTE 3 DATOS QUE RELACIONAN OS TITULARES COAS ENTIDADES QUE INTEGRAN O SECTOR PÚBLICO ESPAÑOL

Código do titular

Código da entidade que integra o sector público español

PARTE 4 DATOS QUE VINCULAN OS TITULARES COS GRUPOS DE CLIENTES RELACIONADOS

Código do titular

Código do grupo de clientes relacionados

A.2 SOLICITUDE DE CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN DE PERSOAS NON RESIDENTES EN ESPAÑA

Motivo polo cal se solicita un código para a persoa

Natureza da persoa

Nome

Sector

Domicilio

País de residencia

Código NIE ou NIF

Código de identificación fiscal ou asimilado

Datos adicionais para as persoas físicas

 Data de nacemento

 País de nacemento

 Sexo

 Número de pasaporte ou de identidade válido no país de orixe da persoa

 Código asignado polo Banco de España

Datos adicionais para as empresas

 Forma social (abreviatura)

Datos adicionais para as persoas xurídicas

 Código ISIN

 Código SWIFT

Información cualitativa

DATOS BÁSICOS DAS OPERACIÓNS E DAS RELACIÓNS COAS PERSOAS**B.1 DATOS BÁSICOS QUE RELACIONAN AS PERSOAS COAS OPERACIÓNS**

Código da operación

Código da persoa

Natureza da intervención na operación

B.2 DATOS BÁSICOS DAS OPERACIÓNS

Código da operación

Código do valor

Localización da actividade (país da operación)

PARTE 1 DATOS QUE DEBEN DECLARAR TODAS AS ENTIDADES DECLARANTES

Tipo de produto

Subordinación do produto

Tipo de risco asociado aos derivados

Finalidade da operación

Trámites legais realizados para recuperar a operación

Principal ou nocional ao inicio da operación

Límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación

Data de formalización ou emisión

Data de vencemento

PARTE 2 DATOS ADICIONAIS QUE DEBEN DECLARAR AS ENTIDADES DE CRÉDITO

Orixe da operación

Novacións e refinanciamentos

Canle de contratación

Provincia en que se realiza o investimento

Esquema de amortización

Porcentaxe de participación nos préstamos sindicados (%)

Valores adquiridos temporalmente ou prestados. Nominal

Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias

Estado da construción

Licenza

Número de vivendas previstas

Código da promoción inmobiliaria

DATOS DINÁMICOS DAS OPERACIÓNS

C.1 DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS DIRECTOS Código da operación

PARTE 1 DATOS DE TODOS OS RISCOS DIRECTOS

Tipo de produto

Moeda

Prazo residual

Garantía real principal

Tipo de garantía real principal

Cobertura da garantía real principal

Garantía persoal principal

Tipo de garantía persoal principal

Cobertura da garantía persoal principal

Situación da operación

Datas de incumprimento

Data do primeiro incumprimento

Data do último incumprimento

PARTE 2 DATOS DOS RISCOS DIRECTOS ASUMIDOS POLA ENTIDADE DECLARANTE

Risco disposto asumido pola entidade

Principal asumido pola entidade

Importe non vencido

Importe vencido

Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade

Importe rexistrado no activo

Importe rexistrado en contas de orde

Xuros de demora asumidos pola entidade

Importe rexistrado no activo

Importe rexistrado en contas de orde

Gastos exixibles asumidos pola entidade

Límite actual do risco asumido pola entidade

Risco dispoñible asumido pola entidade

Dispoñibilidade inmediata

Dispoñibilidade condicionada

PARTE 3 DATOS QUE DEBEN DECLARAR AS ENTIDADES DE CRÉDITO PARA OS PRÉSTAMOS

Motivos polos cales se reduce o importe da débeda no mes

Principal cobrado en efectivo. Importe polo cal se reduce o principal

Amortización anticipada. Importe polo cal se reduce o principal

Condonación ou prescrición do dereito de cobramento. Importe polo cal se reduce a débeda

Activos adxudicados ou recibidos en pagamento

Tipo de activo

Importe polo cal se reduce a débeda

Operación subrogada ou segregada

Tipo de subrogación ou segregación

Importe polo cal se reduce a débeda

Refinanciamento ou renovación

Tipo de refinanciamento ou renovación

Importe polo cal se reduce a débeda

Operación transferida incluída a xestión. Importe polo cal se reduce a débeda

Datas de liquidación de principal e xuros
Data da última liquidación de xuros
Data da próxima liquidación de xuros
Data da última liquidación de principal
Data da próxima liquidación de principal
Número de cotas non pagas

PARTE 4 DATOS DOS RISCOS DIRECTOS ASUMIDOS POLOS CESIONARIOS

Risco disposto asumido polo cesionario
Principal asumido polo cesionario
 Importe non vencido
 Importe vencido
Xuros e comisións vencidos asumidos polo cesionario
Xuros de demora asumidos polo cesionario
Gastos exixibles asumidos polo cesionario
Límite actual do risco asumido polo cesionario
Risco dispoñible asumido polo cesionario
 Dispoñibilidade inmediata
 Dispoñibilidade condicionada

C.2 DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS INDIRECTOS

Código da operación
Código do titular do risco indirecto

PARTE 1 DATOS DOS RISCOS INDIRECTOS ASUMIDOS POLA ENTIDADE DECLARANTE

Risco máximo garantido asumido pola entidade
Risco disposto garantido asumido pola entidade
 Importe total
 Importe vencido
Xuros de demora e gastos exixibles

PARTE 2 DATOS DOS RISCOS INDIRECTOS ASUMIDOS POLOS CESIONARIOS

Risco máximo garantido asumido polo cesionario
Risco disposto garantido asumido polo cesionario
 Importe total
 Importe vencido
Xuros de demora e gastos exixibles

DATOS SOBRE GARANTÍAS REAIS**D.1 DATOS BÁSICOS QUE RELACIONAN AS OPERACIÓNS COS ACTIVOS RECIBIDOS EN GARANTÍA**

Código da operación

Tipo de garantía real

Alcance da garantía real

Código da garantía real

Código do activo recibido en garantía

Orde de prelación da garantía

Importe da responsabilidade hipotecaria

Principal

Xuros e custas

Activos en garantía de financiamentos de promocións inmobiliarias

Tipo de activo recibido en garantía (activos non financeiros distintos de inmoables)

D.2 DATOS BÁSICOS DOS INMOBLES RECIBIDOS EN GARANTÍA

Código do activo recibido en garantía

PARTE 1 DATOS PARA OS INMOBLES

Identificación do inmovible

Tipo de activo (inmoables)

Localización do inmovible

País

Código postal

Inmovible integrado por varios predios

Identificador único de predio rexistral (lduper)

Identificador rexistral

Referencia catastral

Importe das cargas previas comprometidas con terceiros

Última taxación completa

Data da última taxación

Código da sociedade de taxación ou valoración

Número de taxación

Conforme a Lei do mercado hipotecario

Método de valoración (valor)

Condicionantes

Advertencias

Visita ao interior do inmovible

Tipo de datos utilizados de inmoables comparables

Método residual dinámico

Tipo de actualización (%)

Taxa anualizada homoxénea (%)

Taxa anual media de variación do prezo de mercado do activo (%)

Prazo máximo para finalizar a construción (meses)

Prazo máximo para finalizar a comercialización (meses)

Método residual estático

Marxe de beneficio do promotor (%)

Valor de taxación

Valor hipotecario
Valor en hipótese de edificio terminado
Valor do terreo
Última taxación por métodos estatísticos
Data da última taxación
Código da sociedade de taxación ou valoración
Número de taxación
Método de valoración
Valor de taxación

PARTE 2 DATOS ADICIONAIS PARA OS EDIFICIOS E ELEMENTOS DE EDIFICIOS

Data da construción
Data da última rehabilitación integral
Estado da construción
Licenza
Uso polivalente
Vivenda habitual do prestameiro
Valor do terreo axustado
Número de vivendas

PARTE 3 DATOS ADICIONAIS PARA O SOLO URBANO E URBANIZABLE

Tipo de solo
Desenvolvemento do planeamento
Sistema de xestión
Fase de xestión
Paralización da urbanización
Porcentaxe da urbanización executada (%)
Porcentaxe do ámbito valorada (%)
Proximidade respecto do núcleo urbano
Proxecto de obra
Superficie do terreo (m²)
Aproveitamento (m²)
Produto que se prevé desenvolver

PARTE 4 DATOS ADICIONAIS PARA OS PREDIOS RÚSTICOS

Uso actual do predio rústico
Predio rústico con expectativas urbanísticas

PARTE 5 DATOS DO VALOR DAS GARANTÍAS

Valor da garantía para efectos do cálculo do *loan to value*
 Importe da garantía
 Forma de obtención
Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración
 Importe da garantía
 Forma de obtención
 Porcentaxe de desconto (%)
 Data da escritura de compravenda do activo recibido en garantía
 Importe do custo de adquisición do activo recibido en garantía
 Importe do custo de adquisición axustado do activo recibido en garantía

D.3 DATOS BÁSICOS DOS ACTIVOS FINANCEIROS RECIBIDOS EN GARANTÍA

Código do activo recibido en garantía
Tipo de activo (activos financeiros)
Código do emisor dos activos financeiros recibidos en garantía
Código do valor
Cotización
Nominal

D.4 DATOS DINÁMICOS QUE RELACIONAN AS OPERACIÓNS COS ACTIVOS RECIBIDOS EN GARANTÍA

Código da operación
Código do activo recibido en garantía
Importe da garantía para efectos do cálculo do *loan to value* atribuído á operación

D.5 DATOS DINÁMICOS DOS EDIFICIOS EN CONSTRUCCIÓN E DAS PROMOCIÓNS INMOBILIARIAS RECIBIDOS EN GARANTÍA

Código do activo recibido en garantía
Edificios en construción ou rehabilitación
 Data do último grao de avance estimado
 Código da sociedade de taxación ou valoración que estimou o grao de avance
 Porcentaxe construída (%)
 Importe dos gastos de desenvolvemento
Promocións inmobiliarias
 Porcentaxe de vendas formalizadas (%)
 Porcentaxe de subrogacións ou cancelacións por entrega de vivenda a comprador final (%)

DATOS SOBRE TIPOS DE XURO**E DATOS SOBRE TIPOS DE XURO**

Código da operación

PARTE 1 DATOS PARA OS PRÉSTAMOS

Modalidade do tipo de xuro
Tipo de xuro ordinario (%)
Tipo de xuro de demora (%)
Tipo de xuro subvencionado (%)
Tipo efectivo definición restrinxida (TEDR) (%)
Importe das comisións que compensan custos directos relacionados

PARTE 2 DATOS ADICIONAIS PARA OS PRÉSTAMOS CON TIPO DE XURO VARIABLE

Tipo de xuro variable de referencia
Tipo de xuro mínimo (%)
Tipo de xuro máximo (%)
Marxe positiva sobre o tipo de xuro de referencia (%)
Marxe negativa sobre o tipo de xuro de referencia (%)

DATOS DE TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS DE ACTIVOS FINANCEIROS

F DATOS DE TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS DE ACTIVOS FINANCEIROS

PARTE 1 DATOS QUE IDENTIFICAN AS TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS

Código da transferencia

Código do cesionario ou vendedor de protección

Data da transferencia

Tipo de transferencia

Forma xurídica da transferencia

Operacións transferidas

 Tratamento contable

 Tratamento para efectos de recursos propios

PARTE 2 DATOS QUE VINCULAN AS TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS COAS OPERACIÓNS

Código da transferencia

Código da operación transferida

Porcentaxe transferida da operación (%)

VINCULACIÓN DE CÓDIGOS

G.1 DATOS BÁSICOS QUE VINCULAN CÓDIGOS

Tipo de código que se vincula
Código que se vincula
Tipo de vinculación
Código REN da entidade declarante do código vinculado
Código vinculado

G.2 DATOS BÁSICOS DAS OPERACIÓNS QUE SE DEBEN COMUNICAR A OUTRAS ENTIDADES

Código REN da entidade con que se vincula a operación
Tipo de vinculación
Código da contraparte directa
Nome da contraparte directa
Código da operación
Tipo de produto
Data de formalización
Data de vencemento
Principal ou nocional ao inicio da operación
Porcentaxe transferida da operación (%)

G.3 DATOS DINÁMICOS DAS OPERACIÓNS QUE SE DEBEN COMUNICAR A OUTRAS ENTIDADES

Código REN da entidade con que se vincula a operación
Código da operación
Importes

- Risco disposto garantido
 - Principal garantido
 - Importe non vencido
 - Importe vencido
 - Xuros e comisións vencidos garantidos
 - Xuros de demora garantidos
 - Gastos exixibles garantidos
- Límite actual do risco garantido
- Risco dispoñible garantido
 - Dispoñibilidade inmediata
 - Dispoñibilidade condicionada

Datas de incumprimento

- Data do primeiro incumprimento
- Data do último incumprimento

INFORMACIÓN PRUDENCIAL COMPLEMENTARIA DOS RISCOS**H.1 DATOS BÁSICOS SOBRE CUALIFICACIÓN CREDITICIA DOS RISCOS**

Código da operación
Código da contraparte directa
Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte directa)
Cualificación crediticia actual da operación (contraparte directa)
Data de cualificación da operación como dubidosa
Factor de conversión (CCF-SA) (%)
Excepcións á cobertura por risco-país

H.2 DATOS BÁSICOS COMPLEMENTARIOS DOS PRÉSTAMOS

Código da operación
Carteira contable
Activos non correntes en venda
Tipo de vínculo co mercado hipotecario

H.3 DATOS DINÁMICOS COMPLEMENTARIOS DOS PRÉSTAMOS

Código da operación
Valor contable (excluídos axustes por valoración)
Importe da garantía para efectos do cálculo da deterioración atribuída á operación
Importe da operación que excede o valor da garantía real
Correccións de valor por deterioración de activos. Coberturas específicas
 Risco-cliente
 Risco-país
Xuros devindicados pendentes de vencemento rexistrados no activo
Comisións pendentes de devindicación
Custos de transacción pendentes de devindicación
Prima na adquisición pendente de devindicación
Desconto na adquisición pendente de devindicación
Importe actual do desconto por deterioración na data de adquisición
Activos a valor razoable
 Importe positivo da variación de valor
 Importe negativo da variación de valor non atribuíble a cambios no risco de crédito
 Importe da variación de valor atribuíble a cambios no risco de crédito
Operacións de microcobertura
 Saldo positivo
 Saldo negativo
Arrendamentos financeiros
 Valor residual non garantido
 Valor residual comprometido por terceiros
Risco dispoñible
 Importe á disposición de terceiros

H.4 DATOS DINÁMICOS COMPLEMENTARIOS DAS GARANTÍAS FINANCEIRAS E OUTR COMPROMISOS

Código da operación
Provisións específicas
 Risco-cliente
 Risco-país

H.5 DATOS DINÁMICOS DE RISCOS IMPUTADOS A CONTRAPARTES FINAIS DISTINTAS DAS DIRECTAS

Código da operación

Código da contraparte final

Importe do risco asignado á contraparte final

Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte final)

Cualificación crediticia actual da operación (contraparte final)

H.6 DATOS DINÁMICOS RELATIVOS A REQUERIMENTOS DE RECURSOS PROPIOS

Código da operación

Código da persoa a que se asigna a exposición

PARTE 1 DATOS PARA TODAS AS OPERACIÓNS

Carteira prudencial

Categoría da exposición

Exposición orixinal reasignada

Activos suxeitos a risco de crédito

Contas de orde suxeitas a risco de crédito

Operacións suxeitas a risco de contraparte

Transaccións relacionadas con financiamento de valores

Acordo de compensación contractual entre produtos

Dedución ou redución do importe da exposición orixinal reasignada

Dedución de recursos propios computables

Redución por garantías reais

Redución por acordos de compensación contractual entre produtos

Exposición para a cal non se calculan requirimentos de risco de contraparte

Exposición ponderada por risco

PARTE 2 DATOS ADICIONAIS PARA OPERACIÓNS A QUE SE APLICA O MÉTODO ESTÁNDAR (SA)

Valor plenamente axustado da exposición

PARTE 3 DATOS ADICIONAIS PARA OPERACIÓNS A QUE SE APLICA O MÉTODO IRB

Perda esperada

Parámetros de risco

Probabilidade de incumprimento (PD) (%)

Perdas en caso de incumprimento (LGD) (%)

Factor de conversión (CCF-IRB) (%)

Parámetro M (vencemento en días)

Parámetro S (tamaño)

Tipo de dato utilizado como parámetro S

Parámetro S

DATOS DAS OPERACIÓNS NON DECLARADAS INDIVIDUALMENTE**I.1 DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS INFERIORES A 6.000 EUROS**

Localización da actividade (país da operación)

Contraparte directa

País de residencia

Sector

Actividade económica

Parte vinculada

Tamaño da empresa

Tipo de produto

Moeda

Finalidade da operación

Provincia en que se realiza o investimento

Tipo de garantía persoal principal

Tipo de garantía real principal

Prazo residual

Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte final)

Cualificación crediticia actual da operación (contraparte final)

Factor de conversión (CCF-SA) (%)

Carteira contable

Activos non correntes en venda

Importes

Risco disposto

Principal asumido pola entidade

Importe non vencido

Importe vencido

Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade

Importe rexistrado no activo

Importe rexistrado en contas de orde

Xuros de demora asumidos pola entidade

Importe rexistrado no activo

Importe rexistrado en contas de orde

Gastos exixibles asumidos pola entidade

Límite actual do risco asumido pola entidade

Risco dispoñible asumido pola entidade

Dispoñibilidade inmediata

Xuros devindicados pendentes de vencemento rexistrados no activo

Valor contable (excluídos axustes por valoración)

Correccións de valor por deterioración de activos. Coberturas específicas

Risco-cliente

Risco-país

Número de operacións

I.2 DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS REXISTRADOS EN SUCURSAIS NO ESTRANXEIRO

Localización da actividade (país da operación)

Contraparte directa

País de residencia

Sector

Actividade económica

Parte vinculada

Tamaño da empresa

- Contraparte final
 - País de residencia
 - Sector
- Tipo de produto
- Subordinación do produto
- Tipo de risco asociado aos derivados
- Moeda
- Finalidade da operación
- Orixe da operación
- Novacións e refinanciamentos
- Garantía persoal principal
 - Tipo de garantía persoal principal
 - Cobertura da garantía persoal principal
- Garantía real principal
 - Tipo de garantía real principal
 - Tipo de activo recibido en garantía
 - Cobertura da garantía real (*loan to value*)
- Prazo residual
- Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte final)
- Cualificación crediticia actual da operación (contraparte final)
- Factor de conversión (CCF-SA) (%)
- Excepcións á cobertura por risco-país
- Carteira contable
- Activos non correntes en venda
- Tipo de vínculo co mercado hipotecario
- Importes
 - Risco disposto
 - Principal asumido pola entidade
 - Importe non vencido
 - Importe vencido
 - Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade
 - Importe rexistrado no activo
 - Importe rexistrado en contas de orde
 - Xuros de demora asumidos pola entidade
 - Importe rexistrado no activo
 - Importe rexistrado en contas de orde
 - Gastos exixibles asumidos pola entidade
 - Límite actual do risco asumido pola entidade
 - Risco dispoñible asumido pola entidade
 - Dispoñibilidade inmediata
 - Dispoñibilidade condicionada
 - Xuros devindicados pendentes de vencemento rexistrados no activo
 - Valor contable (excluídos axustes por valoración)
 - Importe da operación que excede o valor da garantía real
 - Correccións de valor por deterioración de activos. Coberturas específicas
 - Risco-cliente
 - Risco-país
 - Provisións específicas
 - Risco-cliente
 - Risco-país
- Número de operacións

ANEXO 2 INSTRUCIÓNS PARA ELABORAR OS MÓDULOS DE DATOS

A.1 DATOS QUE IDENTIFICAN AS PERSOAS	
PARTE 1 DATOS DA PERSO A	
Código da persoa	<p>Código que identifica os titulares de riscos ou persoas declarables á CIR por outros motivos.</p> <p>Cando a persoa sexa residente en España, o código será:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para as persoas físicas de nacionalidade española, o número de identificación fiscal (NIF) (Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo). - Para as persoas físicas que carezan da nacionalidade española, o número de identificación de estranxeiro (NIE) que se lles asigne (Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro) ou, cando non sexa obrigatorio este, o NIF que teñan asignado por realizar operacións de transcendencia tributaria. - Para as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica, incluídas as sucursais en España de empresas estranxeiras e as entidades declarantes á CIR, o NIF (Orde EHA/451/2008, do 20 de febreiro). <p>Nos casos excepcionais en que unha entidade teña que declarar máis dunha persoa residente en España co mesmo NIF, porá esta circunstancia en coñecemento do Banco de España.</p> <p>Cando a persoa sexa non residente en España, o código que lle asigne o Banco de España logo de solicitude da entidade declarante.</p> <p>Cando as persoas sexan non residentes en España, neste módulo non é necesario declarar os seguintes datos que se declaran no módulo A.2: sector, domicilio, data de nacemento, país de nacemento, sexo e forma social.</p>
Motivo polo cal se declara a persoa	<p>Motivo polo cal se declara a persoa á CIR:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Titulares de riscos (criterio xeral) - Titulares de riscos indirectos con datos non facilmente accesibles - Entidade declarante - Contrapartes en derivados que non sexan titulares de riscos declarables á CIR - Emisores de valores que non sexan titulares de riscos declarables á CIR - Resto das persoas declarables <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Titulares de riscos (criterio xeral): titulares de riscos directos ou indirectos salvo que sexan entidades declarantes ou cumpran os criterios para declaralos como titulares de riscos indirectos con datos non facilmente accesibles. - Titulares de riscos indirectos con datos non facilmente accesibles: titulares de risco indirecto por compromiso de sinatura en efectos financeiros ou comerciais con que a entidade non tivese relación directa e cuxos datos non sexan facilmente accesibles. - Entidade declarante: entidade declarante á CIR, calquera que sexa o motivo da declaración. - Contrapartes en derivados que non sexan titulares de riscos declarables á CIR: contrapartes en instrumentos derivados que a entidade debe comunicar ao Banco de España conforme a normativa contable que non sexan titulares de riscos declarables á CIR. - Emisores de valores que non sexan titulares de riscos declarables á CIR: emisores de valores que a entidade debe comunicar ao Banco de España conforme a normativa contable que non sexan titulares de riscos declarables á CIR. - Resto das persoas declarables: persoas non incluídas nos motivos anteriores.

	<p>Os datos mínimos que se deben declarar neste módulo segundo o motivo, ademais do "Nome", "Sector" e "Parte vinculada", son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para os titulares de riscos (criterio xeral), todos os datos que lles correspondan segundo o sector a que pertencen. - Para os titulares de riscos indirectos con datos non facilmente accesibles, así como para as entidades declarantes, ningún dato adicional. - Para os emisores de valores e contrapartes de derivados, cando non sexan titulares de riscos declarables á CIR, "Actividade económica", "Situación da persoa", "Forma social" e "Tamaño da empresa". - Para o resto das persoas declarables: "Forma social". <p>Cando unha persoa para a cal só se declarasen parte dos datos deste módulo pase a ser declarable por un motivo para o cal se exixa declarar máis datos, a entidade declarante deberá complementar os datos que lle falten no mes en que sexa necesario declaralos por primeira vez.</p> <p>Cando concorran varios motivos para declarar os datos da persoa, indicárase o que supoña a obriga de facilitar máis datos. Non será necesario declarar o cambio de motivo de declaración nesta dimensión cando a entidade non estea obrigada a declarar novas dimensións porque xa as declarase por outro motivo para o cal non fosen obrigatorias.</p>
Nome	<p>Nome e apelidos ou denominación social completa das persoas declarables, incluída a súa forma social, utilizando, en todo caso, o alfabeto latino, sen empregar abreviaturas, excepto na forma social, que si aparecerá abreviada.</p> <p>Os apelidos e nome das persoas físicas declararanse de forma separada.</p> <p>As abreviaturas para indicar a forma social serán, para as empresas españolas, as que estableza o Regulamento do Rexistro Mercantil ou a normativa específica que as regule, e, para as empresas non residentes, as que se utilicen no seu país de residencia, utilizando en todo caso o alfabeto latino.</p>
Sector	<p>Sector institucional a que pertenza a persoa declarada:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Administración central <ul style="list-style-type: none"> • Estado • Organismos autónomos e similares • Empresas - Administracións autonómicas ou rexionais <ul style="list-style-type: none"> • Administración xeral • Organismos autónomos e similares • Empresas - Administracións locais <ul style="list-style-type: none"> • Administración xeral • Organismos autónomos e similares • Empresas - Administracións da Seguridade Social - Organismos internacionais e supranacionais (excepto bancos multilaterais de desenvolvemento) <ul style="list-style-type: none"> • Administracións públicas • Outros intermediarios financeiros - Bancos multilaterais de desenvolvemento <ul style="list-style-type: none"> • Con actividades similares a bancos centrais • Resto - Bancos centrais (incluído o Banco Central Europeo) e autoridades monetarias nacionais - Entidades de crédito - Entidades de diñeiro electrónico - Fondos do mercado monetario (FMM) - Outras institucións financeiras monetarias - Entidades de seguros - Fondos de pensións - Fondos de investimento mobiliario, excepto os FMM

	<ul style="list-style-type: none"> - Sociedades e fondos de investimento libre - Sociedades de investimento mobiliario - Sociedades e fondos de investimento inmobiliario - Resto das institucións de investimento colectivo - Sociedades de valores (ESI) - Sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario - Sociedades e fondos de capital-risco - Sociedades e fondos de titulización - Entidades de contrapartida central - Resto dos outros intermediarios financeiros - Entidades <i>holding</i> que xestionan filiais maioritariamente financeiras - Axencias de valores (ESI) - Sociedades xestoras de carteira (ESI) - Sociedades xestoras doutros intermediarios financeiros - Sociedades de garantía recíproca e reafianzamento - Sociedades de taxación - Entidades de pagamento - Establecementos de troco de moeda - Resto dos auxiliares financeiros - Sociedades emisoras de participacións preferentes - Outras entidades financeiras especializadas - Empresas <i>holding</i> que non xestionan filiais - Sociedades non financeiras - Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares - Fogares <ul style="list-style-type: none"> • Empresarios individuais • Resto <p>A inclusión nos sectores anteriores, excepto no relativo a “Sociedades non financeiras”, de entes, organismos ou entidades residentes en España que non figuren nas relacións informativas que publique o Banco de España no seu sitio web da internet para eses sectores requirirá consulta por escrito ao Banco de España (Dirección Xeral de Regulación e Estabilidade Financeira).</p> <p>Cando unha persoa física realice actividades empresariais declararase no sector “Fogares. Empresarios individuais” con independencia de que as operacións non teñan finalidade empresarial, sen prexuízo de que na dimensión “Finalidade da operación” do módulo B.2, Datos básicos das operacións, se asignen á finalidade que lles corresponda.</p>
Parte vinculada	<p>Indica se o titular é unha parte vinculada coa entidade declarante conforme o disposto na normativa contable:</p> <p>a) Partes vinculadas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entidade ou persoa dominante - Entidade ou persoa que ten control conxunto da entidade declarante - Resto das entidades do grupo - Entidade asociada - Entidade multigrupo - Persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante - Familiares ou entidades vinculadas con persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante - Resto das partes vinculadas <p>b) Partes non vinculadas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Parte non vinculada. Entidade xestionada polo grupo da entidade declarante - Parte non vinculada. Entidade non residente en que a entidade declarante participa, directa ou indirectamente, ao menos nun 10 % do seu capital - Parte non vinculada. Entidade non residente que posúe, directa ou indirectamente, ao menos un 10 % do capital da entidade declarante - Parte non vinculada. Resto das persoas <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entidade ou persoa dominante: persoa física ou xurídica que ten, directa ou indirectamente, o control como dominante da entidade declarante. Inclúe, se for o caso, a entidade dominante do grupo máis amplo a que pertenza a entidade dominante da entidade declarante.

	<ul style="list-style-type: none"> - Entidade ou persoa que ten control conxunto da entidade declarante: persoa física ou xurídica que ten, directa ou indirectamente, o control conxunto con outras persoas físicas ou xurídicas da entidade declarante. - Entidades do grupo, asociadas ou multigrupo: a asignación destes valores farase conforme a posición que teña o grupo económico a que pertenza a entidade declarante nas entidades con independencia da participación, directa ou indirecta, que, se for o caso, teña esta no seu capital, de acordo coas definicións aplicables para cada unha delas para efectos da normativa contable. As sociedades e fondos de titulización declararanse como entidades do grupo sempre que os activos financeiros que se lles transferisen se rexistren integramente no activo do balance do grupo. - Persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante: persoas que teñen autoridade e responsabilidade para planificar, dirixir e controlar as actividades da entidade, xa sexa directa ou indirectamente, incluíndo todos os membros do consello de administración, ou órgano equivalente, así como o persoal directivo, como son as persoas enumeradas no artigo 11.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo. - Familiares ou entidades vinculadas con persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante: persoas físicas e xurídicas que teñan a consideración de partes vinculadas por seren familiares próximos ou entidades vinculadas con persoal clave da dirección da entidade ou da súa entidade dominante. - Resto das partes vinculadas: persoas físicas ou xurídicas que, sendo partes vinculadas da entidade declarante segundo a normativa contable vixente, non teñen cabida nos valores anteriores desta dimensión. Inclúe as persoas que exerzan unha influencia significativa sobre a entidade ou sexan familiares próximos de, ou entidades vinculadas a, persoas que controlen ou exerzan unha influencia significativa ou control conxunto da entidade ou da súa entidade dominante. - Parte non vinculada. Entidade xestionada polo grupo da entidade declarante: fondos de pensións, fondos e sociedades de investimento, titulización e capital-risco e sociedades de capital variable xestionados polo grupo económico da entidade declarante que non cumpren a definición de parte vinculada. As sociedades e fondos de titulización declararanse con este valor se os activos financeiros que se lles transferisen non están rexistrados no activo do balance do grupo. - Parte non vinculada. Entidade non residente en que a entidade declarante participa, directa ou indirectamente, ao menos nun 10 % do seu capital: entidade non residente que non cumpre a definición para incluíla entre as entidades que son partes vinculadas na cal a entidade declarante participa, directa ou indirectamente, ao menos nun 10 % do seu capital. - Parte non vinculada. Entidade non residente que posúe, directa ou indirectamente, ao menos un 10 % do capital da entidade declarante: entidade non residente que non cumpre a definición para incluíla entre as entidades que son partes vinculadas que posúe, directa ou indirectamente, ao menos un 10 % do capital da entidade declarante. - Parte non vinculada. Resto das persoas: persoas físicas e xurídicas que non estean incluídas nalgún dos supostos anteriores.
DATOS ADICIONAIS PARA OS TITULARES DE RISCOS	
Actividade económica	<p>Para as sociedades non financeiras, así como para os empresarios individuais, declararase a CNAE-2009 con catro díxitos correspondente á súa actividade principal.</p> <p>Para as persoas físicas clasificadas no sector "Fogares. Resto", indica a actividade que realizan conforme os seguintes valores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Funcionario ou similar (militar, policía, notarios, rexistradores...) - Empregado da entidade - Empregado doutra entidade do seu grupo económico - Resto dos traballadores por conta allea

	<ul style="list-style-type: none"> - Pensionista - Rendista - Desempregado - Estudante - Ama de casa ou similar - Outro <p>Para o resto dos sectores, indicárase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable
Provincia da persoa	Para os residentes en España, código de dúas cifras correspondente á provincia onde estea efectivamente centralizada a xestión e dirección das ocupacións e negocios da persoa. Cando este criterio non sexa aplicable, ou se descoñeza o dato, porase a provincia onde estea situado o domicilio da persoa.
Situación da persoa	<p>Indica se o titular está incurso nun proceso de refinanciamento cos seus acredores, unha situación concursal ou proceso de disolución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación ao xulgado de negociacións cos acredores - Acordo de refinanciamento - Acordo de refinanciamento homologado xudicialmente - Incumprimento do acordo de refinanciamento homologado - Concurso de acredores sen petición de liquidación - Concurso de acredores con petición de liquidación - Convenio de acredores sen incumprimento - Convenio de acredores con incumprimento - Concurso de acredores en fase de liquidación - Disolución - Resto das situacións <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación ao xulgado de negociacións cos acredores: cando o debedor poña en coñecemento do xulgado que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio. - Acordo de refinanciamento: cando o acordo fose suscrito por acredores cuxos créditos representen ao menos tres quintos do pasivo do debedor, recibise informe favorable dun experto independente designado polo rexistrador mercantil e se formalizase en documento público. - Acordo de refinanciamento homologado xudicialmente: cando o xuíz homologue o acordo, para o cal deben cumprirse as condicións do punto anterior, e ademais os acredores de entidades financeiras que o subscribisen deben representar ao menos o 75% do pasivo cuxa titularidade sexa de entidades financeiras. - Incumprimento do acordo de refinanciamento homologado: cando o xuíz declare o incumprimento do acordo de refinanciamento homologado, logo de solicitude de calquera acredor, adherido ou non ao acordo. - Concurso de acredores sen petición de liquidación: cando se declarase concurso de acredores pero non se aprobase xudicialmente o convenio nin conste a petición da apertura da fase de liquidación. - Concurso de acredores con petición de liquidación: cando, estando declarado o concurso de acredores, conste que se solicitou a apertura da fase de liquidación pero non se ditou resolución de declaración da apertura. - Convenio de acredores sen incumprimento: cando se aprobase xudicialmente o convenio de acredores e non conste o seu incumprimento polo debedor fronte á entidade ou terceiros. - Convenio de acredores con incumprimento: cando, téndose aprobado xudicialmente o convenio de acredores, conste o seu incumprimento polo debedor fronte á entidade ou terceiros. - Concurso de acredores en fase de liquidación: cando, estando declarado concurso de acredores, se dite resolución xudicial declarando a apertura da fase de liquidación.

	<ul style="list-style-type: none"> - Disolución: cando o titular se encontra en proceso de disolución ou liquidación sen estar declarado en concurso de acredores. - Resto das situacións: cando o titular non se encontra en ningunha das situacións descritas nos valores anteriores. <p>As situacións concursais españolas inclúiranse na fase que corresponda de acordo co disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.</p> <p>Para os efectos da declaración á CIR, entenderase que un titular se encontra en concurso de acredores desde que o xuíz dite auto de declaración de concurso até que se produza a resolución firme que acorde a conclusión do concurso de conformidade co artigo 176 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.</p> <p>As situacións especiais doutros países equipararanse ás españolas por analogía.</p>
Domicilio	<p>Domicilio da persoa declarada.</p> <p>Para as persoas físicas residentes en España, o domicilio persoal, que coincidirá normalmente co que figura no documento nacional de identidade (DNI) ou número de identificación de estranxeiro (NIE).</p> <p>Para as persoas físicas non residentes en España, o domicilio que figure no pasaporte ou noutro documento de identificación válido no seu país de orixe ou de residencia. En caso de non figurar ningún domicilio neses documentos, declararase o que lle conste á entidade declarante.</p> <p>Para as persoas xurídicas, o domicilio da súa sede social ou onde radique efectivamente centralizada a xestión e dirección das súas ocupacións ou negocios.</p> <p>Os datos que declarar serán: país, municipio, poboación, tipo de vía, nome da vía, número da vía, bloque ou portal, andar, porta e código postal.</p>
Vinculación con administracións públicas españolas	<p>Para as empresas e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares, indica se son dependentes de, ou están participadas por, algunha administración pública española:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dependente da Administración central española - Dependente dunha Administración autonómica española - Dependente dunha Administración local española - Participada por administracións públicas españolas sen seren dependentes - Resto <p>Para o resto dos titulares:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable <p>A asignación nos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dependente de administracións públicas españolas (central, autonómica ou local): empresas que, non formando parte do sector administracións públicas, teñan a consideración de sector público conforme o disposto no artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa que a desenvolve. A asignación deste valor a unha empresa que non figure nas relacións informativas que publique o Banco de España no seu sitio web da internet como dependente dunha Administración pública española requirirá consulta por escrito ao Banco de España (Dirección Xeral de Regulación e Estabilidade Financeira). - Participada por administracións públicas españolas sen seren dependentes: empresas ou institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares nas cales, non formando parte do sector administracións públicas españolas nin sendo entidades dependentes dalgunha desas administracións, unha ou máis administracións posúan dereitos de voto ou participen no seu capital, calquera que sexa a porcentaxe. - Resto: empresas ou institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares que non cumpran ningún dos criterios dos parágrafos anteriores.
Código do grupo económico	<p>NIF ou código facilitado polo Banco de España para a entidade dominante do grupo económico máis amplo de que forme parte a persoa, física ou xurídica, declarada, aínda que non se declaren riscos á CIR a nome da entidade dominante ou doutras persoas integrantes do grupo.</p>

	<p>A composición do grupo inclúe, ademais das entidades que cumpren a definición de grupo económico do artigo 42 do Código de comercio, a persoa física ou grupo de persoas físicas que actúen sistematicamente en concerto para controlar unha empresa ou grupo de empresas, aínda que non haxa unha entidade dominante.</p> <p>Para os grupos en que non haxa unha entidade dominante, declararase o código da entidade cuxo activo total sexa o de maior importe.</p> <p>As sociedades e fondos de titulización xestionados por entidades do grupo económico da entidade declarante declararanse como integrantes do grupo económico da entidade sempre que os activos financeiros que se lles transferisen se rexistren no activo do balance do grupo.</p> <p>Non obstante o sinalado nos parágrafos anteriores, non se declarará este código para os organismos autónomos ou similares ou empresas que pertencen aos sectores Administración central, autonómica ou local española, nin para as empresas que teñan a consideración de sector público porque sexan dependentes desas administracións.</p> <p>Cando unha persoa non forme parte dun grupo económico, incluído cando sexan entidades multigrupo, non se declarará este dato.</p>
DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS FÍSICAS	
Data de nacemento	<p>Para as persoas físicas, data de nacemento.</p> <p>Formato AAAAMMDD.</p>
País de nacemento	Para as persoas físicas, código ISO alfabético do país en que naceron segundo conste en calquera documento de identificación.
Sexo	<p>Para as persoas físicas, indica o seu sexo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Home - Muller
DATOS ADICIONAIS PARA AS EMPRESAS	
Forma social	<p>Para as empresas, indica a súa forma social:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sociedade anónima - Sociedade anónima unipersonal - Sociedade anónima laboral (Lei 4/1997) - Sociedade de responsabilidade limitada - Sociedade de responsabilidade limitada unipersonal - Sociedade limitada laboral (Lei 4/1997) - Sociedade limitada nova empresa - Sociedade colectiva - Sociedade comanditaria simple - Sociedade comanditaria por accións - Sociedade cooperativa - Sociedade cooperativa europea - Sociedades de garantía recíproca - Sociedade agraria de transformación - Sociedade anónima europea ou "sociedade europea" - Sociedade civil con personalidade xurídica - Mutualidade - Agrupación de interese económico - Agrupación europea de interese económico - Sucursal en país distinto ao da súa sede social - Entidade sen personalidade xurídica - Outra forma social <p>Para as entidades residentes en España con personalidade xurídica, indicárase o valor que lles corresponda segundo a súa forma social. Cando esta non coincida con algunha das incluídas na lista, asignaráselles o valor "Outra forma social".</p> <p>Para as entidades non residentes en España con personalidade xurídica, indicárase "Outra forma social", calquera que sexa esta.</p>

	<p>Cando o titular sexa unha sucursal, calquera que sexa a súa residencia, indicárase o valor "Sucursal en país distinto ao da súa sede social".</p> <p>Cando a entidade non teña personalidade xurídica, calquera que sexa a súa residencia, indicárase "Entidade sen personalidade xurídica".</p>
DATOS ADICIONAIS PARA AS SUCURSAIS	
Código da entidade a que pertence a sucursal	Cando o titular sexa unha sucursal en España ou no estranxeiro dunha persoa xurídica cuxa sede social se encontre noutro país, o código de identificación da entidade de que forme parte. Cando esta non resida en España, o código de identificación que lle asigne o Banco de España logo de solicitude da entidade declarante.
DATOS ADICIONAIS PARA OS TITULARES QUE SEXAN SOCIEDADES NON FINANCEIRAS	
Tamaño da empresa	<p>Para as sociedades non financeiras, indicárase o seu tamaño:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grande - Peme <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os criterios que se utilicen para cualificar unha sociedade como peme para efectos do cálculo de recursos propios segundo a normativa de solvencia aplicable ás entidades de crédito.</p> <p>Para o resto dos sectores, indicárase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable
Data dos datos financeiros consolidados	<p>Para as sociedades non financeiras que sexan entidades dominantes de grupos económicos, data a que se refire o importe neto da cifra de negocio nos seus estados financeiros consolidados declarado no seguinte dato deste módulo.</p> <p>No caso excepcional de que a entidade non utilizase os estados financeiros consolidados da entidade dominante para o estudo ou seguimento da sociedade, non se facilitará este dato.</p> <p>Formato: AAAAMDD.</p>
Importe neto da cifra de negocio nos estados financeiros consolidados	<p>Para as sociedades non financeiras que sexan entidades dominantes de grupos económicos, importe neto da cifra de negocio nos seus estados financeiros consolidados correspondentes ao último exercicio dispoñible.</p> <p>O dato será o correspondente á data de peche dos últimos estados financeiros dispoñibles que a entidade declarante utilizase para o estudo ou o seguimento da sociedade, aínda que non sexan os depositados no rexistro mercantil, os incluídos no imposto de sociedades ou os auditados, sempre que estean asinados polo director financeiro ou outros altos cargos da sociedade.</p> <p>O dato corresponderá a un exercicio completo, excepto se os estados financeiros públicos se refiren a un período inferior a doce meses (porque se trate do primeiro exercicio, se cambiase a data de peche, etc.), e neste caso indicárase o importe que corresponda á data de peche dos estados financeiros.</p> <p>No caso excepcional de que a entidade non utilizase os estados financeiros consolidados da entidade dominante para o estudo ou seguimento da sociedade, non se facilitará este dato.</p>
Data dos datos financeiros individuais	<p>Para as sociedades non financeiras, aínda que sexan entidades dominantes de grupos económicos, data a que se refire o importe neto da cifra de negocio nos seus estados financeiros individuais declarado no seguinte dato deste módulo.</p> <p>No caso excepcional de que a entidade non utilizase os estados financeiros individuais da sociedade para o seu estudo ou seguimento, non se facilitará este dato.</p> <p>Formato: AAAAMDD.</p>
Importe neto da cifra de negocio nos estados financeiros individuais	<p>Para as sociedades non financeiras, aínda que sexan entidades dominantes de grupos económicos, importe neto da cifra de negocio nos seus estados financeiros individuais correspondente ao último exercicio completo dispoñible.</p> <p>O dato será o correspondente á data de peche dos últimos estados financeiros individuais que utilizase a entidade declarante para o estudo ou seguimento da sociedade, aínda que non sexan os depositados no rexistro mercantil, os incluídos no imposto de sociedades ou os auditados, sempre que estean asinados polo director financeiro ou outros altos cargos da sociedade.</p>

	<p>O dato corresponderá a un exercicio completo, excepto se os estados financeiros públicos se refiren a un período inferior a doce meses (porque se trate do primeiro exercicio, se cambiase a data de peche, etc.), e neste caso indicárase o importe que corresponda á data de peche dos estados financeiros.</p> <p>No caso excepcional de que a entidade non utilizase os estados financeiros individuais da sociedade para o seu estudo ou seguimento, non se facilitará este dato.</p>
DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS CON VARIOS CÓDIGOS	
Número de identificación fiscal (NIF)	NIF que tivese asignado previamente a persoa.
Número de identificación de estranxeiro (NIE)	NIE que tivese asignado previamente a persoa.
Código asignado polo Banco de España	Código asignado polo Banco de España cando era non residente en España.
PARTE 2 DATOS DOS TITULARES COLECTIVOS	
Código da sociedade ou AIE	Código da sociedade colectiva, sociedade comanditaria, agrupación de interese económico (AIE) ou agrupación europea de interese económico (AEIE).
Código do socio colectivo ou integrante da AIE	Código de cada un dos socios colectivos ou dos compoñentes das AIE e das AEIE.
PARTE 3 DATOS QUE RELACIONAN OS TITULARES COAS ENTIDADES QUE INTEGRAN O SECTOR PÚBLICO ESPAÑOL	
Código do titular	Código que identifica o titular que se relaciona coas entidades que integran o sector público español.
Código da entidade que integra o sector público español	NIF de cada unha das entidades que integran o sector público español que posúe dereitos de voto ou participa no capital do titular.
PARTE 4 DATOS QUE VINCULAN OS TITULARES COS GRUPOS DE CLIENTES RELACIONADOS	
Código do titular	Código que identifica o titular que pertence a un grupo de clientes relacionados.
Código do grupo de clientes relacionados	Código que identifica a persoa que a entidade declarante considere como cabeceira do grupo de clientes relacionados, sempre que non se declarase como "Código do grupo económico".

A.2 SOLICITUDE DE CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN DE PERSOAS NON RESIDENTES EN ESPAÑA	
Motivo polo cal se solicita un código para a persoa	<p>Motivo polo cal se solicita un código de identificación para a persoa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Emisores de valores cotizados que sexan titulares de riscos declarables á CIR - Emisores de valores cotizados que non sexan titulares de riscos declarables á CIR - Accionistas da entidade declarante - Titulares de riscos indirectos con datos non facilmente accesibles - Titulares de riscos diferentes dos anteriores e resto das persoas declarables <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Emisores de valores cotizados que sexan titulares de riscos declarables á CIR: cando se solicite un código para declarar á CIR un titular que emitise valores representativos de débeda ou instrumentos de patrimonio cotizados, aínda que estes non sexan propiedade da entidade. - Emisores de valores cotizados que non sexan titulares de riscos declarables á CIR: cando se solicite un código exclusivamente para enviar información dos emisores de instrumentos de patrimonio, ou de valores representativos de débeda que non sexan propiedade da entidade, como son os adquiridos temporalmente. - Accionistas da entidade declarante: cando se solicite un código exclusivamente para declarar unha persoa na base de datos de accionistas da entidade declarante. - Titulares de riscos indirectos con datos non facilmente accesibles: titulares de risco indirecto por compromiso de sinatura en efectos financeiros ou comerciais con que a entidade non tivese relación directa e os seus datos non sexan facilmente accesibles. - Titulares de riscos diferentes dos anteriores e resto das persoas declarables: persoas non incluídas nalgún dos casos anteriores. <p>Os datos mínimos obrigatorios que incluír neste módulo, ademais da "Natureza da persoa", "Nome" e "País de residencia", son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para os emisores de valores cotizados que sexan titulares de riscos declarables á CIR, "Sector", "Domicilio", "Forma social" e "Código ISIN". - Para os emisores de valores cotizados que non sexan titulares de riscos declarables á CIR, "Sector", "Forma social" e "Código ISIN". - Para os accionistas da entidade declarante, "Forma social". - Para os titulares de riscos indirectos con datos non facilmente accesibles, "Sector". - Para os titulares de riscos diferentes dos anteriores e resto das persoas declarables, "Sector", "Domicilio" e "Forma social". <p>Cando os titulares sexan persoas físicas, ademais dos datos anteriores serán obrigatorios os seguintes: "Data de nacemento", "País de nacemento", "Sexo" e "Código NIE ou NIF" ou "Número de pasaporte ou de identidade válido no país de orixe da persoa", salvo que se trate de accionistas da entidade declarante ou titulares de risco indirecto con datos non facilmente accesibles.</p> <p>En todo caso, forneceranse cantos datos de identificación dispoña a entidade independentemente da súa obrigatoriedade.</p> <p>Cando concorran varios motivos para solicitar o código, indicarse o que supoña a obrigación de facilitar máis datos.</p>
Natureza da persoa	<p>Indica se se trata de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Persoa física - Persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica
Nome	<p>Mesma definición que no dato de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.</p>

Sector	<p>Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.</p> <p>As entidades declarantes deben declarar esta dimensión. Non obstante, a CIR comunicarlles, xunto co código de identificación asignado á persoa, o sector en que a terán que declarar no módulo A.1.</p> <p>Se a entidade considera que o sector asignado pola CIR non é o adecuado, deberá escribir á CIR e xuntar a documentación necesaria para xustificar a inclusión noutro sector.</p>
Domicilio	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.
País de residencia	Código ISO alfabético do país de residencia da persoa.
Código NIE ou NIF	Número de identificación de estranxeiro (NIE) ou número de identificación fiscal (NIF) que, se for o caso, teña asignado en España.
Código de identificación fiscal ou asimilado	Código de identificación fiscal ou outro código que lle asignase a cámara de comercio ou outro organismo que se encargue desa función no seu país de residencia.
DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS FÍSICAS	
Data de nacemento	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.
País de nacemento	Mesma definición que na dimensión de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.
Sexo	Mesma definición que na dimensión de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.
Número de pasaporte ou de identidade válido no país de orixe da persoa	Cando a persoa física non teña asignado un NIE ou NIF en España, número de pasaporte ou doutro documento de identidade válido no seu país de orixe ou residencia.
Código asignado polo Banco de España	Código asignado polo Banco de España ao titular se foi declarado previamente pola entidade con outro país de residencia.
DATOS ADICIONAIS PARA AS EMPRESAS	
Forma social (abreviatura)	Abreviaturas que se utilicen no país de residencia para as entidades que sexan empresas, utilizando en todo caso o alfabeto latino. Non obstante o anterior, todas as sucursais de sociedades cuxa sede social se encontre noutro país identificaranse como "SUC".
DATOS ADICIONAIS PARA AS PERSOAS XURÍDICAS	
Código ISIN	Cando a persoa emitise valores cotizados, código alfanumérico ISIN dalgunha das súas emisións de valores con saldo vivo.
Código SWIFT	Código SWIFT que, se for o caso, teña asignado a persoa.
INFORMACIÓN CUALITATIVA	Información adicional en forma de texto, diferente da incluída nos datos anteriores, que axude á identificación da persoa para a cal se solicita o código e do sector a que pertence.

B.1 DATOS BÁSICOS QUE RELACIONAN AS PERSOAS COAS OPERACIÓNS	
Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Código da persoa	Código da persoa que intervéñ na operación declarado no módulo A.1, Datos que identifican as persoas.
Natureza da intervención na operación	<p>Natureza na cal intervéñ a persoa na operación:</p> <p><i>a) Titulares de riscos directos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Titular de risco directo único - Titular de risco directo solidario - Titular de risco directo mancomunado non solidario con outros titulares mancomunados - Titular de risco directo mancomunado solidario con outros titulares directos mancomunados - Titular de risco por subvencionar o principal - Titular de risco por subvencionar exclusivamente xuros <p><i>b) Titulares de riscos indirectos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Garante solidario - Garante non solidario - Compromiso de sinatura en efectos - Contraparte nun derivado de crédito comprado - Asegurador ou afianzador - Terceiro comprometido a pagar importes nunha operación de arrendamento financeiro <p><i>c) Resto das situacións:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Entidade axente do préstamo sindicado - Sociedade instrumental tedora - Entidade non declarante que xestiona a operación - Entidade declarante que concede de forma solidaria a operación - Entidade emisora dos valores adquiridos temporalmente - Entidade emisora dos valores prestados <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Titular de risco directo (único, solidario ou mancomunado): titulares de operacións que sexan prestameiros, avalados ou contrapartes directas da entidade declarante ou emisores de valores propiedade desta. Indicarase que o titular é único cando a operación teña un só titular; que é solidario, cando a operación teña dous ou máis titulares que respondan solidariamente da totalidade do risco, e mancomunado, cando a operación teña dous ou máis titulares que respondan mancomunadamente do risco. Para os titulares mancomunados, indicarase que son solidarios con outros titulares mancomunados cando actúen de forma solidaria entre si (por exemplo, matrimonios que son titulares de forma solidaria dun determinado importe do risco), e titulares mancomunados non solidarios con outros titulares mancomunados, nos demais casos. - Titular de risco directo por subvencionar (principal ou exclusivamente xuros): persoas que subvencionan o principal ou exclusivamente os xuros de operacións concedidas a titulares de riscos directos. Os titulares que reciben a subvención decláranse nesta dimensión co valor que lles correspondería se a operación non estivese subvencionada. Estas operacións téñense que declarar con códigos de operación diferentes para os titulares que reciben a subvención e para os titulares que a pagan. - Garante (solidario ou non solidario): titulares de riscos indirectos que avalasen, afianzasen ou contraavalasen a operación no propio contrato, salvo que a operación consista en efectos financeiros ou comerciais. Indicarase que o garante é solidario cando avale solidariamente con outra ou outras persoas a totalidade ou parte do risco, e non solidario

	<p>cando responda de forma individual de todo ou parte do risco. Unha mesma operación pode ter simultaneamente varios garantes non solidarios e mesmo garantes que sexan solidarios entre si.</p> <ul style="list-style-type: none">- Compromiso de sinatura en efectos: titulares de risco indirecto que comprometesen a súa sinatura nos efectos financeiros ou comerciais en que se instrumente a operación.- Contraparte nun derivado de crédito comprado: titulares de risco indirecto que vendesen protección nun derivado de crédito que non forme parte dunha titulización sintética.- Asegurador ou afianzador: titulares de risco indirecto, sexan persoas físicas ou xurídicas, que garantan ou reavalen a operación noutro tipo de contrato, tales como seguros de crédito ou caución, pólizas de crédito para cobertura de faltas de pagamento ou outros afianzamentos distintos dos derivados de crédito.- Terceiro comprometido a pagar importes nunha operación de arrendamento financeiro: persoas diferentes dos arrendatarios que se comprometen a adquirir o activo cedido en operacións cualificadas contablemente como arrendamentos financeiros se non o fan os arrendatarios.- Entidade axente do préstamo sindicado: entidade que actúa como axente en operacións sindicadas, mesmo cando o axente sexa a propia entidade declarante.- Sociedade instrumental tedora: sociedade instrumental española da entidade declarante que ten contabilizada a operación nos seus libros. Este valor declararase cando a operación se declare co valor 11 na dimensión "Localización da actividade (país da operación)" do módulo B.2, Datos básicos das operacións.- Entidade non declarante que xestiona a operación: entidade non declarante á CIR que cedese os préstamos declarados sempre que continúe coa súa xestión fronte aos clientes. Este valor declararase cando a operación se declare como "Adquisición mantendo a xestión unha entidade non declarante" na dimensión "Orixe da operación" do módulo B.2, Datos básicos das operacións.- Entidade declarante que concede de forma solidaria a operación: entidade declarante que concede unha garantía financeira ou outro aval ou caución non financeiro de forma solidaria coa entidade declarante do módulo.- Entidade emisora dos valores adquiridos temporalmente: entidade emisora dos valores que a entidade declarante adquire temporalmente.- Entidade emisora dos valores prestados: entidade emisora dos valores que a entidade declarante prestou. <p>As operacións titulizadas sinteticamente vincúlanse coas contrapartes que venden a protección crediticia no módulo F, Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros.</p>
--	--

B.2 DATOS BÁSICOS DAS OPERACIÓNS**Código da operación**

Código alfanumérico que identifica na CIR a operación.

Este código é único para cada operación e non se pode reutilizar para outras operacións, aínda que a operación previa se dese de baixa da CIR. O código débese manter invariable durante a vida da operación, salvo que, por razóns administrativas, sexa necesario modificalo, e neste caso relacionarase o código orixinal co novo código no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.

O código da operación será normalmente o que a entidade declarante utilice para efectos de xestión na súa base de datos, salvo que, como consecuencia das precisións que se fan a seguir, unha operación se teña que declarar como se fosen varias operacións diferentes. Neste caso, a entidade poderá utilizar calquera criterio para conseguir ese obxectivo (como engadir un número secuencial ou unha data ao código que se utilice para efectos de xestión, ou simplemente darlle un código totalmente novo).

As operacións declararanse individualmente, coas seguintes precisións:

- Crédito comercial con recurso: nas operacións de desconto comercial e *factoring* con recurso decláranse como operacións independentes cada unha das liñas comprometidas ou contratos diferentes cos cedentes, e non cada unha das remesas, letras ou documentos.
- Crédito comercial sen recurso: nas operacións sen recurso declárase cada unha das liñas diferentes que teña aberta a entidade para os obrigados ao pagamento por este tipo de operacións, e non cada unha das remesas, letras ou documentos.
- Contas de crédito: cando se renova unha conta de crédito asinando unha nova póliza, a nova operación declárase á CIR cun código diferente á operación que substitúa, aínda que a entidade lle asigne o mesmo número de conta para efectos de xestión. Os códigos de ambas as contas relacionarase no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.
- Excedidos en conta de crédito: estes importes decláranse cun código de operación diferente ao da conta de crédito cuxo límite de crédito se supera.
- Tarxetas de crédito: utilizarase o mesmo código de operación cando se renove a tarxeta, salvo que o titular asine un novo contrato.
- Valores representativos de débeda: os valores representativos de débeda correspondentes á mesma emisión decláranse sempre co mesmo código de operación (que pode ser o seu código ISIN), mesmo cando xa se declarasen importes para a mesma emisión con anterioridade e se desen de baixa da CIR por non teren saldo a final de mes.

Non obstante, se a entidade ten que declarar simultaneamente o mesmo valor máis dunha vez como consecuencia de telo rexistrado contablemente en máis dun país, deberanse utilizar códigos de operación diferentes para cada un dos países en que estea rexistrado contablemente (este código poderá ser, por exemplo, o código ISIN máis o código ISO correspondente ao país da sucursal onde estea rexistrado contablemente).

- Operacións con titulares mancomunados: estas operacións declararanse con tantos códigos diferentes como titulares mancomunados interveñan na operación, salvo para aqueles titulares que sexan solidarios entre si, e neste caso o código da operación será o mesmo para os ditos titulares. Os diferentes códigos de operación asignados para a mesma operación relacionarase no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.
- Operacións subvencionadas: os importes que correspondan ás persoas que subvencionan as operacións declararanse cun código de operación diferente ao que se asigne aos titulares subvencionados. Neste módulo imputarase a cada titular o importe do principal e límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación que lle corresponda; polo que, cando o titular só subvencione os xuros, non se declarará este dato nos ditos importes para o código da operación que se lle asigne. Os códigos de operación asignados para a mesma operación relacionarase no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.

	<p>- Operacións procedentes dunha subrogación do debedor: estas operacións declararanse cun código diferente do código da operación subrogada, aínda que a entidade manteña o mesmo código para efectos de xestión. Os códigos de ambas as operacións relacionaranse no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.</p> <p>Cando unha operación sexa declarada á CIR por dúas entidades diferentes (por exemplo, unha como prestamista e outra como garante), cada entidade declararáa co seu propio código.</p>
Código do valor	<p>Para os valores representativos de débeda propiedade da entidade e para os valores representativos de débeda e instrumentos de patrimonio adquiridos temporalmente ou prestados a terceiros, código ISIN que teña asignado o valor, ou, se non ten asignado ese valor, o código que utilice a entidade para identificalo na restante información sobre valores que se comunique ao Banco de España.</p> <p>Para o resto das operacións non se declarará este dato.</p>
Localización da actividade (país da operación)	<p>Código ISO alfabético do país en que se encontre a sucursal en que estea rexistrada contablemente a operación.</p> <p>Cando a operación estea rexistrada en España nos libros da entidade declarante, declárase ES.</p> <p>Cando o préstamo estea rexistrado nos libros dunha sociedade instrumental española, declárase 11. Neste caso será necesario declarar o código de identificación da entidade tedora no módulo B.1, Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións.</p>
PARTE 1 DATOS QUE DEBEN DECLARAR TODAS AS ENTIDADES DECLARANTES	
Tipo de produto	<p>Tipo de produto a que pertence a operación:</p> <p>a) <i>Para os préstamos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Crédito comercial <ul style="list-style-type: none"> • Crédito comercial con recurso <ul style="list-style-type: none"> - Desconto de papel comercial - Resto das operacións • Crédito comercial sen recurso <ul style="list-style-type: none"> - Pagamento a provedores con investimento - Pagamento a provedores sen investimento - <i>Factoring</i> con investimento - <i>Factoring</i> sen investimento - Crédito financeiro <ul style="list-style-type: none"> • Contas de crédito con disposicións por etapas • Resto das contas de crédito • Efectos financeiros • Préstamos con disposicións por etapas • Hipotecas inversas • Outros préstamos con entregas aprazadas de principal • Préstamos híbridos • Resto dos préstamos a prazo • Tarxetas de crédito • Contas correntes ou de aforro • Contas mutuas • Descubertos • Excedidos en contas de crédito • Anticipos de pensión ou nómina • Activos procedentes de operacións fóra de balance • Derivados non pagos • Resto dos préstamos á vista - Arrendamento financeiro <ul style="list-style-type: none"> • Arrendamento financeiro para o arrendatario • Arrendamento operativo para o arrendatario - Adquisición temporal de activos <p>b) <i>Para os valores representativos de débeda:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Valores representativos de débeda

c) *Para as garantías financeiras:*

- Aval financeiro
 - Ante entidade declarante
 - Solidario con outras entidades declarantes
 - Resto
- Derivado de crédito (protección vendida)
 - Ante entidade declarante
 - Resto

d) *Compromisos de préstamo*

- Depósitos a futuro

e) *Para os outros compromisos con risco de crédito:*

- Avais e caucións non financeiros prestados
 - Ante entidade declarante
 - Solidarios con outras entidades declarantes
 - Resto
- Créditos documentarios irrevogables
- Dispoñibles noutros compromisos
 - Pólizas de risco global-multiúso
 - Liña de avais
 - Liña de créditos documentarios
 - Crédito por disposicións

f) *Para os préstamos de valores:*

- Valores prestados

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

a) *Préstamos:*

- Crédito comercial: créditos concedidos sobre a base de dereitos de cobramento (efectos ou outros documentos) que xorden ao aprazar o cobramento de operacións de compravenda de bens ou prestación de servizos. Estas operacións inclúen o desconto de papel comercial, o *factoring* e o pagamento a provedores.

O crédito comercial clasifícase como "con recurso", e considérase como titular do risco directo o cedente, cando este retén substancialmente todos os riscos e beneficios dos dereitos de cobramento, ou, cando sen transferilos nin retelos substancialmente, a entidade declarante non adquire o control dos seus fluxos de efectivo, con independencia de como se denomine a operación no contrato. Entre as operacións con recurso inclúese o desconto de papel comercial e as operacións de *factoring* en que o cedente debe devolver o importe cobrado ou pagar xuros de demora en caso de que ao vencemento o obrigado ao pagamento non o faga.

O crédito comercial clasifícase como "sen recurso", e considérase como titular do risco directo o obrigado ao pagamento da débeda, cando o cedente dos dereitos de cobramento transfere substancialmente todos os riscos e beneficios, ou, cando sen transferilos nin retelos substancialmente, a entidade declarante adquire o control dos seus fluxos de efectivo. Entre as operacións sen recurso, inclúense as operacións de *factoring* en que o cedente non debe devolver o principal nin pagar xuros de demora en caso de que ao vencemento o obrigado ao pagamento non o faga.

As operacións sen recurso clasifícanse como "pagamento a provedores", cando a entidade declarante entra na operación como consecuencia dun contrato asinado co obrigado ao pagamento polo que este se compromete a pagar á entidade as súas débedas cos provedores ao seu vencemento, ou como *factoring* nos demais casos.

Pola súa vez, as operacións sen recurso clasifícanse como "con investimento" cando a entidade declarante pode desembolsar o importe da débeda aos cedentes antes do seu vencemento, ou como "sen investimento" cando unicamente se obriga ao seu pagamento o día do seu vencemento.

Nas operacións de crédito comercial, calquera que sexa o produto, só se debe declarar límite cando a entidade teña unha liña comprometida co cliente. Para estes efectos, enténdese por liña comprometida de crédito comercial cando a entidade asinase cos cedentes ou obrigados finais ao pagamento un contrato polo cal se compromete a aceptar operacións até un límite durante un prazo determinado.

- Contas de crédito con disposicións por etapas: operacións que funcionan como contas correntes en que a entidade pon á disposición do cliente un límite máximo de endebedamento, do cal unha parte só se entrega ao titular cando se cumpren determinados requisitos (como é a entrega de certificacións de obra) ou se produce a subrogación, parcial ou total, da débeda por un terceiro, tal e como ocorre nas operacións coñecidas como "contas de crédito a promotor". Neste último caso, o importe que se debe facilitar a terceiros declárase na dimensión "Risco dispoñible. Importe á disposición de terceiros" do módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos.
- Resto das contas de crédito: operacións que funcionan como contas correntes en que a entidade pon á disposición do cliente un límite máximo de endebedamento sen restricións desde o inicio da operación.
- Efectos financeiros: letras e notas promisorias singulares que serven de instrumentación de créditos distintos dos comerciais.
- Préstamos con disposicións por etapas: préstamos que non cumpren os criterios para clasificalos como contas de crédito con entrega aprazada de principal ao prestameiro nos cales unha parte do importe só se entrega ao titular cando se cumpren determinados requisitos (como é a entrega de certificacións de obra) ou se produce a subrogación, parcial ou total, da débeda por un terceiro, tal e como ocorre cos coñecidos como "préstamos promotor". Neste último caso, o importe que se debe facilitar a terceiros declárase na dimensión "Risco dispoñible. Importe á disposición de terceiros" do módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos.
- Hipotecas inversas: préstamos con garantía hipotecaria dun ben inmueble nos cales o titular realiza disposicións, periódicas ou únicas, até un importe máximo determinado por unha porcentaxe do valor de taxación do inmueble no momento da formalización da operación e que se cancelan ao falecemento do titular ou dos seus beneficiarios. En España son as operacións reguladas pola disposición primeira da Lei 41/2007.
- Outros préstamos con entrega aprazada de principal: préstamos en que o prestameiro non dispón do importe total do principal no inicio da operación e non cumpren os criterios para clasificalos como "contas de crédito", "préstamos con disposicións por etapas" ou "hipotecas inversas".
- Préstamos híbridos: préstamos que teñen incorporado un derivado implícito con características e riscos económicos distintos aos do contrato principal.
- Resto dos préstamos a prazo: préstamos en que o prestameiro dispón da totalidade do principal no inicio da operación e non cumpren os criterios para clasificalos como "hipotecas inversas" ou "préstamos híbridos". Inclúe, entre outros, os depósitos a prazo realizados noutras entidades de crédito.
- Tarxetas de crédito: tarxetas de débito diferido ou tarxetas de crédito, con independencia de que o titular non solicítase o pagamento aprazado.
- Contas correntes ou de aforro: saldos debedores de depósitos á vista efectuados en entidades de crédito instrumentados como contas correntes (contas mobilizables mediante cheque e depósitos con vencemento inicial dun día e os que estean suxeitos a un aviso previo de 24 horas ou un día laborable) ou contas de aforro (depósitos instrumentados en contas de aforro non mobilizables mediante cheque).
- Contas mutuas: saldos debedores de operacións de correspondencia bancaria con outras entidades de crédito nas cales ambas as entidades poden realizar cargos e aboamentos e que, xeralmente, teñen unha aplicación de xuros simétrica.
- Descubertos: descubertos en depósitos á vista que non se produzan ao abeiro dun contrato ou pacto expreso, con contía e vencementos determinados.
- Excedidos en contas de crédito: importe que excede o límite dunha conta de crédito.

- Anticipos de pensión ou nómina: anticipos sobre pensións e nóminas correspondentes ao mes seguinte, sempre que a entidade pagadora sexa unha Administración pública e aquelas estean domiciliadas na entidade declarante.
- Activos procedentes de operacións fóra de balance: importes rexistrados no activo do balance como consecuencia de incumprimentos polos titulares de operacións fóra de balance, tales como activos que xurdan como consecuencia de préstamos de valores incumpridos ou pagamentos aos beneficiarios ou importes exixidos por estes de garantías financeiras ou avais e caucións non financeiros por incumprimento das persoas cuxos riscos estaban garantidos, ou falta de pagamento das comisións vencidas que cobre a entidade por este tipo de operacións. O código destas operacións débese vincular co das operacións de que proceden no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.
- Derivados non pagos: importe vencido e pendente de cobramento de derivados con saldo favorable para a entidade declarante ao seu vencemento.
- Resto dos préstamos á vista: operacións á vista con natureza de préstamos para efectos dos requirimentos estatísticos da Unión Europea non incluídas nos valores anteriores.

- Arrendamentos financeiros: operacións de arrendamento que a entidade declarante rexistra contablemente como préstamos porque transferiu substancialmente todos os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Este concepto comprende as cotas que debe pagar o arrendatario, o importe comprometido por terceiros distintos do arrendatario e os valores residuais non garantidos.

Os arrendamentos financeiros clasifícanse como "Arrendamento financeiro para o arrendatario" cando este adquire substancialmente todos os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo, ou como "Arrendamento operativo para o arrendatario" cando a entidade declarante rexistre contablemente a operación como arrendamento financeiro exclusivamente porque hai terceiros distintos dos arrendatarios que se comprometeron a efectuar determinados pagamentos.

- Adquisición temporal de activos: préstamos concedidos a cambio de valores ou ouro transferidos temporalmente mediante unha compra con retrocesión non opcional, así como importes entregados como garantía en efectivo de valores recibidos en préstamo.

b) Valores representativos de débeda:

Os valores representativos de débeda son as obrigacións e demais valores que creen ou recoñezan unha débeda para o seu emisor, mesmo os efectos negociables emitidos para a súa negociación entre un colectivo aberto de investidores, que devindiquen unha remuneración consistente nun xuro, implícito ou explícito, cuxo tipo, fixo ou definido por referencia a outros, se estableza contractualmente, ou incorporen un derivado implícito con características e riscos económicos distintos aos do contrato principal, e se instrumenten en títulos ou en anotacións na conta, calquera que sexa o suxeito emisor, excepto se pertence ao sector fogares.

As tenzas de valores representativos de débeda emitidos pola propia entidade declarante non se declaran á CIR.

c) Garantías financeiras:

As garantías financeiras son contratos que exigen que o emisor efectúe pagamentos específicos para reembolsar ao acredor pola perda en que incorre cando un debedor específico incumpe a súa obrigación de pagamento de acordo coas condicións, orixinais ou modificadas, dun instrumento de débeda (valor representativo de débeda, préstamo ou saldo debedor calquera que sexa a orixe da débeda), con independencia da súa forma xurídica. Inclúe as operacións que garanten, pola súa vez, operacións que cumpren a definición de garantías financeiras. En función da forma en que se instrumenten, clasifícanse en:

- Avais financeiros: operacións en que a garantía financeira a contrata o emisor ou obrigado ao pagamento dos instrumentos de débeda que se garanten.

- Derivados de crédito (protección vendida): operacións en que a garantía financeira a contrata quen compra a protección, é dicir, o beneficiario da garantía.

As garantías financeiras divídense en "Ante entidade declarante", "Solidarias con outras entidades declarantes" e "Resto". As primeiras inclúen os contratos en que os beneficiarios da garantía son entidades declarantes á CIR; as segundas, aqueles en que a entidade declarante garante de forma solidaria xunto con outra ou outras entidades declarantes, e as terceiras, o resto das garantías.

d) Compromisos de préstamo

- Depósitos a futuro: operacións en que a entidade se compromete a dar nunha determinada data un préstamo (ou a efectuar un depósito) a un tipo e prazo especificado.

e) Outros compromisos con risco de crédito:

- Avais e caucións non financeiros prestados: toda clase de garantías e fianzas distintas das garantías financeiras en que a entidade se obriga a compensar un beneficiario en caso de incumprimento dunha obrigaición específica. Inclúe operacións tales como as fianzas dadas para asegurar a participación en poxas e concursos, ou o bo fin dunha obra ou operación, así como calquera outra clase de avais técnicos e de importación e exportación de bens e servizos, incluídas as promesas de aval formalizadas irrevogables e as cartas de garantía en canto poidan ser exixibles por dereito e os afianzamentos de calquera tipo. Os avais e caucións non financeiros prestados divídense en "Ante entidade declarante", "Solidarios con outras entidades declarantes" e "Resto".

- Créditos documentarios irrevogables: os compromisos irrevogables de pagamento adquiridos contra entrega de documentos.

- Pólizas de risco global-multiúso: pólizas globais de risco coñecidas como "multiúso" porque, segundo o seu condicionado, os titulares poden dispor do seu importe para formalizaren diferentes tipos de produtos. As diferentes disposicións téñense que relacionar coa operación de que proceden no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.

- Liñas de avais: liñas formalizadas para a concesión de garantías financeiras ou avais e caucións non financeiros. As diferentes disposicións téñense que relacionar coa operación de que proceden no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.

- Liñas de créditos documentarios: liñas formalizadas para a concesión de créditos documentarios. As diferentes disposicións téñense que relacionar coa operación de que proceden no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.

- Crédito por disposicións: operacións en que o titular pode realizar unha ou máis disposicións en forma de préstamo até o límite dispoñible en cada momento. Conforme se van realizando as disposicións, cada unha delas declárase como unha operación diferente. As operacións que se orixinen como consecuencia das diferentes disposicións téñense que relacionar coa operación de que proceden no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.

f) Préstamos de valores:

- Valores prestados: operacións en que a entidade declarante cede ao prestameiro a plena titularidade duns valores co compromiso de devolver outros da mesma clase dos recibidos, sen que este efectúe ningún desembolso, salvo o pagamento de comisións. Cando nunha operación de préstamo de valores ambas as entidades intercambien valores, considerárase entidade prestamista a que cobre as comisións. Esta tratará como activos recibidos en garantía da operación os valores que recibise da contraparte (que normalmente terán un valor razoable maior que o dos valores prestados).

A cada operación asígnaselle un só tipo de produto durante a súa vida con independencia de que teña importes vencidos pendentes de cobramento, sen prexuízo do tratamento específico para os activos procedentes de operacións fóra de balance; por tanto, o valor "Resto dos préstamos á vista" incluírá operacións distintas de importes vencidos doutros produtos.

Subordinación do produto	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, indica se se trata dunha operación subordinada ou un financiamento de proxectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subordinado - Financiamento de proxectos - Resto das situacións <p>Para o resto das operacións declararase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subordinado: operacións, calquera que sexa a forma en que se instrumenten, que, para efectos de prelación de créditos, se sitúen detrás dos acredores ordinarios. - Financiamento de proxectos: operacións cuxo principal e xuros só se recuperan cos ingresos dos proxectos que financian, por non responderen co seu patrimonio as entidades financiadas. - Resto das situacións: operacións que non cumpren a definición de subordinadas ou financiamento de proxectos.
Tipo de risco asociado aos derivados	<p>Para os derivados non pagos e os préstamos híbridos e valores representativos de débeda híbridos, tipo de risco que se asume nos derivados non pagos ou nos derivados implícitos con características e riscos económicos distintos aos do contrato principal:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Risco de tipo de xuro - Risco de troco - Risco de crédito (protección vendida) - Risco de accións - Risco de materias primas - Outro risco <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os criterios para clasificar os derivados en función do risco que se asume conforme o disposto na normativa contable aplicable.</p> <p>Para o resto das operacións, declararase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable
Finalidade da operación	<p>Finalidade a que se destina a operación con independencia da actividade económica que, se for o caso, realice o titular.</p> <p>Esta dimensión facilitarana exclusivamente as entidades de crédito, as sociedades de garantía recíproca, as sociedades de reafianzamento e Sareb; o resto das entidades non declararán este dato.</p> <p>Os valores segundo o tipo de instrumento son:</p> <p>a) Para os préstamos a fogares (empresarios individuais e resto), sempre que non se destinen a actividades empresariais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consumo <ul style="list-style-type: none"> • Adquisición de bens de consumo duradeiro • Adquisición doutros bens e servizos correntes - Vivenda <ul style="list-style-type: none"> • Adquisición por primeira vez de vivenda habitual (vivenda protexida) • Adquisición por primeira vez de vivenda habitual (vivenda libre) • Resto das adquisicións de vivendas habituais • Adquisición de vivendas para o seu alugamento a terceiros • Resto das adquisicións • Rehabilitación - Outros fins <ul style="list-style-type: none"> • Adquisición de terreos • Adquisición de garaxes e rochos non asociados á adquisición da vivenda • Adquisición de valores • Reunificación de débedas • Resto

	<p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vivenda: financiamento destinado á compra de vivendas terminadas ou en construción, incluída a autopromoción da vivenda polo propio fogar, así como á rehabilitación de vivendas. Estas operacións clasificaranse, pola súa vez, en: <ul style="list-style-type: none"> - Adquisición por primeira vez de vivenda habitual (vivenda protexida ou libre): inclúe exclusivamente aquelas adquisicións en que o fogar accede por primeira vez á posesión dunha vivenda como residencia habitual. - Resto das adquisicións de vivendas habituais: inclúe as adquisicións de vivenda habitual cando o titular xa dispuña previamente dunha vivenda habitual en propiedade. - Resto das adquisicións: operacións que teñan como finalidade a adquisición de vivendas distintas da habitual ou das que se destinen ao alugamento. - Rehabilitación: operacións que teñan como finalidade a rehabilitación das vivendas. - Outros fins. Adquisición de valores: financiamento destinado á adquisición de valores representativos de débeda ou de instrumentos de patrimonio. - Outros fins. Reunificación de débedas: operacións que se formalizasen para refinar máis dunha operación concedida pola propia entidade, ou unha ou máis operacións concedidas por outra ou outras entidades. Cando se refinance exclusivamente unha operación da propia entidade, a nova operación continuarase declarando coa finalidade da cancelada. - Outros fins. Resto: operacións que non teñen cabida noutras finalidades. Inclúe, entre outras, as operacións clasificadas como "crédito comercial sen recurso". <p>b) Para o resto dos préstamos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria <ul style="list-style-type: none"> • Vivendas <ul style="list-style-type: none"> - Vivendas de protección oficial - Outras vivendas de primeira residencia - Resto das vivendas • Oficinas, locais e naves polivalentes • Resto dos edificios • Actividade xeral - Financiamento de solo para promoción inmobiliaria <ul style="list-style-type: none"> • Solo urbano ou urbanizable <ul style="list-style-type: none"> - Para uso predominantemente residencial - Para o resto dos usos • Solo non urbanizable con expectativas urbanísticas <ul style="list-style-type: none"> - Para uso predominantemente residencial - Para o resto dos usos - Financiamento de construción de obra civil - Financiamento de edificios ou parte de edificios para uso propio - Financiamento de activos inmobiliarios para cesión en arrendamento a terceiros - Financiamento do resto dos terreos - Financiamento de activos inmobiliarios para outras finalidades - Financiamento de fusións e adquisicións de participacións en empresas - Financiamento das garantías - Financiamento de actividades agrícolas e gandeiras - Financiamento de activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas - Financiamento doutros activos non correntes - Financiamento de exportacións - Financiamento de importacións - Financiamento de circulante - Resto das finalidades <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria (vivendas, oficinas, locais e naves polivalentes, e resto dos edificios): operacións cuxa finalidade sexa a promoción de vivendas ou edificios durante a súa fase de construción e até a súa efectiva venda
--	---

ou alugamento. Non inclúe, por tanto, as autopromocións para uso propio. Os financiamentos distribúense en función do tipo de inmovible financiado. Pola súa vez, as vivendas deságréganse en función da súa natureza en vivendas de protección oficial, outras vivendas de primeira residencia (aquelas que predominantemente vaian ser adquiridas para destinalas a residencia habitual) e o resto das vivendas. O resto dos edificios deságréganse segundo sexan ou non de uso polivalente. Para estes efectos, considéranse oficinas, locais e naves polivalentes aqueles, vinculados ou non a unha explotación económica, que non incorporan características ou elementos construtivos ou normativos que limiten ou dificulten o seu uso para diferentes actividades, sen grandes transformacións ou cambios, o que pode facilitar a súa fácil realización en efectivo.

- Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria. Actividade xeral: financiamentos a empresas dedicadas á construción ou promoción inmobiliaria que se destinen á dita actividade sen estaren asignadas a unha promoción ou construción concreta. Non inclúe as operacións destinadas ás industrias auxiliares da construción, tales como instalacións eléctricas, fontanaría, carpintaría, pintura, etc.
- Financiamento de solo para promoción inmobiliaria: operacións destinadas á compra ou urbanización de solo destinado á promoción inmobiliaria, polo que non inclúe os solos para autopromocións para uso propio. Estas operacións clasifícanse, en primeiro lugar, en función da clasificación urbanística do solo financiado (solo urbano ou urbanizable e non urbanizable con expectativas urbanísticas) e, adicionalmente, en función do seu uso predominante (residencial e resto dos usos). Os criterios para a clasificación urbanística e uso son os incluídos nas dimensións "Tipo de activo (inmóbles)" e "Predio rústico con expectativas urbanísticas" do módulo D.2, Datos básicos dos inmóbles recibidos en garantía. Os financiamentos clasifícanse con esta finalidade mentres non se inicie a construción de edificios.
- Financiamento de construción de obra civil: inclúe as operacións destinadas a construción de obras civís, tales como estradas, pontes, canles, portos, etc.
- Financiamento de edificios ou parte de edificios para uso propio: financiamento de edificios ou parte de edificios para seren usados polo prestameiro.
- Financiamento de activos inmobiliarios para cesión en arrendamento a terceiros: financiamento de inmóbles que o prestameiro ten para a súa cesión en arrendamento.
- Financiamento do resto dos terreos: asignarase ás adquisicións de terreos para os cales non se iniciasen ou vaian iniciar promocións inmobiliarias.
- Financiamento de activos inmobiliarios para outras finalidades: financiamento de inmóbles para finalidades diferentes das enumeradas nos guións anteriores.
- Financiamento de fusións e adquisicións de participacións en empresas: operacións desta natureza salvo que cumpran a definición de financiamento de garantías.
- Financiamento das garantías: préstamos relacionados coa compravenda, transferencia ou negociación de valores que están suxeitos a risco de contraparte no cálculo do coeficiente de recursos propios.
- Financiamento doutros activos non correntes: financiamento de activos non correntes segundo se definen no Plan xeral de contabilidade non incluídos nos guións anteriores.
- Resto das finalidades: asignarase aos financiamentos que non teñen cabida noutras finalidades.

c) Para os valores representativos de débeda:

- Financiamento de construción ou promoción inmobiliaria
 - Vivendas
 - Vivendas de protección oficial
 - Outras vivendas de primeira residencia
 - Resto das vivendas
 - Oficinas, locais e naves polivalentes
 - Resto dos edificios
 - Actividade xeral
- Financiamento de solo para promoción inmobiliaria
 - Solo urbano ou urbanizable

	<ul style="list-style-type: none"> - Para uso predominantemente residencial - Para o resto dos usos • Solo non urbanizable con expectativas urbanísticas <ul style="list-style-type: none"> - Para uso predominantemente residencial - Para o resto dos usos - Financiamento de construción de obra civil - Outra finalidade <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os mesmos criterios que os sinalados na anterior letra b).</p> <p>d) Para as garantías financeiras a fogares (empresarios individuais e resto) sempre que non se destinen a actividades empresariais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía de crédito pecuniario para o resto das finalidades (fogares) - Garantía de crédito de sinatura para o resto das finalidades (fogares) <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía de crédito pecuniario para o resto das finalidades (fogares): garantías financeiras directas de riscos pecuniarios, incluídos os aprazamentos de pagamento de todo tipo de débedas cando os titulares pertencen ao sector fogares e non se destinen a actividades empresariais. - Garantía de crédito de sinatura para o resto das finalidades (fogares): garantías financeiras indirectas de riscos pecuniarios (reavais de avais de créditos pecuniarios) cando os titulares pertencen ao sector fogares e non se destinen a actividades empresariais. <p>e) Para o resto das garantías financeiras:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía de crédito pecuniario <ul style="list-style-type: none"> • Para financiar construcións ou promocións inmobiliarias • Para financiar a construción de obra civil • Para o resto das finalidades (resto) - Garantía de crédito de sinatura <ul style="list-style-type: none"> • Para financiar construcións ou promocións inmobiliarias • Para financiar a construción de obra civil • Para o resto das finalidades (resto) - Aprazamento de pagamento en compravenda de bens no mercado interior <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía de crédito pecuniario para financiar construcións ou promocións inmobiliarias: garantías financeiras directas de riscos pecuniarios, incluídos os aprazamentos de pagamento de todo tipo de débedas, que teñan como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria. - Garantía de crédito pecuniario para financiar a construción de obra civil: garantías financeiras directas de riscos pecuniarios, incluídos os aprazamentos de pagamento de todo tipo de débedas, que teñan como finalidade a construción de obra civil. - Garantía de crédito pecuniario para o resto das finalidades (resto): garantías financeiras directas de riscos pecuniarios, incluídos os aprazamentos de pagamento de todo tipo de débedas, salvo os correspondentes a compravendas de bens do mercado interior, que non teñan como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria ou a construción de obra civil, cando os titulares non pertencen ao sector fogares ou se destinen a actividades empresariais. - Garantía de crédito de sinatura para financiar construcións ou promocións inmobiliarias: garantías financeiras indirectas de riscos pecuniarios (reavais de avais de créditos pecuniarios) que teñan como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria, incluído o solo. - Garantía de crédito de sinatura para financiar a construción de obra civil: garantías financeiras indirectas de riscos pecuniarios (reavais de avais de créditos pecuniarios) que teñan como finalidade a construción de obra civil.
--	---

- Garantía de crédito de sinatura para o resto das finalidades (resto): garantías financeiras indirectas de riscos pecuniarios (reavais de avais de créditos pecuniarios) que non teñan como finalidade a construción ou promoción inmobiliaria ou a construción de obra civil, cando os titulares non pertencen ao sector fogares ou se destinen a actividades empresariais.

- Aprazamento de pagamento en compravenda de bens no mercado interior: garantías financeiras do aprazamento de pagamento en compravendas de bens no mercado interior.

f) Para as operacións declaradas como "avais e caucións non financeiros prestados" a fogares (empresarios individuais e resto) sempre que non se destinen a actividades empresariais:

- Obrigacións ante alfándegas, facenda, tribunais e organismos públicos (fogares)
- Outras obrigacións (fogares)

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Obrigacións ante alfándegas, facenda, tribunais e organismos públicos (fogares): inclúe as que teñan esa finalidade, salvo que consistan en garantías financeiras para o aprazamento de pagamento de débedas, cando os titulares pertencen ao sector fogares e non se destinen a actividades empresariais.

g) Para as operacións declaradas como "avais e outras caucións non financeiros prestados" a persoas xurídicas e fogares que realizan actividades empresariais:

- Exportación
- Importación
- Construción de vivendas
- Contratación de obras, servizos ou subministracións e concorrencias a poxas
- Obrigacións ante alfándegas, facenda, tribunais e organismos públicos (resto)
- Outras obrigacións (resto)

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Obrigacións ante alfándegas, facenda, tribunais e organismos públicos (resto): inclúe as que teñan esa finalidade, salvo que consistan en garantías financeiras para o aprazamento de pagamento de débedas cando os titulares non pertencen ao sector fogares ou se destinen a actividades empresariais.

h) Para os créditos documentarios:

- Exportación
- Importación

i) Para os depósitos a futuro, pólizas de risco global-multiúso, liñas de avais, liñas de créditos documentarios, créditos por disposicións e valores prestados:

- Non aplicable

Cando unha operación poida ter varias finalidades asignarase á que se destine o maior importe.

Cando unha operación clasificada inicialmente como "Financiamento de solo para promoción inmobiliaria" se teña que asignar a outra finalidade, comunicarse unha modificación polo motivo de "Reclasificación".

Para os activos procedentes de operacións fóra de balance, declararase a mesma finalidade da operación orixinaria que dea lugar ao activo. En particular, nos activos orixinados pola execución das garantías financeiras porase especial dilixencia en declarar a finalidade do financiamento que é obxecto da garantía.

En caso de non poderse concretar a finalidade dos activos procedentes de operacións fóra de balance, así como naquelas operacións que pola súa natureza intrínseca son transitorias, tales como descubertos, anticipo de pensión ou nómina, derivados non pagos e resto dos préstamos á vista, declararase como finalidade "Outros fins. Resto" cando os titulares directos pertencen ao sector "Fogares (empresarios individuais ou resto)" sempre

	<p>que as operacións non se destinen a actividades empresariais, ou "Resto das finalidades" para o resto dos titulares.</p>
<p>Trámites legais realizados para recuperar a operación</p>	<p>Tipo de trámites legais que, se for o caso, se realizasen para recuperar a operación.</p> <p>Esta dimensión facilitarana exclusivamente as entidades de crédito, as sociedades de garantía recíproca, as sociedades de reafianzamento e Sareb; o resto das entidades deixarana en branco.</p> <p>Os valores son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Procedemento xudicial - Rescisión de contrato para recuperar o ben - Contencioso sen iniciar procedemento xudicial - Resto das situacións <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Procedemento xudicial: existe un procedemento xudicial aberto para recuperar a operación. - Rescisión de contrato para recuperar o ben: operación de arrendamento financeiro en que se rescindiu o contrato para recuperar o ben. - Contencioso sen iniciar procedemento xudicial: cando a operación pasou a un departamento ou servizo especializado no seguimento, control e trámites para a recuperación da débeda sen que se iniciasen actuacións xudiciais. - Resto das situacións: cando a operación non estea en ningunha das situacións descritas nos valores anteriores.
<p>Principal ou nocional ao inicio da operación</p>	<p>Para os "préstamos híbridos" e "resto dos préstamos a prazo", o importe do principal ao inicio da operación.</p> <p>Para os efectos financeiros, o valor desembolsado na data de formalización.</p> <p>Para os arrendamentos financeiros, o valor actual na orixe da operación dos importes que se comprometesen a pagar os titulares.</p> <p>Para as garantías financeiras e os avais e caucións non financeiros prestados, o importe máximo do cal responda a entidade fronte a terceiros na data de inicio da operación. Este importe coincide co importe polo que se debe rexistrar a operación en contas de orde nos estados reservados na dita data.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará importe.</p> <p>Este importe non se modificará durante a vida da operación, aínda que se vaia amortizando.</p> <p>Cando as operacións estean denominadas en moedas diferentes do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data da súa formalización. Este importe non se actualizará con posterioridade como consecuencia da variación do tipo de troco.</p>
<p>Límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación</p>	<p>Para os préstamos e outros compromisos con risco de crédito que teñan un límite de disposición comprometido cos titulares que poida ser superior ao importe disposto, límite máximo, na data de orixe da operación, do principal que se ha facilitar ao prestameiro, aínda que poida ser anulado pola entidade sen condicións en calquera momento e sen previo aviso, ou se prevexa a súa cancelación en caso de deterioración da solvencia do titular.</p> <p>O importe das clasificacións internas que realice a entidade para fixar límites á operativa cos clientes non se declara mentres estas non se formalicen como compromisos cos clientes.</p> <p>Nas contas de crédito e préstamos con disposicións por etapas, o límite é o importe máximo comprometido polos titulares do risco directo; por tanto, este importe non inclúe a contía que, se for o caso, se lle entregue ao prestameiro exclusivamente cando se produza a subrogación total ou parcial da operación por terceiros. Véxase o dato "Risco dispoñible. Importe á disposición de terceiros" do módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos.</p> <p>Nas operacións de crédito comercial, importe da liña comprometida formalmente cos titulares segundo se define na dimensión "Tipo de produto" deste módulo.</p>

	<p>Nos dispoñibles noutros compromisos (pólizas de risco global-multiúso, liñas de avais, liñas de créditos documentarios e créditos por disposicións), o límite é o importe máximo do risco comprometido cos titulares na data de orixe da operación.</p> <p>Para o resto de operacións, non se declarará este dato.</p> <p>Cando as operacións estean denominadas en moedas diferentes do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data da súa formalización. Este importe non se actualizará con posterioridade como consecuencia da variación do tipo de troco.</p>
Data de formalización ou emisión	<p>Data de formalización da operación co titular, ou de emisión dos valores representativos de débeda, con independencia de que a entidade declarante adquirise a operación con posterioridade.</p> <p>Este dato facilítase para todas as operacións, excepto para as "contas correntes e de aforro", "contas mutuas", "descubertos", "excedidos en contas de crédito", "anticipos de pensións e nóminas", "activos procedentes de operacións fóra de balance" e "resto dos préstamos á vista". Para as operacións declaradas como crédito comercial, non se declarará este dato, salvo que se trate dunha liña comprometida de crédito comercial.</p> <p>Para os "derivados non pagos", é a data da liquidación non paga.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
Data de vencemento	<p>Data do vencemento final da operación, mesmo nas operacións con amortizacións periódicas.</p> <p>Este dato facilítase para as operacións con vencemento pactado contractualmente, excepto para os préstamos que teñan a natureza de crédito comercial, salvo que se trate dunha liña comprometida de crédito comercial, e neste caso declararase a data en que venza o compromiso de aceptar novos documentos.</p> <p>Para os depósitos a futuro, é a data en que a entidade se comprometeu a efectuar o préstamo ou depósito.</p> <p>Este dato non se declarará para os produtos sen vencemento pactado contractualmente (por exemplo, operacións de crédito comercial diferentes a liñas contractualmente comprometidas, "hipotecas inversas", "contas correntes e de aforro", "contas mutuas", "descubertos", "excedidos en contas de crédito", "anticipos de pensións ou nóminas", "activos procedentes de operacións fóra de balance", "derivados non pagos" e "resto dos préstamos á vista).</p> <p>Este dato tense que modificar se varía a data de vencemento da operación.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
PARTE 2 DATOS ADICIONAIS QUE DEBEN DECLARAR AS ENTIDADES DE CRÉDITO	
Orixe da operación	<p>Indica como se orixinou a operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Orixinada pola entidade - Subrogación do debedor - Subrogación do acredor <ul style="list-style-type: none"> • Procedente doutra entidade declarante do mesmo grupo económico • Procedente doutra entidade non declarante do mesmo grupo económico • Procedente doutra entidade allea ao grupo económico - Segregada doutra operación da entidade - Adquisición mantendo a xestión unha entidade non declarante - Adquisicións en firme - Venda de activos da entidade declarante ou do seu grupo económico - Activos procedentes de operacións fóra de balance - Derivados non pagos - Outro <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Orixinada pola entidade: operacións concedidas directamente pola entidade aos titulares, así como aquelas que se clasifiquen como crédito comercial sen recurso, salvo que cumpran os requisitos para clasificalas con outro valor. Inclúe as adquisicións temporais de activos, tanto as que se formalizan como simultáneas como as que se instrumentan como <i>repos</i>.

	<ul style="list-style-type: none"> - Subrogación do debedor: operacións en que, por unha subrogación, se produza un cambio de titular. A nova operación débese vincular coa operación de que procede no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos. - Subrogación do acreedor (procedente de operacións doutra entidade, declarante ou non, pertencente ao mesmo grupo económico ou doutra entidade allea ao grupo económico): operacións en que a entidade declarante pasa a ser a entidade acreedora porque o debedor fixo unha subrogación do acreedor doutra operación. Nas operacións procedentes doutras entidades declarantes do mesmo grupo económico, a nova operación débese vincular coa operación de que procede no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos. - Segregada doutra operación da entidade: operación segregada doutra operación da entidade declarante a nome dos mesmos titulares. A operación segregada débese vincular coa operación de que procede no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos. - Adquisición mantendo a xestión unha entidade non declarante: adquisición de préstamos mediante participacións hipotecarias, certificados de transmisión hipotecaria ou outro tipo de transferencias en que a entidade cedente non é entidade declarante e continúa coa xestión dos riscos fronte ao titular. - Adquisicións en firme: adquisicións no mercado primario ou secundario de valores representativos de débeda, así como adquisicións do resto de operacións, excepto as que se clasifiquen como crédito comercial sen recurso, sempre que non se trate do traspaso da actividade financeira doutra entidade de crédito ou dunha combinación de negocios. - Venda de activos da entidade declarante ou do seu grupo económico: operacións utilizadas para financiar activos vendidos pola propia entidade declarante ou outra entidade do seu grupo económico, aínda que a entidade adquirente pertenza ao mesmo grupo económico da entidade declarante. - Activos procedentes de operacións fóra de balance: operacións declaradas como "Activos procedentes de operacións fóra de balance" na dimensión "Tipo de produto" deste módulo. Estas operacións débense vincular coas operacións de que proceden no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos. - Derivados non pagos: operacións declaradas como "Derivados non pagos" na dimensión "Tipo de produto" deste módulo. - Outro: este valor asignarase cando, excepcionalmente, o tipo de orixe non teña cabida en ningún dos valores anteriores. <p>Cando unha operación poida ter diferentes orixes, asignarase á de maior contía económica.</p> <p>Cando a operación proceda do traspaso da actividade financeira doutra entidade ou dunha combinación de negocios (por exemplo, unha fusión ou a adquisición de todos ou parte dos negocios doutras entidades), como orixe da operación declararase a que declarou á CIR a entidade cedente (ou a que lle correspondería declarar).</p>
Novacións e refinanciamentos	<p>Indica se a operación foi novada, refinanciada ou refinancia a outra ou outras operacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operación de refinanciamento <ul style="list-style-type: none"> • Outras operacións da entidade • De operacións doutras entidades declarantes do mesmo grupo económico • De operacións doutras entidades non declarantes do mesmo grupo económico - Operación refinanciada <ul style="list-style-type: none"> • Pola propia entidade • Por outras entidades declarantes do mesmo grupo económico • Por outras entidades non declarantes do mesmo grupo económico - Operación reestruturada <ul style="list-style-type: none"> • Conforme o Real decreto lei 6/2012 • Resto das operacións reestruturadas - Operación de renovación

	<ul style="list-style-type: none"> - Operación renegociada - Resto das situacións <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operación de refinanciamento (de operacións da entidade ou doutras entidades do mesmo grupo económico declarantes ou non): operación que, calquera que sexa o tipo de produto (incluídos descubertos e excedidos en contas de crédito), titular ou garantías, se concede ou se utiliza, por razóns económicas ou legais relacionadas con dificultades financeiras -actuais ou previsibles- do titular (ou titulares), para cancelar unha ou varias operacións concedidas, pola propia entidade ou por outras entidades do seu grupo, ao titular (ou titulares) ou a outra ou outras empresas do seu grupo económico, ou pola cal se poñen as ditas operacións total ou parcialmente ao día de pagamentos, co fin de facilitar aos titulares das operacións canceladas ou refinanciadas o pagamento da súa débeda (principal e xuros) porque non poidan, ou se prevexa que non vaian poder, cumprir en tempo e forma coas súas condicións. As operacións de refinanciamento doutras operacións da entidade ou doutras entidades declarantes do seu mesmo grupo económico débense vincular coas operacións refinanciadas no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos. - Operación refinanciada (pola entidade ou outras entidades do mesmo grupo económico declarantes ou non): operación que se pon total ou parcialmente ao día de pagamento como consecuencia dunha operación de refinanciamento realizada pola propia entidade ou outra entidade do seu grupo económico. - Operación reestruturada (conforme o Real decreto lei 6/2012 e o resto de operacións reestruturadas): operación en que, por razóns económicas ou legais relacionadas con dificultades financeiras, actuais ou previsibles, do titular (ou titulares), se modifican as súas condicións financeiras co fin de facilitar o pagamento da débeda (principal e xuros) porque o titular non poida, ou se prevexa que non vaia poder, cumprir en tempo e forma coas ditas condicións, aínda cando esa modificación estivese prevista no contrato. En todo caso, considéranse como reestruturadas as operacións en que se realiza unha quitación ou se reciben activos para reducir a débeda; ou nas que se modifican as súas condicións para alongar o seu prazo de vencemento, variar o cadro de amortización para minorar o importe das cotas no curto prazo ou diminuír a súa frecuencia, ou establecer ou alongar o prazo de carencia de principal, xuros ou ambos, salvo cando se poida probar que as condicións se modifican por motivos diferentes da dificultade financeira dos titulares e sexan análogas ás que se apliquen no mercado na data da súa modificación ás operacións que se concedan a clientes con similar perfil de risco. Estas operacións declararanse co valor "Real decreto lei 6/2012" cando se executen de conformidade coa dita disposición. - Operación de renovación: operación formalizada para substituír outra concedida previamente pola propia entidade sen que o prestameiro teña, ou se prevexa que poida ter no futuro, dificultades financeiras, é dicir, é unha operación que se formaliza por motivos diferentes dos do refinanciamento. A nova operación débese vincular coa operación de que procede no módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos. - Operación renegociada: operación en que se modifican as súas condicións financeiras sen que o prestameiro teña, ou se prevexa que poida ter no futuro, dificultades financeiras, é dicir, é unha operación en que se modifican as condicións por motivos diferentes dos da reestruturación. - Resto das situacións: operacións en que non se dea ningunha das circunstancias descritas nos valores anteriores. Inclúe, entre outras, as operacións declaradas na dimensión "Tipo de produto" deste módulo como "Activos procedentes de operacións fóra de balance", "Derivados non pagos", "outros compromisos con risco de crédito" e "Valores prestados". <p>O valor declarado nesta dimensión permanecerá durante o resto da vida da operación con independencia de que a operación cumpra os requisitos para deixarse de considerar como en seguimento especial.</p>
Canle de contratación	<p>Para os préstamos, indica a canle pola cal se contrataron:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rede de oficinas - Oficina central - Internet

	<ul style="list-style-type: none"> - Banca telefónica - Preconcedido - Axente - Punto de venda - Outros intermediarios - Adquirido a terceiros - Non aplicable <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adquirido a terceiros: cando a operación se declare como unha adquisición en firme ou mantendo a xestión unha entidade non declarante na dimensión "Orixe da operación" deste módulo. - Non aplicable: este valor asignarase ás operacións declaradas cos valores "Activo procedente de operacións fóra de balance" e "Derivados non pagos" na dimensión "Tipo de produto" deste módulo. <p>Cando a operación proceda do traspaso da actividade financeira doutra entidade ou dunha combinación de negocios (por exemplo, unha fusión ou a adquisición de todos ou parte dos negocios doutras entidades), como canle de contratación declararase a que declarou á CIR a entidade cedente (ou a que correspondería declarar).</p>
Provincia en que se realiza o investimento	<p>Para os préstamos investidos en España, código de dúas cifras correspondente á provincia en que teña lugar o investimento dos fondos, se este é identificable e se coñece, e, na súa falta, da praza de pagamento ou concesión.</p> <p>Para os préstamos que teñan como finalidade o financiamento da construción ou promoción inmobiliaria ou de solo para promocións inmobiliarias, indicarse a provincia en que estea localizada a construción ou o solo.</p> <p>Para as operacións declaradas cos valores "Activo procedente de operacións fóra de balance" e "Derivados non pagos" na dimensión "Tipo de produto" deste módulo, indicarse a provincia onde teña o seu domicilio o titular.</p>
Esquema de amortización	<p>Para os préstamos, indica o esquema de amortización do principal da operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cotas de amortización de principal constantes - Cotas de amortización (principal e xuros) constantes - Cotas de amortización de principal variables - Amortización única de principal ao vencemento - Sen vencemento - Sen dato <p>A asignación dos valores anteriores realizarase en función das características do esquema de amortización dos préstamos. Non obstante, o valor "Sen dato" utilizarase exclusivamente para os seguintes tipos de préstamos, que se declararán sempre co dito valor: as operacións con natureza de crédito comercial, hipotecas inversas, tarxetas de crédito, contas correntes ou de aforro, contas mutuas, descubertos, excedidos en conta de crédito, anticipo de pensión ou nómina, activos procedentes de operacións fóra de balance, derivados non pagos e resto dos préstamos á vista.</p> <p>Para o resto das operacións, non se declarará este dato.</p>
Porcentaxe de participación nos préstamos sindicados (%)	<p>Para os préstamos sindicados, porcentaxe en que participe a entidade declarante no importe total do préstamo.</p> <p>Os préstamos sindicados son aqueles en que participan varios prestamistas no propio contrato, calquera que sexa a súa denominación e tipo de produto. Inclúen, por tanto, as operacións en que varios prestamistas participan de forma mancomunada, aínda que non exista unha entidade que actúe como axente.</p> <p>Para o resto das operacións declararase un 100%.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
Valores adquiridos temporalmente ou prestados. Nominal	<p>Para as adquisicións temporais de activos e valores prestados, nominal dos valores adquiridos temporalmente ou prestados.</p> <p>Para o resto das operacións non se declarará este dato.</p>

<p>Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Estado da construción</p>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda cuxa finalidade sexa o financiamento da construción ou promoción de edificios, indica a fase de construción en que se encontra o inmovible financiado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Terminado - En construción: obra en marcha - En construción: obra parada <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Terminado: o edificio está finalizado. - En construción. Obra en marcha: o edificio non está terminado e a obra non se paralizou. Inclúe os edificios en proceso de rehabilitación. - En construción. Obra parada: o edificio non está terminado e a obra paralizouse. Inclúe os edificios en proceso de rehabilitación. <p>A clasificación anterior realizarase con independencia de que o inmovible conte con cédula de habitabilidade, licenza de funcionamento ou licenza de obra.</p> <p>Para o resto das operacións, declararase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable
<p>Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Licenza</p>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda cuxa finalidade sexa o financiamento da construción ou promoción de edificios, indica o tipo de licenza con que conta o inmovible financiado:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Para as vivendas terminadas: <ul style="list-style-type: none"> - Con cédula de habitabilidade ou licenza de primeira ocupación - Sen cédula de habitabilidade ou licenza de primeira ocupación - Sen licenza de obra b) Para o resto dos edificios terminados: <ul style="list-style-type: none"> - Con licenza de funcionamento - Sen licenza de funcionamento - Sen licenza de obra c) Para os edificios en construción: <ul style="list-style-type: none"> - Con licenza de obra non caducada - Con licenza de obra caducada - Sen licenza de obra d) Para o resto das operacións: <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable
<p>Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Número de vivendas previstas</p>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda cuxa finalidade sexa o financiamento da construción ou promoción inmobiliaria, así como para o financiamento do solo para uso predominantemente residencial, número de vivendas que está previsto construír no inmovible financiado.</p> <p>Para aquelas operacións relacionadas a través do mesmo código de promoción inmobiliaria, o número de vivendas deberá coincidir.</p>
<p>Financiamento de construcións ou promocións inmobiliarias. Código da promoción inmobiliaria</p>	<p>Para todas as operacións, calquera que sexa o tipo de instrumento, que estean vinculadas cunha promoción inmobiliaria específica, código interno que utilice a entidade declarante para vinculalas. Por este motivo, sempre que correspondan á mesma promoción inmobiliaria, vincularanse os valores representativos de débeda e préstamos que se concedesen coa finalidade de financeira, as garantías financeiras que avalen financiamentos coa dita finalidade e as que avalen o pagamento adiado na compra do solo, os avais para a construción de vivendas e calquera outra operativa relacionada coa mesma promoción.</p> <p>Este código, que será diferente para cada promoción, repetirase en todas as operacións vinculadas á mesma promoción.</p> <p>Para o resto das operacións non se declarará este código.</p>

C.1 DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS DIRECTOS	
Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
PARTE 1 DATOS DE TODOS OS RISCOS DIRECTOS	
Tipo de produto	<p>Tipo de produto a que pertence a operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Crédito comercial <ul style="list-style-type: none"> • Crédito comercial con recurso • Crédito comercial sen recurso - Crédito financeiro - Arrendamentos financeiros <ul style="list-style-type: none"> • Arrendamento financeiro para o arrendatario • Arrendamento operativo para o arrendatario - Adquisicións temporais de activos - Valores representativos de débeda - Avais financeiros <ul style="list-style-type: none"> • Ante entidade declarante • Solidarios con outras entidades declarantes • Resto - Derivados de crédito (protección vendida) - Depósitos a futuro - Avais e caucións non financeiros prestados <ul style="list-style-type: none"> • Ante entidade declarante • Solidarios con outras entidades declarantes • Resto - Créditos documentarios irrevogables - Dispoñibles noutros compromisos - Valores prestados
Moeda	<p>Código ISO de tres letras da moeda en que está denominada a operación.</p> <p>Para as operacións multidivisa, indicárase o código ISO da moeda en que se declaren os datos, que, cando corresponda a importes dispostos, será aquela en que se teñan que devolver.</p>
Prazo residual	<p>Prazo entre a data a que se refire a declaración e a de vencemento da operación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Á vista - Até tres meses (excepto á vista) - Máis de tres meses e até seis meses - Máis de seis meses e até un ano - Máis dun ano e até dous anos - Máis de dous anos e até cinco anos - Máis de cinco anos - Vencemento indeterminado <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Á vista: inclúe as operacións cuxo tipo de produto sexa "Contas correntes ou de aforro", "Contas mutuas", "Descubertos", "Excedidos en contas de crédito", "Activos procedentes de operacións fóra de balance", "Derivados non pagos" e "Resto dos préstamos á vista". Tamén se declararán con este valor as operacións cuxo importe estea totalmente vencido. - Tramos de prazo residual: cando as operacións teñan data de vencemento, incluíranse no tramo que lles corresponda. - Vencemento indeterminado: cando as operacións non teñan data de vencemento. Este valor tamén se asignará aos préstamos cuxo tipo de produto sexa "Crédito comercial" ou "Hipoteca inversa".
Garantía real principal. Tipo de garantía real principal	<p>Tipo de garantía real adicional á do propio instrumento con que, se for o caso, conte a operación, calquera que sexa o <i>loan to value</i>:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sen garantía real - Hipoteca inmobiliaria (primeira hipoteca) - Hipoteca inmobiliaria (resto das hipotecas) - Garantía pignoratícia (activos financeiros) - Hipoteca naval

	<ul style="list-style-type: none"> - Operación inscrita no Rexistro de Vendas a Prazo de Bens Mobles - Garantías reais distintas das anteriores <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sen garantía real: operacións que non teñan garantía real. - Hipoteca inmobiliaria (primeira hipoteca): operacións con garantía hipotecaria, ordinaria ou de máximo, sobre activos inmobiliarios, sempre que sexa primeira carga e as garantías se encontren debidamente constituídas e rexistradas a nome da entidade. Inclúiranse igualmente as segundas e sucesivas hipotecas, sempre que a entidade sexa titular de todas as hipotecas ou o risco vivo total destas sexa insignificante. - Hipoteca inmobiliaria (resto das hipotecas): operacións con garantía hipotecaria, ordinaria ou de máximo, sobre activos inmobiliarios cando non se poidan clasificar como primeira hipoteca. - Garantía pignoraticia (activos financeiros): operacións en que os activos recibidos en garantía sexan instrumentos de débeda, instrumentos de patrimonio ou outros activos financeiros. Inclúe os préstamos de valores en que a contraparte entrega valores en garantía dos recibidos. - Hipoteca naval: operacións con garantía hipotecaria de buques. - Operación inscrita no Rexistro de Vendas a Prazo de Bens Mobles: operacións inscritas no Rexistro de Vendas a Prazo de Bens Mobles. - Garantías reais distintas das anteriores: operacións que contén cunha garantía real diferente das mencionadas nos números anteriores, tales como aquelas en que o activo en garantía consista en metais preciosos, xoias, aeronaves, mercadorías, semoventes, maquinaria, etc. <p>Cando se superpoñan diferentes tipos de garantías reais, declararase o valor que corresponda ao tipo de garantía que a entidade considere máis relevante para efectos da xestión do risco de crédito asumido.</p> <p>Para estes efectos, non se consideran como activos recibidos en garantía da operación os adquiridos temporalmente nin os cedidos en arrendamento financeiro.</p>
Garantía real principal. Cobertura da garantía real principal	<p>Para o tipo de garantía declarado na dimensión "Tipo de garantía real principal" deste módulo, indica se a cobertura é:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Total - Parcial - Non aplicable <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Total: cando a garantía real cubra a totalidade do risco disposto e dispoñible. - Parcial: cando a garantía real cubra só parte do risco disposto e dispoñible. - Non aplicable: cando as operacións non teñan garantía real.
Garantía persoal principal. Tipo de garantía persoal principal	<p>Tipo de garantía persoal, adicional á dos titulares do risco directo, con que, se for o caso, conte a operación no propio contrato ou nos efectos en que se instrumente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sen garantía persoal - Garantía de administracións públicas - Garantía CESCE - Garantía de empresas públicas cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito - Garantía de entidade de crédito residente en España - Garantía de entidade de crédito non residente en España - Garantía de sociedade de garantía recíproca - Garantía doutra entidade declarante á CIR - Garantía do resto das persoas xurídicas - Garantía de fogares

	<p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sen garantía persoal: operacións que non contén con garantía persoal adicional á dos titulares dos riscos directos. - Garantía de administracións públicas: cando a operación estea garantida ou reafianzada por administracións públicas. - Garantía de empresas públicas cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito: cando a operación estea asegurada, avalada ou reafianzada por organismos ou empresas públicas distintas da CESCE, cuxa actividade principal sexa o aseguramento ou aval de crédito. <p>A garantía persoal outorgada polas persoas físicas, entidades de crédito, sociedades de garantía recíproca e resto das persoas xurídicas non enumeradas separadamente entre os posibles valores que declarar debe ser solidaria, explícita e incondicional, e débese poder reclamar ao primeiro requirimento.</p> <p>Nesta dimensión non se declarará a protección recibida pola entidade declarante para mitigar o seu risco dos titulares de riscos indirectos declarados como contrapartes en titulizacións sintéticas ou en derivados de crédito comprados, aseguradores ou afianzadores, ou terceiros que se comprometeron a adquirir o activo cedido nunha operación de arrendamento financeiro se non o fan os arrendatarios.</p> <p>Cando se superpoñan diferentes tipos de garantías persoais, declararase o valor que corresponda ao tipo de garantía que a entidade considere máis relevante para efectos da xestión do risco de crédito asumido.</p>
<p>Garantía persoal principal. Cobertura da garantía persoal principal</p>	<p>Para o tipo de garantía declarado na dimensión "Tipo de garantía persoal principal" deste módulo, indica se a cobertura é:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Total - Parcial - Non aplicable <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Total: cando a garantía persoal cubra a totalidade do risco disposto e dispoñible. - Parcial: cando a garantía persoal cubra só parte do risco disposto e dispoñible. - Non aplicable: cando as operacións non teñan garantía persoal adicional.
<p>Situación da operación</p>	<p>Situación en que se encontra a operación na data da declaración:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operación dubidosa (sen incumprimentos ou con incumprimentos até 90 días) - Operación reestruturada ao abeiro do Real decreto lei 6/2012 - Operación de refinanciamento, refinanciada ou reestruturada por outros motivos - Operación incluída nun convenio de acredores - Outras situacións con incumprimentos entre máis de 90 días e até catro anos - Outras situacións con incumprimentos de máis de catro anos - Operación en suspenso - Resto das situacións <p>A asignación dos valores anteriores farase aplicando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operación dubidosa (sen incumprimentos ou con incumprimentos até 90 días): operación cualificada como dubidosa conforme a normativa contable vixente sen importes non pagos ou incumpridos, ou con importes non pagos ou incumprimentos pendentes de resolución cunha antigüidade igual ou inferior a 90 días. - Operación reestruturada ao abeiro do Real decreto lei 6/2012: operación reestruturada ou reunificada ao abeiro do Real decreto lei 6/2012 na cal o titular está cumprindo coas novas condicións financeiras pactadas, pero están pendentes de cobramento importes non pagos antes da reestruturación ou reunificación por un prazo superior a 90 días desde a data da primeira falta de pagamento. En caso de incumprimento, a operación declararase co valor que lle corresponda en función da data da primeira falta de

	<p>pagamento pendente de cobramento, salvo que se inclúa nun convenio de acredores ou se cualifique como en suspenso.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operación de refinanciamento, refinanciada ou reestruturada por outros motivos: operación de refinanciamento, refinanciada ou reestruturada por motivos diferentes do Real decreto lei 6/2012 na cal o titular está cumprindo coas novas condicións financeiras pactadas, pero están pendentes de cobramento importes non pagos antes da reestruturación ou refinanciamento por un prazo superior a 90 días desde a data da primeira falta de pagamento. En caso de incumprimento, a operación declararase co valor que lle corresponda en función da data da primeira falta de pagamento pendente de cobramento, salvo que se inclúa nun convenio de acredores ou se cualifique como en suspenso. - Operación incluída nun convenio de acredores: operación procedente dun convenio de acredores sempre que, con posterioridade á data da aprobación xudicial do convenio, o debedor cumprise fronte á entidade con todos os pagamentos pactados para a operación, ou teña importes non pagos con posterioridade á aprobación do convenio cunha antigüidade igual ou inferior a 90 días desde a data da primeira falta de pagamento. En caso de incumprimento cunha antigüidade superior ao dito prazo, a operación declararase co valor que lle corresponda en función da data da primeira falta de pagamento con posterioridade á aprobación do convenio pendente de cobramento, salvo que se cualifique como en suspenso. - Outras situacións con incumprimentos entre máis de 90 días e até catro anos: operación non incluída noutros valores desta dimensión que teña importes non pagos ou incumpridos sempre que desde a data da primeira falta de pagamento ou incumprimento pendente de cobramento ou resolución até a data a que se refiren os datos transcorresen entre máis de 90 días e até catro anos. - Outras situacións con incumprimentos de máis de catro anos: operación non incluída noutros valores desta dimensión que teña importes non pagos ou incumpridos, sempre que desde a data da primeira falta de pagamento ou incumprimento pendente de cobramento ou resolución até a data a que se refiren os datos transcorresen máis de catro anos. - Operación en suspenso: operación cualificada como falida que se deu de baixa do activo por razón de insolvencia do cliente conforme a normativa contable vixente. - Resto das situacións: operacións non incursas en ningunha das situacións descritas nos valores anteriores. <p>Para estes efectos, a data da primeira falta de pagamento ou incumprimento é a que se teña que declarar como "Data do primeiro incumprimento" neste módulo.</p>
Data do primeiro incumprimento	<p>Data do incumprimento máis antigo pendente de resolución na data dos datos.</p> <p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, data do importe vencido (principal, xuros ou gastos exixibles) máis antigo que permaneza non pago na data dos datos, coas precisións que se indican a seguir.</p> <p>No crédito comercial, a data será a do vencemento do efecto ou documento non pago con maior antigüidade pendente de cobramento.</p> <p>Nas contas correntes e de aforro, contas mutuas, descubertos, excedidos en contas de crédito e resto dos préstamos á vista, salvo cando se utilicen para refinarciar outras operacións, a data que declarar como primeira falta de pagamento será a máis antiga entre a data do primeiro requirimento de reembolso que efectúe a entidade e a primeira liquidación de xuros que estean non pagos total ou parcialmente.</p> <p>Para os activos procedentes de operacións fóra de balance, data do primeiro incumprimento polo titular da operación que orixinou o rexistro de importes no activo (por exemplo, a data da primeira falta de pagamento dun préstamo garantido ou das comisións que pagar á entidade avalista) que estea pendente de resolución polo titular ou os seus garantes na data a que se refira a declaración, con independencia de que a data de desembolso de efectivo pola entidade declarante sexa posterior.</p> <p>Para os derivados non pagos, data da primeira liquidación non paga pendente de cobramento.</p>

	<p>Para as garantías financeiras, a data do primeiro incumprimento pendente de resolución é a que corresponde á primeira falta de pagamento do titular da operación garantida que estea pendente de pagamento polo titular ou os seus garantes na data a que se refiren os datos, con independencia de que a entidade declarante o pagase ao beneficiario da garantía.</p> <p>Para os avais e caucións non financeiros prestados e os créditos documentarios irrevogables, data do incumprimento máis antigo pendente de resolución na data dos datos.</p> <p>Para os valores prestados, data en que se debían devolver os valores.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas como de refinanciamento ou refinanciadas na dimensión "Novacións e refinanciamentos" do módulo B.2, Datos básicos das operacións, indicárase a data do importe vencido máis antigo que se refinanciase que permaneza non pago na data a que se refiren os datos, con independencia de que aparentemente as operacións non teñan importes non pagos.</p> <p>Para as operacións sen incumprimento non se declarará este dato.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
Data do último incumprimento	<p>Data do último incumprimento pendente de resolución na data dos datos.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas como de refinanciamento ou refinanciadas na dimensión "Novacións e refinanciamentos" do módulo B.2, Datos básicos das operacións, se non se produciron faltas de pagamento con posterioridade ao refinanciamento, indicárase a data do importe vencido máis recente que se refinanciase que permaneza non pago na data a que se refiren os datos, con independencia de que aparentemente as operacións non teñan importes non pagos.</p> <p>Para as operacións sen incumprimento non se declarará este dato.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
PARTE 2 DATOS DOS RISCOS DIRECTOS ASUMIDOS POLA ENTIDADE DECLARANTE	
Principal asumido pola entidade. Importe non vencido	<p>Para os préstamos, importe do principal disposto pendente de vencemento na data da declaración cuxo risco asume a entidade, coas precisións que se indican a seguir.</p> <p>Nas contas correntes e de aforro, contas mutuas, descubertos, excedidos en contas de crédito e resto dos préstamos á vista, os importes declararanse como non vencidos até a data do primeiro requirimento de reembolso que efectúe a entidade ou a primeira liquidación de xuros que resulte non paga.</p> <p>Nos arrendamentos financeiros, declárase a parte correspondente ao principal das cotas pendentes de cobramento, sen incluír o IVE nin o valor residual non garantido polo arrendatario.</p> <p>Nas adquisicións temporais de activos, importe efectivamente desembolsado.</p> <p>Para os valores representativos de débeda, excepto os emitidos ao desconto, nominal dos valores pendente de vencemento na data dos datos.</p> <p>Para os préstamos e valores representativos de débeda ao desconto, o efectivo desembolsado máis os xuros devindicados.</p> <p>Para as garantías financeiras, importe do principal non vencido da operación garantida do cal responde fronte a terceiros a entidade declarante na data dos datos. Cando se garantan operacións de arrendamento financeiro non se incluír o IVE.</p> <p>Para os depósitos a futuro, importe que a entidade se compromete a desembolsar.</p> <p>Para os avais e caucións non financeiros prestados e os créditos documentarios irrevogables, importe máximo disposto do cal responda a entidade fronte a terceiros na data da declaración mentres non se producisen incumprimentos. Este importe coincide co importe polo que se debe rexistrar a operación en contas de orde nos estados reservados.</p> <p>Para os valores prestados, valor razoable dos valores prestados.</p>

<p>Principal asumido pola entidade. Importe vencido</p>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, importe do principal vencido, incluído o que dese por vencido a entidade declarante segundo o estipulado no contrato, que está pendente de cobramento na data da declaración cuxo risco asume a entidade, coas precisións que se indican a seguir.</p> <p>No crédito comercial, importe dos efectos vencidos pendente de cobramento.</p> <p>Nas contas correntes e de aforro, contas mutuas, descubertos, excedidos en contas de crédito e resto dos préstamos á vista, os importes declararanse como vencidos desde a data do primeiro requirimento de reembolso que efectúe a entidade ou a primeira liquidación de xuros que resulte non paga.</p> <p>Nas operacións declaradas como “Activos procedentes de operacións fóra de balance”, importe pagado a terceiros pendente de cobramento.</p> <p>Para os “Derivados non pagos”, importe pendente de cobramento.</p> <p>Nos arrendamentos financeiros, declárase a parte correspondente ao principal das cotas vencidas pendentes de cobramento incluíndo o IVE pagado pola entidade declarante.</p> <p>Cando se trate de operacións cualificadas como de refinanciamento na dimensión “Novacións e refinanciamentos” do módulo B.2, Datos básicos das operacións, inclúiranse entre os importes vencidos os importes refinanciados que permanezan non pagos na data a que se refiren os datos, con independencia de que aparentemente as operacións non teñan importes non pagos.</p> <p>Para as garantías financeiras, importe do principal vencido ou dado por vencido da operación garantida que está pendente de cobramento na data da declaración mentres non vencese o prazo que ten a entidade declarante para o seu pagamento ao beneficiario da garantía.</p> <p>Para os avais e caucións non financeiros prestados e os créditos documentarios irrevogables, importe máximo disposto do cal responda a entidade fronte a terceiros na data da declaración cando se producisen incumprimentos. Este importe coincide co importe polo que se debe rexistrar a operación en contas de orde nos estados reservados.</p> <p>Para os valores prestados vencidos, valor razoable dos valores mentres non se rexistre no activo un préstamo fronte á contraparte.</p>
<p>Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo</p>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, importe dos xuros ordinarios e comisións vencidos pendentes de cobramento na data da declaración rexistrados no activo do balance.</p> <p>Nas operacións declaradas como “Activos procedentes de operacións fóra de balance”, importe das comisións vencidas pendentes de cobramento rexistrado no activo do balance.</p>
<p>Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde</p>	<p>Para os préstamos e valores representativos de débeda, importe dos xuros ordinarios e comisións vencidos pendentes de cobramento na data da declaración que non están rexistrados no activo.</p> <p>Nas operacións declaradas como “Activos procedentes de operacións fóra de balance”, importe das comisións vencidas pendentes de cobramento rexistrado en contas de orde.</p> <p>Para as garantías financeiras, importe dos xuros vencidos da operación garantida que están pendentes de cobramento na data da declaración do cal responde fronte a terceiros a entidade declarante.</p>
<p>Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo</p>	<p>Xuros de demora contractualmente exixibles aos titulares pendentes de cobramento na data dos datos, aínda que non se reclamasen, que están rexistrados no activo.</p>
<p>Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde</p>	<p>Xuros de demora contractualmente exixibles aos titulares pendentes de cobramento na data dos datos, aínda que non se reclamasen, que non estean rexistrados no activo e cuxo risco asume a entidade.</p> <p>Se unha resolución xudicial determinase a contía dos xuros de demora ou a súa forma de cálculo, o importe que declarar por este concepto deberá corresponder co que dispoña ao respecto a dita resolución.</p>
<p>Gastos exixibles asumidos pola entidade</p>	<p>Importe dos gastos contractualmente exixibles reclamados aos titulares pendentes de cobramento na data dos datos.</p> <p>Se unha resolución xudicial determinase a contía dos gastos exixibles ou a súa forma de cálculo, o importe que declarar deberá corresponder co que dispoña ao respecto a dita resolución.</p>

Límite actual do risco asumido pola entidade	<p>Para as operacións que teñan un límite de disposición comprometido cos titulares que poida ser superior ao importe disposto, importe da facilidade comprometida (disposto máis dispoñible) na data dos datos, aínda que poida ser anulada pola entidade sen condicións en calquera momento e sen previo aviso, ou se prevexa a súa cancelación en caso de deterioración da solvencia do titular, cuxo risco asume a entidade. Para a declaración deste importe aplicaranse os criterios recollidos para o "Límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación" no módulo B.2, Datos básicos das operacións.</p> <p>Para o resto das operacións non se declarará este dato.</p>
Risco dispoñible asumido pola entidade. Disponibilidade inmediata	<p>Para as operacións declaradas con límite na dimensión "Límite actual do risco asumido pola entidade" deste módulo, importe do límite da operación non disposto na data dos datos do cal se poida dispor inmediatamente.</p> <p>Para o resto das operacións non se declarará este dato.</p>
Risco dispoñible asumido pola entidade. Disponibilidade condicionada	<p>Para as operacións declaradas con límite na dimensión "Límite actual do risco asumido pola entidade" deste módulo, importe do límite da operación non disposto na data dos datos do cal só se pode dispor se se cumpren determinadas condicións. Inclúe, entre outros, o risco dispoñible de contas de crédito e préstamos con disposicións por etapas do cal non poida dispor o titular porque non se cumpren determinados requisitos, como é a entrega de certificacións de obra.</p> <p>Para o resto das operacións non se declarará este dato.</p>
PARTE 3 DATOS QUE DEBEN DECLARAR AS ENTIDADES DE CRÉDITO PARA OS PRÉSTAMOS	
Principal cobrado en efectivo. Importe polo que se reduce o principal	<p>Para os efectos financeiros, préstamos con disposicións por etapas, outros préstamos con entregas aprazadas de principal, préstamos híbridos, resto dos préstamos a prazo, arrendamentos financeiros e adquisicións temporais de activos, importe total do principal vencido no mes ou en meses anteriores cobrado en efectivo ou cargado nun depósito no mes a que se refiren os datos.</p> <p>Para as hipotecas inversas, os activos procedentes de operacións fóra de balance e os derivados non pagos, rexístranse os importes no mes en que se cobran.</p> <p>Para o resto dos préstamos non se declarará este dato.</p> <p>En ningún caso se declarará un importe maior de cero cando a diminución do risco se produza como consecuencia, directa ou indirecta, dunha subrogación, segregación, refinanciamento, renovación, recepción de activos ou transferencia de activos.</p>
Amortización anticipada. Importe polo que se reduce o principal	<p>Importe do principal cobrado en efectivo ou cargado nun depósito no mes que corresponde a unha amortización anticipada con respecto ao esquema de amortización pactado contractualmente.</p> <p>En ningún caso se declarará un importe maior de cero cando a diminución do risco se produza como consecuencia, directa ou indirecta, dunha subrogación, segregación, refinanciamento, renovación, recepción de activos ou transferencia de activos.</p>
Condonación ou prescrición do dereito de cobramento. Importe polo que se reduce a débeda	<p>Importe condonado ou prescrito da débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes a que corresponde a declaración.</p>
Activos adxudicados ou recibidos en pagamento. Tipo de activo	<p>Indica o tipo de activo, diferente do efectivo, recibido no mes para cancelar, total ou parcialmente, o importe da débeda:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable - Instrumentos de patrimonio cotizados, valores representativos de débeda, activos materiais diferentes de inmobles ou unha combinación destes activos - Inmobles, instrumentos de patrimonio non cotizados ou ambos - Inmobles, instrumentos de patrimonio non cotizados ou ambos e tamén instrumentos de patrimonio cotizados, valores representativos de débeda, activos materiais diferentes de inmobles ou unha combinación destes activos <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos de patrimonio cotizados, valores representativos de débeda, activos materiais diferentes de inmobles ou unha combinación destes activos: cando en pagamento total ou parcial da débeda se entreguen instrumentos de patrimonio cotizados ou valores representativos de débeda ou activos materiais diferentes de inmobles ou unha combinación destes activos.

	<ul style="list-style-type: none"> - Inmobles, instrumentos de patrimonio non cotizados ou ambos: cando en pagamento total ou parcial da débeda se entreguen inmobles ou instrumentos de patrimonio non cotizados ou unha combinación destes activos. - Inmobles, instrumentos de patrimonio non cotizados ou ambos e tamén instrumentos de patrimonio cotizados, valores representativos de débeda, activos materiais diferentes de inmobles ou unha combinación destes activos: cando en pagamento total ou parcial da débeda se entreguen inmobles ou instrumentos de patrimonio non cotizados ou unha combinación destes activos, e ademais no mesmo mes tamén se entreguen instrumentos de patrimonio cotizados ou valores representativos de débeda ou activos materiais diferentes de inmobles ou unha combinación destes activos.
Activos adjudicados ou recibidos en pagamento. Importe polo que se reduce a débeda	Importe en que se reduce a débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes a que corresponda a declaración como consecuencia da adjudicación ou recepción de activos diferentes de efectivo.
Operación subrogada ou segregada. Tipo de subrogación ou segregación	<p>Indica se a operación foi subrogada ou segregada no mes e, se for o caso, por quen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subrogación do debedor - Subrogación do acredor <ul style="list-style-type: none"> • Por outra entidade declarante do mesmo grupo económico • Por outra entidade non declarante do mesmo grupo económico • Por outra entidade allea ao grupo económico - Operación segregada - Non aplicable <p>A asignación dos valores anteriores farase conforme as definicións incluídas na dimensión "Orixe da operación" do módulo B.2, Datos básicos das operacións. Naqueles casos excepcionais en que no mesmo mes se produza unha subrogación do debedor e unha subrogación do acredor, declararase o valor que lle corresponda á subrogación do acredor.</p>
Operación subrogada ou segregada. Importe polo que se reduce a débeda	Importe en que se reduce a débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes a que corresponde a declaración por subrogación ou segregación.
Refinanciamento ou renovación. Tipo de refinanciamento ou renovación	<p>Indica se a operación foi renovada ou refinanciada no mes e, se for o caso, por quen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operación refinanciada <ul style="list-style-type: none"> • Pola entidade declarante • Por outra entidade declarante do mesmo grupo económico • Por outra entidade non declarante do mesmo grupo económico • Pola entidade declarante e por outra entidade declarante do mesmo grupo económico - Operación renovada - Non aplicable <p>A asignación dos valores anteriores farase conforme as definicións de operación refinanciada e de renovación incluídas na dimensión "Novacións e refinanciamentos" do módulo B.2, Datos básicos das operacións, mesmo cando se efectúe mediante un descuberto ou excedido en conta de crédito.</p> <p>Cando a operación sexa refinanciada no mesmo mes por entidades declarantes e non declarantes, indicarse o valor que corresponda das entidades declarantes.</p>
Refinanciamento ou renovación. Importe polo que se reduce a débeda	Importe en que se reduce a débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes a que corresponde a declaración por refinanciamento ou renovación.
Operación transferida incluída a xestión. Importe polo que se reduce a débeda	<p>Importe en que se reduce a débeda por calquera concepto (principal, xuros ordinarios ou de demora, etc.) no mes como consecuencia dunha transferencia na cal, ademais do risco, se cede a xestión da operación fronte aos titulares.</p> <p>Neste dato tamén se informará do importe das operacións cedidas como consecuencia dunha combinación ou cesión de negocio, excepto que a entidade adquirente sexa outra entidade declarante.</p>
Data da última liquidación de xuros	<p>Data da última liquidación de xuros realizada á operación con independencia de que se cobrase.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>

Data da próxima liquidación de xuros	Data da próxima liquidación de xuros que realizar á operación. Formato: AAAAMMDD.
Data da última liquidación de principal	Data da última liquidación de principal realizada con independencia de que se cobrase. Formato: AAAAMMDD.
Data da próxima liquidación de principal	Data da próxima liquidación de principal que realizar á operación. Formato: AAAAMMDD.
Número de cotas non pagas	Para os préstamos con algún incumprimento en que na dimensión "Esquema de amortización" do módulo B.2, Datos básicos das operacións, se indique que se pagan con cotas, número de cotas non pagas pendentes de cobramento. Para o resto das operacións non se declarará este dato.
PARTE 4 DATOS DOS RISCOS DIRECTOS ASUMIDOS POLOS CESIONARIOS	
Principal asumido polo cesionario. Importe non vencido	Importe do principal non vencido asumido polo cesionario correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Principal asumido polo cesionario. Importe vencido	Importe do principal vencido asumido polo cesionario correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Xuros e comisións vencidos asumidos polo cesionario	Importe dos xuros e comisións pendentes de cobramento asumido polo cesionario correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Xuros de demora asumidos polo cesionario	Importe dos xuros de demora asumido polo cesionario correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Gastos exixibles asumidos polo cesionario	Importe dos gastos exixibles asumido polo cesionario correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Límite actual do risco asumido polo cesionario	Importe do límite actual do risco asumido polo cesionario correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Risco dispoñible asumido polo cesionario. Dispoñibilidade inmediata	Importe do risco dispoñible con dispoñibilidade inmediata asumido polo cesionario correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Risco dispoñible asumido polo cesionario. Dispoñibilidade condicionada	Importe do risco dispoñible con dispoñibilidade condicionada asumido polo cesionario correspondente a operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.

C.2 DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS INDIRECTOS	
Código da operación	Código con que se identifica a operación garantida polo titular do risco indirecto no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Código do titular do risco indirecto	Código asignado ao titular dos riscos indirectos no módulo B.1, Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións.
PARTE 1 DATOS DOS RISCOS INDIRECTOS ASUMIDOS POLA ENTIDADE DECLARANTE	
Risco máximo garantido asumido pola entidade	Importe máximo da operación (principal, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento máis risco dispoñible con dispoñibilidade inmediata ou condicionada) declarado no módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos, garantido polo titular do risco indirecto que corresponde ao risco asumido pola entidade.
Risco disposto garantido asumido pola entidade. Importe total	Importe do risco disposto da operación (principal, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento) declarado no módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos, garantido polo titular do risco indirecto que corresponde ao risco asumido pola entidade.
Risco disposto garantido asumido pola entidade. Importe vencido	Importe do risco disposto vencido da operación (principal vencido, xuros e comisións vencidos, xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento) declarado no módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos, garantido polo titular do risco indirecto que corresponde ao risco asumido pola entidade.
Risco disposto garantido asumido pola entidade. Xuros de demora e gastos exixibles	Importe dos xuros de demora e gastos exixibles pendentes de cobramento declarado no módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos, garantido polo titular do risco indirecto que corresponde ao risco asumido pola entidade.
PARTE 2 DATOS DOS RISCOS INDIRECTOS ASUMIDOS POLOS CESIONARIOS	
Risco máximo garantido asumido polo cesionario	Importe do risco máximo garantido polo titular do risco indirecto asumido polo cesionario de operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Risco disposto garantido asumido polo cesionario. Importe total	Importe total do risco disposto garantido polo titular do risco indirecto asumido polo cesionario de operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Risco disposto garantido asumido polo cesionario. Importe vencido	Importe vencido do risco disposto garantido polo titular do risco indirecto asumido polo cesionario de operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.
Risco disposto garantido asumido polo cesionario. Xuros de demora e gastos exixibles	Importe dos xuros de demora e gastos exixibles garantido polo titular do risco indirecto asumido polo cesionario de operacións dadas de baixa, total ou parcialmente, do activo conforme a normativa contable aplicable para as transferencias de activos.

D.1 DATOS BÁSICOS QUE RELACIONAN AS OPERACIÓN COS ACTIVOS RECIBIDOS EN GARANTÍA	
Código da operación	<p>Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.</p> <p>Nas operacións subvencionadas e mancomunadas, os datos das garantías declararanse unha soa vez, sempre que neste último caso as garantías reais recibidas cubran a totalidade da operación, vinculándoos co código da operación que se declare na dimensión "Código que se vincula" do módulo G.1, Datos básicos que vinculan códigos.</p> <p>Os "Créditos por disposicións" vinculados con préstamos no módulo G.1 decláranse neste módulo como se fosen unha única operación utilizando como código de operación o asignado ao "Crédito por disposicións".</p>
Tipo de garantía real	<p>Tipo de produto ou garantía real adicional á do propio instrumento coa cal, se for o caso, conte a operación calquera que sexa o <i>loan to value</i>:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Hipoteca inmobiliaria (primeira hipoteca) - Hipoteca inmobiliaria (resto das hipotecas) - Garantía pignoraticia (activos financeiros) - Hipoteca naval - Operación inscrita no Rexistro de Ventas a Prazo de Bens Mobles - Garantías reais distintas das anteriores - Arrendamento financeiro de bens inmobles - Arrendamento financeiro do resto dos bens <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os mesmos criterios que os correspondentes aos valores de idéntica denominación da dimensión "Tipo de garantía real principal" do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos. Para os valores non incluídos na dita dimensión utilizaranse os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Arrendamento financeiro de bens inmobles: operacións cuxo tipo de produto sexa un arrendamento financeiro e o ben cedido en arrendamento sexa un inmovble. - Arrendamento financeiro do resto dos bens: operacións cuxo tipo de produto sexa un arrendamento financeiro e o ben cedido en arrendamento non sexa un inmovble.
Alcance da garantía real	<p>Indica se a garantía se constitúe para garantir unha operación concreta ou serve para garantir varias operacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía ordinaria - Garantía de máximo <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía ordinaria: cando a garantía se constitúe para garantir unha operación concreta. - Garantía de máximo: cando a garantía serve para garantir unha ou máis operacións, presentes ou futuras, sen necesidade de pacto novatorio.
Código da garantía real	<p>Para as garantías de máximo, código que identifica a garantía.</p> <p>Este código debe ser único para cada garantía ao longo de toda a súa vida e vincularse con todas as operacións garantidas por ela con independencia da data en que se formalicen.</p>
Código do activo recibido en garantía	<p>Código que identifica o activo recibido en garantía da operación ou cedido en arrendamento financeiro.</p> <p>Este código debe ser único para cada activo ao longo de toda a súa vida e vincularse con todas as operacións garantidas por el con independencia da data en que se formalicen.</p> <p>Cando o activo sexa un inmovble, o código será o que se declare no módulo D.2, Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía.</p>

	Cando o activo sexa un activo financeiro, o código será o que se declare no módulo D.3, Datos básicos dos activos financeiros recibidos en garantía.
Orde de prelación da garantía	Para as operacións con garantía hipotecaria, número que ocupa a hipoteca na orde de prelación (1. ^a , 2. ^a , 3. ^a , etc.) unha vez descontadas as hipotecas canceladas economicamente.
Importe da responsabilidade hipotecaria. Principal	Para as operacións con hipoteca inmobiliaria ordinaria, importe da responsabilidade hipotecaria do ben segundo a escritura da hipoteca que serve de garantía do principal da operación. Para as operacións con hipoteca inmobiliaria de máximo, importe máximo da responsabilidade hipotecaria do ben segundo a escritura que serve de garantía do principal de todas as operacións que se poidan cubrir coa hipoteca. Este importe será idéntico para todas as operacións vinculadas co mesmo código de garantía e de activo recibido en garantía.
Importe da responsabilidade hipotecaria. Xuros e custas	Para as operacións con hipoteca inmobiliaria ordinaria, importe da responsabilidade hipotecaria do ben segundo a escritura da hipoteca que serve de garantía dos xuros e custas da operación. Para as operacións con hipoteca inmobiliaria de máximo, importe máximo da responsabilidade hipotecaria do ben segundo a escritura que serve de garantía dos xuros e custas de todas as operacións cubertas pola hipoteca. Este importe será idéntico para todas as operacións vinculadas co mesmo código de garantía e de activo recibido en garantía.
Activos en garantía de financiamentos de promocións inmobiliarias	Para as operacións cuxa finalidade é a construción ou promoción inmobiliaria, incluído o financiamento de solo, indica se os activos recibidos en garantía son os mesmos activos obxecto da promoción financiada: - Si - Non
Tipo de activo recibido en garantía (activos non financeiros distintos de inmóbles)	Para as operacións cuxo tipo de garantía sexa hipoteca naval, operación inscrita no Rexistro de Ventas a Prazo de Bens Móbiles, garantía real distinta das anteriores ou arrendamento financeiro do resto dos bens, tipo de activo que serve de garantía ou se cedeu en arrendamento financeiro: a) Bens móbiles - Buques - Aeronaves - Automóviles e outros vehículos de motor - Resto dos bens móbiles b) Restantes activos materiais - Mercadorías ou resgardos de depósito destas - Metais preciosos e xoias - Resto dos activos materiais A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios: - Resto dos bens móbiles: bens móbiles distintos dos buques, aeronaves, automóviles e outros vehículos de motor. - Resto dos activos materiais: activos materiais distintos dos activos inmobiliarios, bens móbiles, mercadorías, metais preciosos e xoias.

D.2 DATOS BÁSICOS DOS INMOBLES RECIBIDOS EN GARANTÍA

Código do activo recibido en garantía	Código que identifica o inmovible recibido en garantía de operacións concedidas pola entidade declarante, ou que ten cedido en arrendamento financeiro. Este código debe ser único para cada activo ou conxunto de activos que se declaren conxuntamente. Os activos declararanse unha soa vez neste módulo, mesmo cando se
--	--

	<p>utilicen como garantía en máis dunha hipoteca en que o acredor sexa a entidade declarante.</p> <p>Nos edificios integrados por varios elementos, declararase de forma separada cada unha das unidades que os integran, salvo cando non se fixese a división horizontal ou a entidade careza de información detallada, e neste caso asignarase un código único ao inmovible. Tamén se asignará un único código para os terreos que se xestionen como unha unidade, con independencia de que estean integrados por varios predios rexistrados ou catastrais.</p>
PARTE 1 DATOS PARA OS INMOBLES	
Tipo de activo (inmobles)	<p>Tipo de inmovible que serve de garantía ou se cedeu en arrendamento financeiro:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Edificios e elementos de edificios <ul style="list-style-type: none"> - Vivenda <ul style="list-style-type: none"> • Protexida • Libre de primeira residencia • Libre de segunda residencia - Oficina - Local comercial - Praza de garaxe - Rocho - Nave industrial - Hotel - Residencia de estudantes ou da terceira idade - Resto dos edificios b) Outras construcións <ul style="list-style-type: none"> - Outras construcións c) Terreos <ul style="list-style-type: none"> - Solo urbano ou urbanizable - Predio rústico - Resto dos terreos <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vivenda: vivendas unifamiliares ou que formen parte dun edificio composto por máis unidades, así como as súas prazas de garaxe e rochos cando estes non teñan un identificador rexistral diferente do da vivenda. - Oficinas, locais comerciais, prazas de garaxe e rochos: elementos de edificios da dita natureza que se inclúen de forma individualizada na base de datos. - Naves industriais, hoteis e residencias de estudantes ou da terceira idade: edificios destinados exclusivamente ao dito tipo de actividades. - Resto de edificios: edificios diferentes das naves industriais, hoteis e residencias de estudantes ou da terceira idade que se inclúen na base de datos sen desagregar os elementos ou unidades que os integran. - Outras construcións: construcións que non sexan edificios ou elementos de edificios (por exemplo, puntos de amarre). - Solo urbano ou urbanizable: solo clasificado urbanisticamente como urbano ou urbanizable. - Predios rústicos: solo non urbano nin urbanizable autorizado para actividades de natureza agrícola, forestal, gandeira ou outros usos compatibles, con independencia de se está ou non en explotación. - Resto de terreos: terreos distintos de predios rústicos e solo urbano ou urbanizable, tales como canteiras, minas, etc. <p>Os inmobles clasificaranse como edificios ou elementos de edificios desde o momento en que se inicie a súa construción, aínda que con posterioridade esta se paralice; mentres</p>

	<p>non se inicie efectivamente a construción dos edificios, os inmobles clasificaranse como terreos aínda que se dispoña dun proxecto para edificar sobre eles.</p> <p>Cando se teña que modificar o tipo de activo por ter cambiado o seu status, comunicárase "reclasificación" como motivo do cambio.</p>
Localización do inmoble. País	Código ISO alfabético do país onde se encontre o activo inmobiliario.
Localización do inmoble. Código postal	Cando o inmoble estea en España, código postal do enderezo en que se encontre.
Inmoble integrado por varios predios	<p>Indica se o inmoble está integrado por varios predios rexistrados ou catastrais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non
Identificador único de predio rexistral (Iduper)	<p>Número de catorce díxitos asignado ao predio no rexistro da propiedade.</p> <p>Cando o inmoble estea integrado por dous ou máis predios rexistrados diferentes ou non se dispoña deste dato, non se facilitará este código.</p>
Identificador rexistral	<p>Identificador do predio hipotecado ou cedido en arrendamento financeiro no rexistro da propiedade composto por códigos do Instituto Nacional de Estatística da provincia e do municipio do rexistro, número do rexistro, tomo, libro e número de predio rexistral. Os datos serán os correspondentes á última inscrición do predio dispoñibles pola entidade.</p> <p>Só será necesario comunicar este código cando non se dispoña do identificador único de predio rexistral.</p> <p>Cando o inmoble estea integrado por dous ou máis predios rexistrados ou os activos estean localizados fóra de España, non se facilitará este código.</p>
Referencia catastral	<p>Referencia catastral do predio hipotecado ou cedido en arrendamento financeiro.</p> <p>Cando non se dispoña deste dato, non se declarará.</p> <p>Cando o inmoble estea integrado por dous ou máis predios con diferentes referencias catastrais ou os activos estean localizados fóra de España, non se facilitará este código.</p>
Importe das cargas previas comprometidas con terceiros	Para as operacións con garantía hipotecaria, ordinaria ou de máximo, cando os activos en garantía cubran hipotecas concedidas con anterioridade por outras entidades, importe das cargas previas. Este importe non é necesario actualizalo.
Última taxación completa. Data da última taxación	<p>Data de referencia da última taxación completa dos activos.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
Última taxación completa. Código da sociedade de taxación ou valoración	<p>Código que identifica a entidade que realizou a taxación completa do activo inmobiliario.</p> <p>Cando sexa unha sociedade de taxación inscrita no Rexistro do Banco de España, o código de catro cifras do dito rexistro.</p> <p>Se se trata dos servizos de taxación da entidade, o código da entidade no Rexistro de Entidades do Banco de España (código REN).</p> <p>Se se trata dun profesional estranxeiro recoñecido no país en que se encontre o activo para efectuar valoracións con fins hipotecarios, o código 0000.</p> <p>Se se trata doutro valorador, o código 9999.</p>
Última taxación completa. Número de taxación	Número que asigne a sociedade de taxación ou valoración á taxación.
Última taxación completa. Conforme a Lei do mercado hipotecario	<p>Indica se a última taxación completa cumpre cos requisitos que establece a Orde ECO/805/2003 para a finalidade do artigo 2.a), aínda que no informe se inclúan condicionantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non
Última taxación completa. Método de valoración (valor)	<p>Método e valor utilizado para determinar o valor de taxación do ben conforme o disposto na Orde ECO/805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Método do custo <ul style="list-style-type: none"> - Valor de substitución neto b) Método residual <ul style="list-style-type: none"> - Valor residual dinámico - Valor residual estático

	<p>c) Método de comparación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valor de mercado por comparación <p>d) Método de actualización de rendas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valor por actualización de rendas de inmuebles ligados a unha explotación económica - Valor por actualización de rendas de inmovible con mercado de alugamentos - Valor por actualización de rendas doutros inmuebles en arrendamento <p>e) Outros métodos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valor máximo legal - Valor catastral - Outro criterio <p>Cando concorran diversos métodos para valorar un mesmo inmovible, declararase só o valor que predomina na determinación do valor de taxación.</p>
Última taxación completa. Condicionantes	<p>Indica se na última taxación completa existe algún condicionante dos mencionados no artigo 10 da Orde ECO/805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non
Última taxación completa. Advertencias	<p>Indica se na última taxación completa existe algunha advertencia das mencionadas no artigo 11 da Orde ECO/805/2003:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non
Última taxación completa. Visita ao interior do inmovible	<p>Indica se na última taxación completa se efectuou unha visita ao interior do inmovible:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non
Última taxación completa. Tipo de datos utilizados de inmuebles comparables	<p>Indica a fonte maioritaria dos datos de inmuebles similares (comparables) que se utilizaron na última taxación completa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transaccións recentes - Datos de oferta
Última taxación completa. Método residual dinámico. Tipo de actualización (%)	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, tipo de actualización utilizado no seu cálculo, definido como a rendibilidade media anual do proxecto, sen ter en conta o financiamento alleo, que obtería un promotor medio nunha promoción das características da valorada.</p> <p>Formato: porcentaxe sen decimais.</p>
Última taxación completa. Método residual dinámico. Taxa anualizada homoxénea (%)	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, taxa anualizada homoxénea que se utilizou no seu cálculo.</p> <p>Formato: porcentaxe sen decimais.</p>
Última taxación completa. Método residual dinámico. Taxa anual media de variación do prezo de mercado do activo (%)	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, taxa anual media de variación do prezo de mercado do tipo de activo que se prevé promover que se utilizou no cálculo do valor de taxación.</p> <p>Formato: porcentaxe sen decimais.</p>
Última taxación completa. Método residual dinámico. Prazo máximo para finalizar a construción (meses)	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, prazo máximo estimado en número de meses para o último fluxo de caixa correspondente á construción ou rehabilitación, incluída, se for o caso, a xestión urbanística e execución da urbanización, que se utilizou no cálculo do valor de taxación.</p>
Última taxación completa. Método residual dinámico. Prazo máximo para finalizar a comercialización (meses)	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual dinámico, prazo máximo estimado en número de meses para o último fluxo de caixa correspondente á comercialización que se utilizou no cálculo do valor de taxación.</p>
Última taxación completa. Método residual estático. Marxe de beneficio do promotor (%)	<p>Cando o valor de taxación sexa o valor residual estático, marxe do beneficio do promotor utilizado no cálculo do valor de taxación.</p> <p>Formato: porcentaxe sen decimais.</p>
Última taxación completa. Valor de taxación	<p>Valor de taxación da última taxación completa.</p>
Última taxación completa. Valor hipotecario	<p>Valor hipotecario da última taxación completa.</p>

Última taxación completa. Valor en hipótese de edificio terminado	Para os edificios en construción, rehabilitación ou en proxecto, valor do inmovible en hipótese de edificio terminado que figura no último informe de taxación completa.
Última taxación completa. Valor do terreo	Para os edificios en construción, rehabilitación ou en proxecto, importe do valor de taxación do terreo sobre o cal se está construíndo ou se vai construír o edificio.
Última taxación por métodos estadísticos. Data da última taxación	Cando se realizase unha valoración por métodos estadísticos, data de referencia da última taxación. Formato: AAAAMMDD.
Última taxación por métodos estadísticos. Código da sociedade de taxación ou valoración	Cando se realizase unha valoración por métodos estadísticos, código da sociedade de taxación ou valoración. Utilizaranse os mesmos valores que para o dato "Última taxación completa. Código da sociedade de taxación ou valoración" deste módulo.
Última taxación por métodos estadísticos. Número de taxación	Cando se realizase unha valoración por métodos estadísticos, número que asigne a sociedade de taxación ou valoración á taxación.
Última taxación por métodos estadísticos. Método de valoración	Cando se realizase unha valoración por métodos estadísticos, método estadístico utilizado na valoración: <ul style="list-style-type: none"> - Modelos automáticos de valoración - Procedemento de mostraxe
Última taxación por métodos estadísticos. Valor de taxación	Cando se realizase unha valoración por métodos estadísticos, valor de taxación da última taxación.
PARTE 2 DATOS ADICIONAIS PARA OS EDIFICIOS E ELEMENTOS DE EDIFICIOS	
Data da construción	Para os edificios terminados, data en que se terminou de construír o edificio. Para os edificios en construción, data en que se iniciaron as obras.
Data da última rehabilitación integral	Para os edificios terminados, data en que, se for o caso, se terminou a última rehabilitación integral. Para os edificios en rehabilitación, data en que se iniciaron as obras.
Estado da construción	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Licenza	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Uso polivalente	Indica se o inmovible é susceptible de uso polivalente porque non incorpora características ou elementos construtivos ou normativos que limiten ou dificulten o seu uso para diferentes actividades, sen grandes transformacións ou cambios, o que pode facilitar a súa fácil realización en efectivo: <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non Cando o edificio teña un uso mixto clasificarase no valor que constituía o uso predominante.
Vivenda habitual do prestameiro	Cando o activo sexa unha vivenda, indica se é a vivenda habitual do prestameiro: <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non
Valor do terreo axustado	Cando o edificio estea en construción ou rehabilitación integral coa obra parada, importe do valor do terreo máis, se for o caso, o valor da edificación que se considere recuperable, ou menos os custos de demolición se a construción incorporada é irrecuperable.
Número de vivendas	Cando no edificio hai vivendas, número de vivendas, aínda que estean en construción.
PARTE 3 DATOS ADICIONAIS PARA O SOLO URBANO E URBANIZABLE	
Tipo de solo	Tipo de solo: <ul style="list-style-type: none"> - Solo urbano consolidado - Solo urbano non consolidado - Solo urbanizable ordenado - Solo urbanizable sectorizado - Resto do solo urbanizable A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> - Solo urbano consolidado: solo que estea clasificado como urbano polo planeamento e conte con servizos urbanísticos, para o cal se pode obter licenza

	<p>urbanística directa sen necesidade de realizar obras de urbanización nin de tramitar ningún instrumento de planeamento ou xestión urbanística, e non se encontre nalgunha das situacións de solo urbano non consolidado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Solo urbano non consolidado: solo clasificado como urbano polo planeamento, pero que necesita executar obras de urbanización, ou o planeamento prevé a súa reurbanización ou un cambio de uso, ou precisa equidistribuir beneficios e cargas mediante a aprobación dun proxecto de reparcelación. Adoita estar incluído en unidades de actuación ou execución. - Solo urbanizable ordenado: solo clasificado polo planeamento como urbanizable que conta coa ordenación pormenorizada aprobada definitivamente a través dun plan parcial ou equivalente, de forma que están determinados os usos e parámetros construtivos finais de cada nova parcela. - Solo urbanizable sectorizado: solo clasificado polo planeamento como urbanizable sectorizado ou programado sen que se aprobase o planeamento de desenvolvemento ou ordenación pormenorizada. - Resto do solo urbanizable: solo clasificado como urbanizable non sectorizado ou programado (nas súas diferentes modalidades e denominacións autonómicas) que pode requirir a aprobación dun plan de sectorización ou programa de actuación urbanística (segundo a nomenclatura autonómica).
Desenvolvemento do planeamento	<p>Fase de desenvolvemento en que se encontra o planeamento urbanístico do solo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Urbanización recibida polo concello - Urbanización finalizada non recibida polo concello - Proxecto de urbanización aprobado - Planeamento de desenvolvemento <ul style="list-style-type: none"> • Aprobado definitivamente • Aprobado inicialmente • Non redactado ou non aprobado
Sistema de xestión	<p>Forma xurídica pola cal se vai desenvolver a urbanización do terreo e, chegado o caso, a súa posterior edificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Licenza - Axente urbanizador ou concerto - Compensación - Cooperación - Expropiación - Sen xestión/non necesita xestión
Fase de xestión	<p>Fase alcanzada na xestión do solo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Parcelas resultantes inscritas - Aprobación definitiva da equidistribución - Aprobación inicial da equidistribución - Constitución de xunta/asociación - Pendente de delimitación de unidade de execución
Paralización da urbanización	<p>Indica se a urbanización do solo non se iniciou ou está paralizada:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non
Porcentaxe da urbanización executada (%)	<p>Porcentaxe da urbanización que se executou respecto do proxecto total de urbanización.</p> <p>Formato: porcentaxe sen decimais.</p>
Porcentaxe do ámbito valorada (%)	<p>Porcentaxe sen decimais que representa o solo en garantía (ámbito valorado) sobre o ámbito total de que forma parte.</p> <p>O ámbito total é o conxunto total de terreos da figura asociativa urbanizadora (como son as xuntas de compensación, sectores, programas de actuación urbanística e similares) de que forma parte o solo en garantía.</p> <p>Formato: porcentaxe sen decimais.</p>
Proximidade respecto do núcleo urbano	<p>Indica a proximidade do solo con respecto ao núcleo urbano:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Solo urbano - Solo urbanizable estremeiro con urbano - Solo urbanizable non estremeiro con urbano, pero con infraestruturas de acceso - Solo urbanizable non estremeiro con urbano, sen infraestruturas de acceso

Proxecto de obra	Indica se se dispón dun proxecto para edificar sobre o terreo: - Si - Non
Superficie do terreo (m²)	Número de metros cadrados que ten o solo en garantía.
Aproveitamento (m²)	Aproveitamento sobre rasante en metros cadrados útiles do ámbito, parcela ou sector en que se encontra o terreo valorado, independentemente da superficie deste. Sumaranse todos os usos lucrativos, independentemente da tipoloxía.
Produto que se prevé desenvolver	Tipo de produto que se prevé desenvolver no solo: - Residencial (vivendas protexidas) - Residencial (vivendas libres de primeira residencia) - Residencial (vivendas libres de segunda residencia) - Oficinas - Locais comerciais - Uso industrial - Uso hoteleiro - Residencias de estudantes ou da terceira idade - Aparcadoiro - Recreativo - Outros Cando se vaian desenvolver varios tipos de produto, declararase só o que predomine entre todos.
PARTE 4 DATOS ADICIONAIS PARA OS PREDIOS RÚSTICOS	
Uso actual do predio rústico	Indica o uso actual do predio rústico: - En explotación - Resto
Predio rústico con expectativas urbanísticas	Indica se a entidade considera o predio con expectativas urbanísticas: - Si - Non
PARTE 5 DATOS DO VALOR DAS GARANTÍAS	
Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i>. Importe da garantía	Importe do valor da última taxación dispoñible do inmovible menos o "Importe das cargas previas comprometidas con terceiros", coas seguintes precisións: - Para os inmobles terminados, o valor de taxación será o da última taxación. En caso de dispor dunha revisión da taxación realizada por métodos estatísticos, só se utilizará esta cando o seu importe sexa inferior ao da última taxación completa. - Para os edificios en construción coa obra en marcha, o valor de taxación será o valor da taxación actualizado a valor de substitución neto. Para os edificios en construción coa obra paralizada, así como para os que non contén con licenza de obra, o valor de taxación será o importe menor entre o valor da taxación actualizado a valor de substitución neto e o valor axustado do terreo declarado como "Valor do terreo axustado" na parte 2 deste módulo.
Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i>. Forma de obtención	Forma de obtención do importe da dimensión "Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i> . Importe da garantía": - Última taxación completa - Última taxación por métodos estatísticos - Valor do terreo axustado
Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Importe da garantía	Importe asignado á garantía para efectos do cálculo da cobertura por deterioración. Este dato débese declarar cando algunha das operacións garantidas polo activo estea cualificada como dubidosa; nos demais casos é opcional.
Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Forma de obtención	Forma de obtención do importe da garantía para efectos do cálculo da deterioración: - Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i> - Custo de adquisición axustado do activo Este dato débese declarar cando algunha das operacións garantidas polo activo estea cualificada como dubidosa; nos demais casos é opcional.

Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Porcentaxe de desconto (%)	<p>Porcentaxe de desconto aplicada para determinar o valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración.</p> <p>Este dato débese declarar cando algunha das operacións garantidas polo activo estea cualificada como dubidosa; nos demais casos é opcional.</p>
Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Data da escritura de compravenda do activo recibido en garantía	<p>Data da escritura pública de compravenda do activo inmobiliario fornecido como garantía ou asimilado.</p> <p>Este dato débese declarar cando algunha das operacións garantidas polo activo estea cualificada como dubidosa; nos demais casos é opcional.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Importe do custo de adquisición do activo recibido en garantía	<p>Importe do prezo de compra declarado na escritura pública de compravenda do activo achegado como garantía real ou asimilado.</p> <p>Este dato débese declarar cando algunha das operacións garantidas polo activo estea cualificada como dubidosa; nos demais casos é opcional.</p>
Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Importe do custo de adquisición axustado do activo recibido en garantía	<p>Importe do custo axustado do activo en garantía conforme o disposto na normativa contable aplicable.</p> <p>Este dato débese declarar cando algunha das operacións garantidas polo activo estea cualificada como dubidosa; nos demais casos é opcional.</p>

D.3 DATOS BÁSICOS DOS ACTIVOS FINANCIEROS RECIBIDOS EN GARANTÍA	
Código do activo recibido en garantía	<p>Código que identifica o activo financeiro recibido en garantía de operacións concedidas pola entidade declarante.</p> <p>Este código debe ser único para cada activo.</p>
Tipo de activo (activos financeiros)	<p>Tipo de activo que serve de garantía:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Depósitos pecuniarios - Valores representativos de débeda - Outros instrumentos de débeda - Instrumentos de capital - Instrumentos de patrimonio diferentes dos instrumentos de capital - Outros activos financeiros <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos de débeda: depósitos pecuniarios en entidades de crédito, valores representativos de débeda e outros instrumentos de débeda (préstamos distintos dos depósitos a entidades de crédito). - Instrumentos de capital: instrumentos financeiros emitidos por outras entidades, tales como accións e participacións, que teñan a natureza de instrumentos de capital para o emisor, incluídas as participacións en entidades do grupo, multigrupo e asociadas, así como as participacións en fondos de investimento. - Instrumentos de patrimonio diferentes dos instrumentos de capital: instrumentos financeiros emitidos por outras entidades que, tendo a consideración de patrimonio neto segundo a normativa contable aplicable ás entidades de crédito, non se poidan rexistrar no balance como capital. - Outros activos financeiros: activos financeiros distintos dos instrumentos de débeda e patrimonio.
Código do emisor dos activos financeiros recibidos en garantía	Código da entidade en que se efectuaron os depósitos ou que emitiu os instrumentos recibidos en garantía, aínda que sexa a propia entidade declarante.
Código do valor	Cando os valores representativos de débeda ou instrumentos de patrimonio teñan asignado código ISIN, este código.
Cotización	<p>Indica se os activos financeiros cotizan nun mercado regulado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valores cotizados, con mercado activo - Valores cotizados, sen mercado activo - Valores non cotizados, con ISIN - Valores non cotizados, sen ISIN <p>A definición de mercado activo é a que se utiliza para efectos da elaboración da información financeira conforme o disposto na normativa contable.</p>
Nominal	Nominal dos activos financeiros recibidos como garantía.

D.4 DATOS DINÁMICOS QUE RELACIONAN AS OPERACIÓNS COS ACTIVOS RECIBIDOS EN GARANTÍA	
Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Código do activo recibido en garantía	<p>Código que identifica o activo recibido en garantía no módulo D.2, Datos básicos dos inmobles recibidos en garantía, ou D.3, Datos básicos dos activos financeiros recibidos en garantía.</p> <p>Cando unha operación teña varios activos en garantía, declararanse de forma separada todos os activos que a entidade lle asigne para a súa cobertura.</p>
Importe da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i> atribuído á operación	<p>Importe do valor do activo en garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i> que se atribúa á operación concreta.</p> <p>Para os inmobles, o valor do activo en garantía é o que se declare como "Valor da garantía para efectos do cálculo do <i>loan to value</i>. Importe da garantía" no módulo D.2, Datos básicos dos inmobles recibidos en garantías.</p> <p>Para as garantías pignoraticias de valores representativos de débeda e instrumentos de patrimonio, o valor dos activos en garantía é o seu valor razoable na data a que se refiran os datos.</p> <p>Para as garantías pignoraticias sobre depósitos e outros instrumentos de débeda distintos dos valores representativos de débeda, o valor dos activos en garantía é o seu valor actual na data a que se refiran os datos, tendo en conta a deterioración de valor por risco de crédito do obrigado ao pagamento, descontado ao tipo de xuro de mercado para operacións co mesmo prazo residual.</p> <p>Cando o mesmo activo sirva como garantía de varias operacións da propia entidade, o importe que declarar será o que lle asigne a entidade á operación concreta, para o que se porá especial atención a que as asignacións sexan realizadas con criterios lóxicos e prudentes e que en ningún caso a suma dos importes atribuídos a todas a operacións sexa maior que o valor da garantía.</p>

D.5 DATOS DINÁMICOS DOS EDIFICIOS EN CONSTRUCCIÓN E DAS PROMOCIÓN INMOBILIARIAS RECIBIDOS EN GARANTÍA	
Código do activo recibido en garantía	Código que identifica o activo recibido en garantía no módulo D.2, Datos básicos dos inmuebles recibidos en garantía.
Edificios en construción ou rehabilitación. Data do último grao de avance estimado	Data do último grao de avance estimado. Formato: AAAAMMDD.
Edificios en construción ou rehabilitación. Código da sociedade de taxación ou valoración que estimou o grao de avance	Código da entidade que realizase a estimación do grao de avance. Utilizaranse os mesmos criterios que en "Última taxación completa. Código da sociedade de taxación ou valoración" do módulo D.2, Datos básicos dos inmuebles recibidos en garantía.
Edificios en construción ou rehabilitación. Porcentaxe construída (%)	Porcentaxe que representa o custo da parte edificada sobre o custo total da construción segundo a última certificación.
Edificios en construción ou rehabilitación. Importe dos gastos de desenvolvemento	Importe da suma de todos os gastos necesarios e nos cales efectivamente se incorreu para a construción do edificio distintos do custo de adquisición do solo, excluídos os gastos financeiros e comerciais, máis os custos de construción ou outros gastos que se poidan considerar custo do ben de acordo coa normativa aplicable.
Promocións inmobiliarias. Porcentaxe de vendas formalizadas (%)	Para as operacións cuxa finalidade sexa a promoción inmobiliaria, porcentaxe que supón o importe bruto das vendas realizadas sobre o importe bruto estimado de venda para o conxunto da promoción inmobiliaria.
Promocións inmobiliarias. Porcentaxe de subrogacións ou cancelacións por entrega de vivenda a comprador final (%)	Para as operacións cuxa finalidade sexa a promoción inmobiliaria, porcentaxe que representa o valor dos activos cuxo préstamo foi subrogado ou cancelado sobre o valor total dos activos inicialmente hipotecados.

E DATOS SOBRE TIPOS DE XURO	
Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións. Nas operacións con tipo de xuro subvencionado, para o código da operación asignado ao titular subvencionado declarárase como tipo de xuro ordinario o que lle corresponda pagar, e para o código da operación asignado ao titular que o subvenciona, o tipo de xuro que subvenciona.
PARTE 1 DATOS PARA OS PRÉSTAMOS	
Modalidade do tipo de xuro	Modalidade de tipo de xuro aplicable: <ul style="list-style-type: none"> - Fixo (polo resto da vida) - Fixo con reaxustes no futuro - Fixo con obrigación de converterse en variable transcorrido un período - Xuro variable (sen límites) - Xuro variable con tipo máximo - Xuro variable con tipo mínimo - Xuro variable con tipo máximo e mínimo - Xuro variable en función das vinculacións do titular - Cupón cero - Sen xuro No mes en que cambie a modalidade de tipo de xuro aplicable (por exemplo, de fixo a variable), comunicárase a modificación como unha variación de datos.
Tipo de xuro ordinario (%)	Para as operacións con tipo de xuro fixo, tipo de xuro ordinario da operación na data da súa formalización, excluída, se for o caso, a porcentaxe que estea subvencionada. Nas operacións cupón cero, o tipo de xuro implícito. Nas operacións sen xuro, indicárase que este é 0,00. Para o "Crédito comercial", o tipo de xuro nominal medio das operacións declaradas conxuntamente a final de mes, ponderando polo seu importe. Para as tarxetas de crédito, o tipo de xuro que, se for o caso, estea estipulado no contrato para cando o cliente solicite o pagamento aprazado, con independencia de que este non o solicitase. Cando a tarxeta sexa exclusivamente de pagamento único ao contado, indicárase 0,00. Para as operacións con tipo de xuro variable, tipo de xuro ordinario da operación vixente na data dos datos, excluída, se for o caso, a porcentaxe que estea subvencionada. Formato: porcentaxe con dous decimais.
Tipo de xuro de demora (%)	Tipo de xuro de demora pactado no contrato. Formato: porcentaxe con dous decimais.
Tipo de xuro subvencionado (%)	Cando o tipo de xuro estea subvencionado, tipo de xuro que pagará a persoa que subvenciona o tipo de xuro. Formato: porcentaxe con dous decimais.
Tipo efectivo definición restrinxida (TEDR) (%)	Tipo de xuro anualizado que iguale en calquera data o valor actual dos efectivos, excluídos os gastos, recibidos ou pendentes de recibir, co dos entregados ou pendentes de entregar, ao longo da operación. Este tipo é o mesmo que se utiliza na normativa sobre requirimentos de estatísticas sobre tipos de xuro do Banco Central Europeo. Formato: porcentaxe con dous decimais.
Importe das comisións que compensan custos directos relacionados	Importe das comisións percibidas por adiantado que compensen os custos directos relacionados coa concesión das operacións, é dicir, aqueles en que non se tería incorrido se non se tiver concertado a operación.
PARTE 2 DATOS ADICIONAIS PARA OS PRÉSTAMOS CON TIPO DE XURO VARIABLE	
Tipo de xuro variable de referencia	Tipo de xuro de referencia vixente: <ul style="list-style-type: none"> - Euríbor a un mes - Euríbor a tres meses - Euríbor a seis meses - Euríbor a doce meses - Líbor a un mes (moeda da operación)

	<ul style="list-style-type: none"> - Líbor a tres meses (moeda da operación) - Líbor a seis meses (moeda da operación) - Líbor a doce meses (moeda da operación) - Tipo medio de préstamos hipotecarios a máis de tres anos para adquisición de vivenda libre <ul style="list-style-type: none"> • Concedidos polas entidades de crédito en España • Concedidos polos bancos • Concedidos polas caixas de aforros - Tipo medio dos préstamos hipotecarios entre un e cinco anos, para a adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito na zona do euro - Tipo de rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos - Permuta de xuros/<i>Interest Rate Swap</i> (IRS) ao prazo de cinco anos - Tipo interbancario a un ano (míbor) - Tipo activo de referencia das caixas de aforros - Tipo máis frecuente das entidades pertencentes á Xunta Directiva da Asociación Hipotecaria - Tipo de emisión de cédulas hipotecarias - Tipo de emisión da débeda pública entre tres e seis anos - Rendibilidade interna da débeda pública: tipo nominal equivalente - Outro tipo de referencia <p>As definicións e forma de cálculo dos tipos de referencia oficiais do mercado hipotecario serán as que establece a Circular 5/2012, do 27 de xuño, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.</p> <p>Os xuros referenciados ao míbor, excepto os correspondentes ao tipo míbor a un ano, inclúense xunto aos xuros referenciados ao euríbor.</p> <p>No mes en que cambie o tipo de xuro de referencia aplicable (por exemplo, de euríbor a un mes a euríbor a tres meses), comunicarase a modificación como unha variación de datos.</p>
Tipo de xuro mínimo (%)	<p>Para as operacións declaradas neste módulo na dimensión "Modalidade do tipo de xuro" como "con tipo mínimo" ou "con tipo máximo e mínimo", tipo de xuro mínimo.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
Tipo de xuro máximo (%)	<p>Para as operacións declaradas neste módulo na dimensión "Modalidade do tipo de xuro" como "con tipo máximo" ou "con tipo máximo e mínimo", tipo de xuro máximo.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
Marxe positiva sobre o tipo de xuro de referencia (%)	<p>Diferencial positivo aplicado sobre o tipo de xuro de referencia vixente.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>
Marxe negativa sobre o tipo de xuro de referencia (%)	<p>Diferencial negativo, sen signo, aplicado sobre o tipo de xuro de referencia vixente.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>

F DATOS DE TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS DE ACTIVOS FINANCEIROS	
PARTE 1 DATOS QUE IDENTIFICAN AS TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS	
Código da transferencia	<p>Código con que se identifica o contrato polo cal se transfíren ou titulízan sinteticamente as operacións.</p> <p>Nas titulizacións é o “código interno” que se asigne á titulización no estado sobre información individualizada de titulizacións da normativa de solvencia.</p>
Código do cesionario ou vendedor de protección	Código con que se declara no módulo A.1, Datos que identifican as persoas, o cesionario das operacións transferidas ou a contraparte que vende a protección crediticia nas titulizacións sintéticas.
Data da transferencia	<p>Data en que se realiza a transferencia ou titulización sintética.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
Tipo de transferencia	<p>Tipo de transferencia ou titulización:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Titulización tradicional - Resto de transferencias - Titulización sintética
Forma xurídica da transferencia	<p>Forma xurídica da transferencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participación hipotecaria emitida - Certificado de transmisión de hipoteca emitido - Resto das formas xurídicas
Operacións transferidas. Tratamento contable	<p>Indica como está rexistrado o importe transferido das operacións no balance da entidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dadas integramente de baixa do balance - Mantidas integramente no balance - Dadas parcialmente de baixa do balance <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dadas integramente de baixa do balance: cando se dea de baixa do activo integramente o importe transferido das operacións, con independencia de que non se transferise a totalidade do seu importe. - Mantidas integramente no balance: cando se mantén a totalidade do importe transferido das operacións rexistrado no activo da entidade declarante. As operacións titulizadas sinteticamente decláranse con este valor. - Dadas parcialmente de baixa do balance: cando se continúen recoñecendo as operacións no activo exclusivamente por un importe igual á exposición da entidade aos seus cambios de valor, é dicir, polo seu compromiso continuo.
Operacións transferidas. Tratamento para efectos de recursos propios	<p>Indica como se trata o importe transferido ou titulado sinteticamente das operacións para efectos do cálculo de recursos propios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posicións en titulizacións - Cálculo individualizado de recursos propios - Non aplicable <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posicións en titulizacións: cando os importes dos riscos titulizados non se inclúen de forma individualizada no cálculo de requirimentos de recursos propios, porque as posicións orixinadas como consecuencia da transferencia ou titulización sintética se tratan no dito cálculo como “Elementos que representan posicións en titulizacións”. - Cálculo individualizado de recursos propios: cando as operacións transferidas ou titulizadas sinteticamente se inclúen individualmente no cálculo de requirimentos de recursos propios, porque as posicións orixinadas como consecuencia da transferencia ou titulización sintética non se tratan no dito cálculo como “Elementos que representan posicións en titulizacións”. - Non aplicable: cando a entidade declarante sexa unha sucursal dunha entidade de crédito con sede noutro país do Espazo Económico Europeo ou os importes transferidos das operacións non constitúan exposicións para efectos do cálculo de

	recursos propios porque se dean de baixa integramente do activo por unha transferencia distinta dunha titulización.
PARTE 2 DATOS QUE VINCULAN AS TRANSFERENCIAS E TITULIZACIÓNS SINTÉTICAS COAS OPERACIÓNS	
Código da transferencia	Código con que se identifica o contrato polo que se transfiren ou titulizan sinteticamente as operacións na parte 1 deste módulo.
Código da operación transferida	Código con que se identifica no módulo B.2, Datos básicos das operacións, cada unha das operacións que se transferiron no mesmo contrato.
Porcentaxe transferida da operación (%)	Porcentaxe transferida ou titulizada sinteticamente da operación. Formato: porcentaxe con dous decimais.

G.1 DATOS BÁSICOS QUE VINCULAN CÓDIGOS	
Tipo de código que se vincula	<p>Indica o tipo de código que se vincula:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Código da operación - Código do valor - Código da transferencia - Código da garantía real - Código do activo recibido en garantía - Código da promoción inmobiliaria - Código do expediente de adxudicación - Código do activo adxudicado
Código que se vincula	<p>Código que a entidade declarante vincula con outro código.</p> <p>Cando se vincula un código co declarado por outra entidade, este código é o asignado pola entidade que envía o módulo.</p> <p>Cando se vinculan códigos da mesma entidade, aplicarase o seguinte criterio:</p> <p style="padding-left: 40px;">a) Código das operacións</p> <p>O "Código que se vincula" é o da nova operación declarada.</p> <p>Non obstante, indicárase como "Código que se vincula" o código das pólizas de risco global-multiúso, as liñas de avais, as liñas de créditos documentarios e os créditos por disposicións, cando se vinculen cos códigos das operacións en que se dispoñan os importes.</p> <p>Nas operacións con titulares mancomunados, como "Código que se vincula" indicárase o código que se asigne á operación, e como "Códigos vinculados", os diferentes códigos de operación que se utilicen para vincular cada un dos titulares no módulo B.1, Datos básicos que relacionan as persoas coas operacións, para atribuírles o risco que lles corresponda. O código que se declare como "Código que se vincula" será distinto dos códigos que se asignen para vincular a operación cos diferentes titulares mancomunados.</p> <p>Nas operacións subvencionadas, como "Código que se vincula" indicárase o código que se asigne á operación para vinculala cos titulares que reciben a subvención, e como "Código vinculado", o código ou códigos que, se for o caso, se utilicen para relacionala cos titulares que pagan a subvención.</p> <p>Nas operacións segregadas doutra operación a nome dos mesmos titulares, como "Código que se vincula" indicárase o código da operación que se segrega, e como "Código vinculado", os códigos das operacións en que se segrega.</p> <p style="padding-left: 40px;">b) Resto dos códigos</p> <p>O código que declarar é o novo código que asigne a entidade declarante ao valor, transferencia, activo recibido en garantía, promoción inmobiliaria, expediente de adxudicación ou activo adxudicado.</p>
Tipo de vinculación	<p>Motivo por que se vincula o código con outro código da propia entidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subrogación do debedor - Refinanciamento - Renovación - Activos procedentes de operacións fóra de balance - Operación procedente dun crédito documentario irrevogable - Operación procedente dunha póliza de risco global-multiúso - Operación procedente dunha liña de avais - Operación procedente dunha liña de créditos documentarios - Operación procedente dun crédito por disposicións - Operación con titulares mancomunados - Operación subvencionada - Operación segregada - Cambio de código por razóns de xestión

	<p>Motivo por que se vincula o código con outro código doutra entidade declarante que pertenza ao mesmo grupo económico que a entidade que envía o módulo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía financeira outorgada - Avais e caucións non financeiros prestados - Adquisición de operacións á entidade que mantén a xestión fronte ao titular - Fusión ou traspaso da actividade financeira - Outras adquisicións de negocio - Subrogación do acredor - Refinanciamento <p>Motivo por que se vincula o código co código doutra entidade declarante que non pertenza ao mesmo grupo económico que a entidade que envía o módulo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía financeira outorgada - Avais e caucións non financeiros prestados - Adquisición de préstamos á entidade que mantén a xestión fronte ao titular - Fusión ou traspaso da actividade financeira - Outras adquisicións de negocio <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fusión ou traspaso da actividade financeira: cando a entidade adquira a operación como consecuencia dunha fusión ou traspaso da actividade financeira que supoña a baixa no rexistro de entidades do código REN con que viña declarando a entidade cedente. - Outras adquisicións de negocio: cando a entidade adquira unha ou máis operacións a unha entidade que continúe inscrita no rexistro de entidades co mesmo código REN con que viña declarando a actividade cedida. - Cambio de código por razóns de xestión: cando a entidade modifique calquera tipo de código exclusivamente por razóns de xestión interna, tales como que se modifique a sucursal encargada da súa administración ou se produza un cambio na codificación informática.
Código REN da entidade declarante do código vinculado	Código no rexistro de entidades do Banco de España (código REN) da entidade que declare ou declarase o código que se vincula, mesmo cando o "Código vinculado" fose declarado pola propia entidade declarante.
Código vinculado	Código declarado á CIR pola propia entidade ou outra entidade declarante con que se vincule o código declarado como "Código que se vincula".

G.2 DATOS BÁSICOS DAS OPERACIÓNS QUE SE DEBEN COMUNICAR A OUTRAS ENTIDADES	
Código REN da entidade con que se vincula a operación	Código no rexistro de entidades do Banco de España (código REN) da entidade con que se realice a operativa declarada.
Tipo de vinculación	<p>Motivo polo que se vincula a operación con outra entidade declarante:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía financeira recibida - Contraaval dun aval ou caución non financeiro - Cesión de operacións continuando a xestión fronte aos titulares - Outras cesións de negocio - Subrogación do acredor - Refinanciamento <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Garantía financeira recibida: cando a entidade recibise unha garantía financeira doutra entidade declarante. - Contraaval dun aval ou caución non financeiro: cando a entidade recibise un contraaval dun aval ou caución non financeiro doutra entidade declarante. - Cesión de operacións continuando a xestión fronte aos titulares: cando a entidade transfira a outra entidade declarante operacións que se desen de baixa do activo total ou parcialmente, pero continúa coa súa xestión fronte aos titulares. Con este valor declararanse as operacións que a entidade comunicase no módulo F, Datos de transferencias e titulizacións sintéticas de activos financeiros, como transferidas a nome dun cesionario que sexa unha entidade declarante. - Outras cesións de negocio: cando a entidade ceda a outra entidade declarante unha ou máis operacións que non sexan valores representativos de débeda, sempre que non continúe coa xestión fronte aos titulares e permaneza inscrita no rexistro de entidades do Banco de España co mesmo código REN con que viña declarando a actividade cedida. - Subrogación do acredor: cando a entidade deixe de ser prestamista da operación porque o debedor faga unha subrogación do acredor e o novo prestamista pase a ser outra entidade declarante que pertenza ao seu mesmo grupo económico. - Refinanciamento: cando a operación da entidade fose refinanciada por unha operación doutra entidade declarante que pertenza ao seu mesmo grupo económico.
Código da contraparte directa	Código do titular de risco directo da operación que a entidade considera como contraparte directa conforme o disposto para o "Código da contraparte directa" no módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.
Nome da contraparte directa	Nome do titular do risco directo cuxo código se declara como "Código da contraparte directa" neste módulo.
Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Tipo de produto	Tipo de produto con que se declara a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Data de formalización	<p>Data de formalización da operación. É a data con que se declara a operación no dato "Data de formalización ou emisión" do módulo B.2, Datos básicos das operacións.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
Data de vencemento	<p>Data do vencemento final da operación. É a data con que se declara a operación no dato de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
Principal ou nocional ao inicio da operación	Cando como "Tipo de vinculación" se declare "Garantía financeira recibida" ou "Contraaval dun aval ou caución non financeiro", importe declarado para a operación garantida no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Porcentaxe transferida da operación (%)	<p>Cando como "Tipo de vinculación" se declare "Cesión de operacións continuando a xestión fronte aos titulares", porcentaxe transferida da operación.</p> <p>Formato: porcentaxe con dous decimais.</p>

G.3 DATOS DINÁMICOS DAS OPERACIÓNS QUE SE DEBEN COMUNICAR A OUTRAS ENTIDADES	
Código REN da entidade con que se vincula a operación	Código do rexistro de entidades do Banco de España (código REN) da entidade que garante ou contraavala a operación.
Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Principal garantido. Importe non vencido	Importe do principal non vencido garantido pola entidade a que se comunican os datos.
Principal garantido. Importe vencido	Importe do principal vencido garantido pola entidade a que se comunican os datos.
Xuros e comisións vencidos garantidos	Importe dos xuros e comisións pendentes de cobramento garantido pola entidade a que se comunican os datos.
Xuros de demora garantidos	Importe dos xuros de demora garantido pola entidade a que se comunican os datos.
Gastos exixibles garantidos	Importe dos gastos exixibles pendentes de cobramento garantido pola entidade a que se comunican os datos.
Límite actual do risco garantido	Importe do límite actual do risco garantido pola entidade a que se comunican os datos.
Risco dispoñible garantido. Dispoñibilidade inmediata	Importe do risco dispoñible con dispoñibilidade inmediata garantido pola entidade a que se comunican os datos.
Risco dispoñible garantido. Dispoñibilidade condicionada	Importe do risco dispoñible con dispoñibilidade condicionada garantido pola entidade a que se comunican os datos.
Data do primeiro incumprimento	Data do incumprimento máis antigo da operación garantida ou contraavalada pola entidade a que se comunican os datos pendente de resolución na data dos datos. Esta data declararase utilizando os mesmos criterios que no dato de idéntico nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Data do último incumprimento	Data do último incumprimento da operación garantida ou contraavalada pola entidade a que se comunican os datos pendente de resolución na data dos datos. Esta data declararase utilizando os mesmos criterios que no dato de idéntico nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.

H.1 DATOS BÁSICOS SOBRE CUALIFICACIÓN CREDITICIA DOS RISCOS	
Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Código da contraparte directa	Código do titular do risco directo que a entidade considera como contraparte directa da operación para efectos contables. Cando a operación teña varios titulares de risco directo solidarios, será a persoa que a entidade considerase como determinante ou máis relevante para a concesión da operación.
Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte directa)	Para os préstamos, valores representativos de débeda, garantías financeiras, depósitos a futuro e outros compromisos con risco de crédito, clasificación que corresponde, ou correspondería se estivese cualificado como risco normal, ao importe da operación que se imputa á contraparte directa como contraparte final para efectos contables, conforme as características do titular e da operación segundo o anexo IX da CBE 4/2004: <ul style="list-style-type: none"> - Sen risco apreciable - Risco baixo - Risco medio-baixo - Risco medio - Risco medio-alto - Risco alto Para as operacións declaradas como "Activos procedentes de operacións fóra de balance" na dimensión "Tipo de produto" do módulo B.2, Datos básicos das operacións, declararase o valor que lle corresponda á operación de que proceda. Para as operacións declaradas como "Derivados non pagos" na dimensión "Tipo de produto" do módulo B.2, declararase o valor "Risco alto". A cualificación orixinal manterase nesta dimensión aínda que a operación deixe de cualificarse contablemente como un risco normal. Para os valores prestados e as operacións imputadas para efectos contables integramente a unha contraparte final diferente da contraparte directa: <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable
Cualificación crediticia actual da operación (contraparte directa)	Categoría en que se clasifícase o importe da operación que se imputa á contraparte directa cando tamén sexa a contraparte final para efectos contables para o cálculo da cobertura do risco de crédito: <ul style="list-style-type: none"> - Normal. Sen seguimento especial - Normal. Con seguimento especial - Subestándar (risco-cliente). Non documentado adecuadamente - Subestándar (risco-cliente). Resto - Subestándar (risco-país) - Dubidoso (risco-cliente). Por razón da morosidade da operación - Dubidoso (risco-cliente). Por razón da morosidade doutras operacións - Dubidoso (risco-cliente). Por razóns distintas da morosidade - Dubidoso (risco-cliente). Nas cales concorren morosidade e razóns distintas da morosidade - Dubidoso (risco-país) - Falido (risco-cliente) - Falido (risco-país) Cando a contraparte directa non sexa contraparte final da operación: <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable
Data de cualificación da operación como dubidosa	Para as operacións cualificadas como "Dubidosas" na dimensión "Cualificación crediticia actual da operación (contraparte directa)" deste módulo, data en que a operación se cualificou como dubidosa. Cando se trate de operacións cualificadas como de refinanciamento ou refinanciadas na dimensión "Novacións e refinanciamentos" do módulo B.2, Datos básicos das operacións, se continúan cualificadas como dubidosas por non cumpriren os requisitos para a súa reclasificación noutra categoría, indícase a data do importe

	<p>vencido máis antigo que se refinanciase que permaneza non pago, con independencia de que aparentemente as operacións non teñan importes non pagos.</p> <p>Formato: AAAAMMDD.</p>
Factor de conversión (CCF-SA) (%)	<p>Para as garantías financeiras, depósitos a futuro e outros compromisos con risco de crédito, así como para os préstamos que poidan ter importe dispoñible (véxase a dimensión "Límite máximo á disposición do prestameiro ao inicio da operación" do módulo B.2, Datos básicos das operacións), porcentaxe de ponderación que, en función das características da operación, se debe aplicar no cálculo do "valor da exposición" para efectos de requirimentos de recursos propios segundo o método estándar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 100 % - 50 % - 20 % - 0 % <p>Para o resto das operacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable <p>Este dato débese declarar aínda que a entidade utilice para a operación o método baseado en cualificacións internas (IRB) para a estimación dos factores de conversión para efectos do cálculo do coeficiente de recursos propios.</p>
Excepcións á cobertura por risco-país	<p>Para as operacións suxeitas a risco-país que estean exentas, total ou parcialmente, da súa cobertura conforme o sinalado no anexo IX da Circular 4/2004 indicárase o valor que lles corresponda:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exento de cobertura por risco-país <ul style="list-style-type: none"> • Número 12.a) do anexo IX • Crédito comercial • Prefinanciamento • Resto das excepcións - Cobertura reducida ao 50 % por risco-país <p>Para o resto das operacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non aplicable <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exento de cobertura por risco-país. Número 12.a) do anexo IX: operacións exentas por cumpriren o disposto na letra a) do número 12 do anexo IX. - Exento de cobertura de risco-país. Crédito comercial: operacións exentas por cumpriren o disposto na letra b) do número 12 do anexo IX. - Exento de cobertura por risco-país. Prefinanciamento: operacións exentas por cumpriren o disposto na letra c) do número 12 do anexo IX. - Exento de cobertura por risco-país. Resto das excepcións: operacións exentas por cumpriren o disposto nas restantes letras do número 12 do anexo IX. - Cobertura reducida ao 50 % por risco-país: operacións que cumpran o disposto no número 30 do anexo IX.

H.2 DATOS BÁSICOS COMPLEMENTARIOS DOS PRÉSTAMOS

Código da operación	Código con que se identifican os préstamos no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Carteira contable	<p>Carteira en que está clasificada a operación para efectos de valoración, con independencia de que no balance se presente como un activo non corrente en venda:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caixa e depósitos en bancos centrais - Carteira de negociación - Outros activos financeiros a valor razoable con cambios en perdas e ganancias - Invetimentos crediticios - Falidos - Dedución do pasivo <p>A asignación dos valores anteriores realizarase aplicando os criterios que se utilicen para efectos contables. En concreto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falidos: préstamos que se deron de baixa do activo por teren sido cualificados como falidos. - Dedución do pasivo: préstamos concedidos a sociedades ou fondos de titulización que se deduzan do pasivo do balance da entidade declarante.
Activos non correntes en venda	<p>Indica se os préstamos están clasificados no balance, na data a que se refiren os datos, como activos non correntes en venda:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Si - Non
Tipo de vínculo co mercado hipotecario	<p>Para os préstamos con garantía de hipoteca inmobiliaria, ordinaria ou de máximo, calquera que sexa o seu <i>loan to value</i>, tipo de vínculo co mercado hipotecario:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participación hipotecaria emitida - Certificado de transmisión de hipoteca emitido - Bono hipotecario emitido - Afecto en garantía doutros financiamentos recibidos - Elixible para a emisión de cédulas hipotecarias - Non elixible para a emisión de cédulas hipotecarias <ul style="list-style-type: none"> • Por non cumprir o límite do artigo 5.1 do RD 716/2009 • Por outros motivos <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participación hipotecaria emitida: préstamo transferido a terceiros mediante unha participación hipotecaria. - Certificado de transmisión de hipoteca emitido: préstamo transferido a terceiros mediante un certificado de transmisión hipotecaria - Bono hipotecario emitido: préstamo que ampara a emisión dun bono hipotecario. - Afecto en garantía doutros financiamentos recibidos: préstamo achegado como garantía de financiamentos recibidos pola entidade diferentes dos enumerados nos valores anteriores. - Elixible para a emisión de cédulas hipotecarias: préstamo non transferido a terceiros nin afecto a bonos hipotecarios nin a outros financiamentos recibidos pola entidade que cumpre os requisitos do artigo 3 do Real decreto 716/2009 para ser elixible para a emisión de cédulas hipotecarias, sen considerar os límites ao seu cómputo. - Non elixible para a emisión de cédulas hipotecarias. Por non cumprir o límite do artigo 5.1 do RD 716/2009: préstamo non transferido a terceiros nin afecto a un bono hipotecario nin a outros financiamentos recibidos pola entidade, non

	<p>elixible para a emisión de cédulas hipotecarias exclusivamente porque non cumpre o límite do artigo 5.1 do Real decreto 716/2009.</p> <ul style="list-style-type: none">- Non elixible para a emisión de cédulas hipotecarias. Por outros motivos: préstamo non transferido a terceiros nin afecto a un bono hipotecario nin a outros financiamentos recibidos pola entidade que non cumpre os requisitos do artigo 3 do Real decreto 716/2009 para ser elixible para a emisión de cédulas hipotecarias por un motivo diferente ao límite do artigo 5.1 do Real decreto 716/2009. <p>Para o resto das operacións, declararase:</p> <ul style="list-style-type: none">- Non aplicable
--	---

H.3 DATOS DINÁMICOS COMPLEMENTARIOS DOS PRÉSTAMOS	
Código da operación	Código con que se identifican os préstamos no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Valor contable (excluídos axustes por valoración)	<p>Importe polo que están rexistrados os préstamos no activo excluídos os axustes por valoración que se presenten de forma separada no balance reservado.</p> <p>Nas operacións de arrendamento financeiro, tamén inclúe o valor residual comprometido por terceiros e o non garantido.</p>
Importe da garantía para efectos do cálculo da deterioración atribuída á operación	<p>Para as operacións con garantía real cualificadas como dubiosas, importe do valor das garantías inmobiliarias ou con garantía pignoraticia que se deduzan do importe do risco conforme a normativa contable.</p> <p>Para as operacións con garantía hipotecaria inmobiliaria, importe do "Valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración. Importe da garantía" declarado no módulo D.2, Datos básicos dos inmuebles recibidos en garantía, que corresponda á operación.</p> <p>Para as operacións con garantía pignoraticia, o valor que corresponda ao instrumento financeiro calculado conforme o disposto na normativa contable.</p> <p>Cando a operación conte con varias garantías superpostas, declararase a suma dos importes das diferentes garantías.</p> <p>Cando os mesmos activos sirvan como garantía de varias operacións da propia entidade, o importe que declarar será o que lle asigne a entidade á operación concreta, para o que porá especial atención en que as asignacións sexan realizadas con criterios lóxicos e prudentes, sen que en ningún caso se asigne un importe simultaneamente a varias operacións.</p>
Importe da operación que excede o valor da garantía real	Para as operacións con garantía real cualificadas como dubiosas, importe do exceso que supoña o "valor bruto contable" da operación (é dicir, antes de deducir os importes das correccións de valor por deterioración de activos que, se for o caso, tivesen constituídos para a súa cobertura) sobre o importe do valor da garantía para efectos do cálculo da deterioración imputada á operación.
Correccións de valor por deterioración de activos. Coberturas específicas. Risco-cliente	Para as operacións cualificadas como subestándar ou dubiosas, importe das coberturas específicas, excepto as correspondentes a risco-país, rexistradas no activo como correccións de valor por deterioración de activos na data a que se refire a declaración.
Correccións de valor por deterioración de activos. Coberturas específicas. Risco-país	Para as operacións cualificadas como subestándar ou dubiosas, importe das coberturas específicas por risco-país rexistradas no activo como correccións de valor por deterioración de activos na data a que se refire a declaración.
Xuros devindicados pendentes de vencemento rexistrados no activo	Importe dos xuros explícitos devindicados pendentes de vencemento na data a que se refire a declaración.
Comisións pendentes de devindicación	Importe pendente de devindicar das comisións cobradas que formen parte do tipo de xuro efectivo.
Custos de transacción pendentes de devindicación	Importe pendente de devindicar dos custos de transacción pagados pola entidade declarante.
Prima na adquisición pendente de devindicación	Para os préstamos adquiridos a terceiros con tipo de xuro explícito (incluídos os que se continúen valorando polo seu valor razoable), importe correspondente á cantidade pagada por enriba do principal pendente de amortización na data de adquisición que estea pendente de devindicación na data a que se refire a declaración.
Desconto na adquisición pendente de devindicación	<p>Para os préstamos adquiridos a terceiros con tipo de xuro explícito (incluídos os que se continúen valorando polo seu valor razoable), importe sen signo correspondente á cantidade pagada por debaixo do principal pendente de amortización na data de adquisición, salvo que corresponda a perdas por deterioración, que estea pendente de devindicación na data a que se refire a declaración.</p> <p>Para as operacións cuxa modalidade de tipo de xuro sexa cupón cero, non se declarará importe.</p>
Importe actual do desconto por deterioración na data de adquisición	Para os préstamos adquiridos a terceiros, importe do desconto realizado pola entidade cedente na data da adquisición que cubra perdas por deterioración da operación na data a que se refire a declaración.
Activos a valor razoable. Importe positivo da variación de valor	Para os préstamos valorados polo seu valor razoable, importe correspondente á diferenza entre o valor razoable e o efectivo desembolsado pendente de amortización na data a que se refire a declaración cando supón un incremento neto do valor bruto contable.

Activos a valor razoable. Importe negativo da variación de valor non atribuíble a cambios no risco de crédito	Para os préstamos valorados polo seu valor razoable, importe sen signo correspondente á diferenza entre o valor razoable, excluído o importe atribuíble a cambios no risco de crédito, e o efectivo desembolsado pendente de amortización na data a que se refire a declaración cando supón unha diminución neta do valor bruto contable.
Activos a valor razoable. Importe da variación de valor atribuíble a cambios no risco de crédito	Para os préstamos valorados polo seu valor razoable, importe sen signo da variación do valor razoable atribuíble a cambios no risco de crédito.
Operacións de microcobertura. Saldo positivo	Importe dos axustes por valoración realizados, se for o caso, á operación como consecuencia de microcoberturas contables do valor razoable cando o saldo sexa positivo.
Operacións de microcobertura. Saldo negativo	Importe sen signo dos axustes por valoración realizados, se for o caso, á operación como consecuencia de microcoberturas contables do valor razoable cando o saldo sexa negativo.
Arrendamentos financeiros. Valor residual non garantido	Para os arrendamentos financeiros, importe do valor residual das operacións non garantido ou comprometido polo arrendatario ou terceiros.
Arrendamentos financeiros. Valor residual comprometido por terceiros	Para os arrendamentos financeiros, importe do valor residual dunha operación de arrendamento financeiro a cuxo pagamento se comprometeu un terceiro diferente do arrendatario.
Risco dispoñible. Importe á disposición de terceiros	Nas contas de crédito e préstamos con disposicións por etapas, importe do dispoñible reservado para entregalo cando se produza a subrogación total ou parcial da operación por terceiros diferentes do prestameiro. Este importe irase reducindo conforme se vaian formalizando as subrogacións da operación orixinal. Cando as operacións estean denominadas en moedas diferentes do euro, declararase o importe do contravalor da moeda en euros na data a que se refire a declaración.

H.4 DATOS DINÁMICOS COMPLEMENTARIOS DAS GARANTÍAS FINANCEIRAS E OUTROS COMPROMISOS

Código da operación	Código das garantías financeiras e outros compromisos cualificados como risco subestándar ou dubidoso ao final do trimestre a que se refiren os datos no módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.
Provisións específicas. Risco-cliente	Importe da provisión específica constituída para a operación na data a que se refire a declaración, excepto que corresponda a risco-país.
Provisións específicas. Risco-país	Importe da provisión por risco-país constituída para a operación na data a que se refire a declaración.

H.5 DATOS DINÁMICOS DE RISCOS IMPUTADOS A CONTRAPARTES FINAIS DISTINTAS DAS DIRECTAS

Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións, cuxo importe se asigna, total ou parcialmente, a unha contraparte final diferente do titular declarado como contraparte directa para efectos contables no módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.
Código da contraparte final	Código con que se declara no módulo A.1, Datos que identifican as persoas, a contraparte final á cal se lle asigna o risco.
Importe do risco asignado á contraparte final	Para os préstamos e valores representativos de débeda, importe do valor contable, excluídos os axustes por valoración, asignado á contraparte final. Para o resto das operacións, importe do risco asignado á contraparte final.
Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte final)	Cualificación crediticia orixinal do importe da operación asignado á contraparte final. Os valores que pode tomar esta dimensión son os mesmos que os da dimensión "Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte directa)" do módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.
Cualificación crediticia actual da operación (contraparte final)	Cualificación crediticia actual do importe da operación asignado á contraparte final. Os valores que pode tomar esta dimensión son os mesmos que os da dimensión "Cualificación crediticia actual da operación (contraparte directa)" do módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.

H.6 DATOS DINÁMICOS RELATIVOS A REQUERIMENTOS DE RECURSOS PROPIOS	
Código da operación	Código con que se identifica a operación no módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Código da persoa a que se asigna a exposición	Código da persoa que intervéñen na operación como titular directo ou indirecto, ou do emisor de instrumentos financeiros recibidos como garantía real, á cal, na data a que se refiren os datos, se lle imputase a exposición para efectos do cálculo de requirimentos de recursos propios despois de aplicar as técnicas de redución de risco na asignación de exposicións.
PARTE 1 DATOS PARA TODAS AS OPERACIÓNS	
Carteira prudencial	<p>Indica a carteira en que está incluída a operación para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Carteira de negociación - Carteira de investimento <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Carteira de negociación: operacións que se traten como carteira de negociación para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios. - Carteira de investimento: operacións que non se traten como carteira de negociación para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios.
Categoría da exposición	<p>Categoría da exposición asignada para o importe da operación imputado á persoa a que se refiren os datos:</p> <p>a) Método estándar (SA)</p> <ul style="list-style-type: none"> - SA: administracións centrais e bancos centrais - SA: administracións rexionais e autoridades locais - SA: entidades do sector público - SA: bancos multilaterais de desenvolvemento - SA: organizacións internacionais - SA: institucións - SA: empresas - SA: retalistas - SA: exposicións garantidas con hipotecas sobre bens inmoables - SA: exposicións con incumprimento - SA: exposicións asociadas cun risco especialmente elevado - SA: bonos garantidos - SA: institucións e empresas con cualificación crediticia a curto prazo - SA: elementos que representan posicións en titulacións - SA: outras exposicións <p>b) Método básico baseado en cualificacións internas (FIRB)</p> <ul style="list-style-type: none"> - FIRB: administracións centrais e bancos centrais - FIRB: institucións - FIRB: empresas <ul style="list-style-type: none"> • Pemes • Financiamento especializado • Resto - FIRB: elementos que representan posicións en titulacións <p>c) Método avanzado baseado en cualificacións internas (AIRB)</p> <ul style="list-style-type: none"> - AIRB: administracións centrais e bancos centrais - AIRB: institucións - AIRB: empresas <ul style="list-style-type: none"> • Peme • Financiamento especializado Resto - AIRB: retalistas <ul style="list-style-type: none"> • Cubertas con hipotecas sobre inmoables <ul style="list-style-type: none"> - Peme - Non peme • Renovables elixibles • Resto

	<ul style="list-style-type: none"> - Peme - Non peme <p>- AIRB: elementos que representan posicións en titulizacións</p> <p>d) Dedución íntegra da exposición dos recursos propios computables</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dedución íntegra da exposición dos recursos propios computables <p>A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Método estándar (SA): cando a exposición se inclúe nunha categoría de exposición do método estándar para o cálculo de requirimentos de recursos propios. - Método básico baseado en cualificacións internas (FIRB): cando a exposición se inclúe nunha categoría de exposición do método baseado en cualificacións internas para o cálculo de requirimentos de recursos propios, e non se utilicen estimacións propias de perda en caso de incumprimento (LGD) nin de factores de conversión. - Método avanzado baseado en cualificacións internas (AIRB): cando a operación se inclúe nunha categoría de exposición do método baseado en cualificacións internas para o cálculo de requirimentos de recursos propios, e se utilicen estimacións propias de perda en caso de incumprimento (LGD), dos factores de conversión ou de ambos. - Dedución íntegra da exposición dos recursos propios computables: cando se deduzza integramente o importe da operación de recursos propios computables. <p>Os valores das categorías de exposición que declarar nesta dimensión, así como o seu contido, adaptaranse aos que estean vixentes en cada momento na normativa de solvencia aplicable ás entidades de crédito.</p>
<p>Exposición orixinal reasignada. Activos suxeitos a risco de crédito</p>	<p>Importe da exposición orixinal reasignada da operación incluída no tipo de exposición "Activos suxeitos a risco de crédito".</p> <p>Neste tipo de exposición inclúese o importe disposto dos préstamos (excepto as adquisicións temporais de activos e as operacións relacionadas co financiamento de garantías) e os valores representativos de débeda.</p> <p>A exposición orixinal reasignada é o importe do "Valor contable bruto" da operación (é dicir, antes de deducir os importes das correccións de valor por deterioración de activos que, se for o caso, tivesen constituídos para a súa cobertura) atribuído á persoa cuxo código se declara como "Código da persoa a que se asigna a exposición", é dicir, despois de aplicar as técnicas de redución de risco na asignación da exposición.</p> <p>Para os préstamos e valores representativos de débeda valorados polo seu valor razoable, sumarase o importe da variación de valor atribuíble a cambios no risco de crédito que se deducise do dito importe.</p>
<p>Exposición orixinal reasignada. Contas de orde suxeitas a risco de crédito</p>	<p>Importe da exposición orixinal reasignada da operación incluída no tipo de exposición "Contas de orde suxeitas a risco de crédito".</p> <p>Neste tipo de exposición inclúese o importe das operacións cuxo tipo de produto sexa "Garantía financeira", "Compromisos de préstamo" ou "Outros compromisos con risco de crédito", así como o importe dispoñible dos "Préstamos".</p> <p>A exposición orixinal reasignada é o importe nominal dispoñible das operacións atribuído á persoa cuxo código se declara como "Código da persoa a que se asigna a exposición", é dicir, despois de aplicar as técnicas de redución de risco na asignación da exposición.</p>
<p>Exposición orixinal reasignada. Operacións suxeitas a risco de contraparte. Transaccións relacionadas con financiamento de valores</p>	<p>Importe da exposición orixinal reasignada da operación incluída no tipo de exposición "Operacións suxeitas a risco de contraparte. Transaccións relacionadas con financiamento de valores".</p> <p>Neste tipo de exposición inclúese o importe das operacións cuxo tipo de produto sexan adquisicións temporais de activos, préstamos que teñan como finalidade o financiamento das garantías ou "Valores prestados", excepto que formen parte dun acordo de compensación contractual entre produtos.</p>

	<p>Para as adquisicións temporais de activos e préstamos que teñan como finalidade o financiamento das garantías, a exposición orixinal reasignada é o importe do "Valor contable bruto" da operación (é dicir, o seu valor contable antes de deducir os importes das correccións de valor por deterioración de activos que, se for o caso, tivesen constituídos para a súa cobertura) atribuído á persoa cuxo código se declara como "Código da persoa a que se asigna a exposición", é dicir, despois de aplicar as técnicas de redución de risco na asignación da exposición.</p> <p>Para as operacións valoradas polo seu valor razoable, sumarase o importe da variación de valor atribuíble a cambios no risco de crédito que se deducise do dito importe.</p>
<p>Exposición orixinal reasignada. Operacións suxeitas a risco de contraparte. Acordo de compensación contractual entre produtos</p>	<p>Importe da exposición orixinal reasignada da operación incluída no tipo de exposición "Operacións suxeitas a risco de contraparte. Acordo de compensación contractual entre produtos".</p> <p>Neste tipo de exposición inclúese o importe das operacións cuxo tipo de produto sexan "Adquisicións temporais de activos", préstamos que cumpran a definición de operacións relacionadas co financiamento de garantías ou "Valores prestados" que formen parte dun acordo de compensación contractual entre produtos.</p> <p>A exposición orixinal reasignada é o importe que lle corresponde ao tipo de produto segundo os criterios sinalados nas dimensións anteriores, antes de efectuar a dedución como consecuencia do acordo de compensación, atribuído á persoa cuxo código se declara como "Código da persoa a que se asigna a exposición", é dicir, despois de aplicar as técnicas de redución de risco na asignación da exposición.</p>
<p>Dedución de recursos propios computables</p>	<p>Importe da operación que se deduce directamente de recursos propios computables.</p> <p>O importe declarado nesta dimensión non se inclúe como "Valor plenamente axustado da exposición".</p>
<p>Redución por garantías reais</p>	<p>Importe da operación que se minorada da exposición para o cálculo dos requirimentos de recursos propios como consecuencia das garantías reais recibidas.</p> <p>O importe declarado nesta dimensión non se inclúe como "Valor plenamente axustado da exposición".</p>
<p>Redución por acordos de compensación contractual entre produtos</p>	<p>Importe da operación que se deduce da exposición para o cálculo dos requirimentos de recursos propios como consecuencia de contratos de compensación.</p> <p>O importe será o que a entidade lle asignase á exposición do importe total da compensación aplicable ao conxunto das operacións, sen que en ningún caso se poida asignar un importe da compensación simultaneamente a varias exposicións.</p> <p>O importe declarado nesta dimensión non se inclúe como "Valor plenamente axustado da exposición".</p>
<p>Exposición para a cal non se calculan requirimentos de risco de contraparte</p>	<p>Importe das exposicións da carteira de negociación prudencial para as cales non se calculan requirimentos de risco de contraparte.</p>
<p>Exposición ponderada por risco</p>	<p>Importe da "Exposición ponderada por risco" imputado á persoa a que se asigna a exposición no cálculo do coeficiente de recursos propios, é dicir, despois de aplicar as técnicas de redución do risco na asignación da exposición.</p>
<p>PARTE 2 DATOS ADICIONAIS PARA OPERACIÓNS ÁS CALES SE APLICA O MÉTODO ESTÁNDAR (SA)</p>	
<p>Valor plenamente axustado da exposición</p>	<p>Importe da operación asignado á categoría indicada na dimensión "Categoría da exposición" despois de deducir, se for o caso, as correccións de valor por deterioración de activos (ou as provisións), incluído o importe do desconto realizado pola entidade cedente na data da cesión que cubra perdas por deterioración da operación na data a que se refire a declaración ou o importe das variacións do valor razoable atribuíble a cambios no risco de crédito que correspondan á operación, e de ter en conta as técnicas de redución do risco de crédito e a redución de recursos propios computables, pero antes de aplicar os factores de conversión.</p>
<p>PARTE 3 DATOS ADICIONAIS PARA OPERACIÓNS ÁS CALES SE APLICA O MÉTODO IRB</p>	
<p>Perda esperada</p>	<p>Importe da perda esperada asignada á exposición.</p>
<p>Probabilidade de incumprimento (PD) (%)</p>	<p>Probabilidade de incumprimento da operación asignada á exposición para o cálculo dos requirimentos de recursos propios.</p> <p>Formato: porcentaxe con catro decimais.</p>

Perdas en caso de incumprimento (LGD) (%)	Porcentaxe de perdas en caso de incumprimento asignada á exposición para o cálculo dos requirimentos de recursos propios. Formato: porcentaxe con dous decimais.
Factor de conversión (CCF-IRB) (%)	Porcentaxe do factor de conversión asignada á exposición para o cálculo dos requirimentos de recursos propios. Formato: porcentaxe sen decimais.
Parámetro M (vencemento en días)	Cando se utilice o parámetro M (vencemento) para o cálculo da exposición ponderada por risco de crédito, número de días asignados ao parámetro na fórmula.
Parámetro S (tamaño). Tipo de dato utilizado como parámetro S	Cando se utilice o parámetro S (tamaño) para o cálculo da exposición ponderada por risco de crédito, tipo de dato utilizado na fórmula: - Vendas anuais totais - Activos totais
Parámetro S (tamaño). Parámetro S	Cando se utilice o parámetro S (tamaño) para o cálculo da exposición ponderada por risco de crédito, número asignado ao parámetro na fórmula. Formato: número entre 5 e 50 con tres decimais.

I.1 DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS INFERIORES A 6.000 EUROS	
Localización da actividade (país da operación)	Código ISO alfabético do país en que estea radicada a sucursal en que estean rexistradas contablemente as operacións.
Contraparte directa. País de residencia	País de residencia do titular do risco directo ao cal se lle asigne a operación para efectos de confeccionar os estados contables reservados.
Contraparte directa. Sector	Sector institucional a que pertenza o titular do risco directo ao cal se lle asigne a operación para efectos de confeccionar os estados contables reservados: <ul style="list-style-type: none"> - Sociedades non financeiras - Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares - Fogares. Empresarios individuais - Fogares. Resto
Contraparte directa. Actividade económica	Actividade económica do titular do risco directo ao cal se lle asigna a operación para efectos de confeccionar os estados contables reservados. As definicións e valores son os mesmos que na dimensión de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas, excepto que o código CNAE-2009 se declarará con dous díxitos.
Contraparte directa. Parte vinculada	Indica que tipo de parte vinculada é o titular do risco directo ao cal se lle asigne a operación para efectos de confeccionar os estados contables reservados. As definicións e valores son os mesmos que na dimensión de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.
Contraparte directa. Tamaño da empresa	Para as sociedades non financeiras indica o tamaño de empresa que ten o titular do risco directo ao cal se lle asigne a operación para efectos de confeccionar os estados contables reservados. As definicións e valores son os mesmos que na dimensión de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.
Tipo de produto	Tipo de produto ao cal pertence a operación segundo as definicións da dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións: <ul style="list-style-type: none"> - Resto dos préstamos a prazo - Tarxetas de crédito - Descubertos - Anticipo de pensión ou nómina - Resto dos préstamos á vista
Moeda	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Finalidade da operación	Finalidade a que se destina a operación con independencia da actividade económica que, se for o caso, realice o titular: <ol style="list-style-type: none"> a) Para os préstamos cuxos titulares directos pertencen aos sectores "Fogares (empresarios individuais ou resto)", sempre que non se destinen a actividades empresariais: <ul style="list-style-type: none"> - Consumo <ul style="list-style-type: none"> • Adquisición de bens de consumo duradeiro • Adquisición doutros bens e servizos correntes - Outros fins. Resto b) Para o resto dos préstamos: <ul style="list-style-type: none"> - Resto das finalidades <p>Para as operacións que pola súa natureza intrínseca son transitorias, tales como descubertos, anticipo de pensión ou nómina e resto dos préstamos á vista, declararase como finalidade, segundo o sector a que pertenza o titular, "Outros fins. Resto", cando os titulares directos pertencen aos sectores "Fogares (empresarios individuais ou resto)", sempre que non se destinen a actividades empresariais, e "Fogares. Resto" ou "Resto das finalidades", para o resto dos titulares.</p>
Provincia en que se realiza o investimento	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Tipo de garantía persoal principal	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Tipo de garantía real principal	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Prazo residual	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.

Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte final)	Cualificación crediticia orixinal da operación asignada á contraparte final. Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo H.5, Datos dinámicos de riscos imputados a contrapartes finais distintas das directas. Cando a contraparte final coincida coa contraparte directa, será a clasificación que se asigne á contraparte directa.
Cualificación crediticia actual da operación (contraparte final)	Cualificación crediticia actual da operación asignada á contraparte final. Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo H.5, Datos dinámicos de riscos imputados a contrapartes finais distintas das directas. Cando a contraparte final coincida coa contraparte directa, será a clasificación que se asigne á contraparte directa.
Factor de conversión (CCF-SA) (%)	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.
Carteira contable	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo H.2, Datos básicos complementarios dos préstamos.
Activos non correntes en venda	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo H.2, Datos básicos complementarios dos préstamos.
Principal asumido pola entidade. Importe non vencido	Mesma definición que o dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Principal asumido pola entidade. Importe vencido	Mesma definición que o dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo	Mesma definición e valores que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Gastos exixibles asumidos pola entidade	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Límite actual do risco asumido pola entidade	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Risco dispoñible asumido pola entidade. Dispoñibilidade inmediata	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros devindicados pendentes de vencemento rexistrados no activo	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos.
Valor contable (excluídos axustes por valoración)	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos.
Correccións de valor por deterioración de activos. Coberturas específicas. Risco-cliente	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos.
Correccións de valor por deterioración de activos. Coberturas específicas. Risco-país	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo H.3, Datos dinámicos complementarios dos préstamos.
Número de operacións	Número de operacións cuxos importes se declaran conxuntamente.

I.2 DATOS DINÁMICOS DOS RISCOS REXISTRADOS EN SUCURSAIS NO ESTRANXEIRO	
Localización da actividade (país da operación)	Código ISO alfabético do país en que estea a sucursal na cal estean rexistradas contablemente as operacións.
Contraparte directa. País de residencia	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo I.1, Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros.
Contraparte directa. Sector	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas.
Contraparte directa. Actividade económica	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo I.1, Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros.
Contraparte directa. Parte vinculada	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo I.1, Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros.
Contraparte directa. Tamaño da empresa	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo I.1, Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros.
Contraparte final. País de residencia	País de residencia do titular do risco ao cal se lle asigne a operación como contraparte final para efectos de confeccionar os estados contables reservados.
Contraparte final. Sector	Sector do titular do risco ao cal se lle asigne a operación como contraparte final para efectos de confeccionar os estados contables reservados. As definicións e valores son os mesmos que na dimensión de igual nome do módulo A.1, Datos que identifican as persoas
Tipo de produto	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Subordinación do produto	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Tipo de risco asociado aos derivados	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Moeda	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Finalidade da operación	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Orixe da operación	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Novacións e refinanciamentos	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo B.2, Datos básicos das operacións.
Garantía persoal principal. Tipo de garantía persoal principal	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Garantía persoal principal. Cobertura da garantía persoal principal	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Garantía real principal. Tipo de garantía real principal	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Garantía real principal. Tipo de activo recibido en garantía	Mesma definición e valores que nas dimensións de igual nome dos módulos D.1, D2 e D.3, Datos sobre garantías reais.
Garantía real principal. Cobertura da garantía real (<i>loan to value</i>)	<p>Porcentaxe que representa o importe da operación garantida sobre o valor estimado da garantía real para efectos do cálculo do <i>loan to value</i>.</p> <p>Os valores que declarar nesta dimensión son:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Para as hipotecas inmobiliarias: <ul style="list-style-type: none"> - Até o 40 % - Máis do 40 % e até o 60 % - Máis do 60 % e até o 80 % - Máis do 80 % e até o 100 % - Máis do 100 % e até o 200 % - Máis do 200 % - Garantía real cancelada

b) Para as garantías pignoraticias de instrumentos de débeda e patrimonio:

- Até o 90 %
- Máis do 90 % e até o 100 %
- Máis do 100 % e até o 200 %
- Máis do 200 %
- Garantía real cancelada

c) Para as restantes garantías reais:

- Até o 100 %
- Máis do 100 % e até o 200 %
- Máis do 200 %
- Garantía real cancelada

d) Para as operacións sen garantía real e as inscritas no Rexistro de Vendas a Prazo de Bens Mobles:

- Non aplicable

A asignación dos valores anteriores realizarase utilizando os seguintes criterios:

- Tramos de porcentaxe: cando as operacións teñan garantía real, indícase o tramo de porcentaxe que lles corresponda en función do seu *loan to value* calculado segundo se indica nos seguintes parágrafos.
- Garantía real cancelada: cando a operación tivese garantía real pero esta se cancelase porque se tivesen adxudicado ou recibido os activos afectos en garantía como pagamento parcial da débeda.
- Non aplicable: cando a operación non teña nin tivese garantía real ou estea inscrita no Rexistro de Vendas a Prazo de Bens Mobles.

Para as operacións con garantía hipotecaria inmobiliaria, o *loan to value* (LTV) é a ratio que resulta de dividir o risco vixente na data da información sobre o importe que se debería declarar como "Importe da garantía para efectos do cálculo do *loan to value* atribuído á operación" no módulo D.4, Datos dinámicos que relacionan as operacións cos activos recibidos en garantía, coas seguintes precisións:

- Para as operacións con importes dispoñibles que teñan como garantía inmoebles terminados, o numerador é o risco disposto máis o dispoñible (incluíndo os importes que só se entregan ao promotor cando se venden as vivendas).
- Para as operacións que teñen como finalidade a construción ou a promoción inmobiliaria que se encontren en curso, o numerador do LTV é o risco disposto se os activos se valoraron polo seu valor de substitución neto. Se a entidade, por causas xustificadas e conxunturais, só dispuxer de taxacións en hipótese de edificio terminado, deberá utilizar como numerador do LTV o risco disposto máis o risco dispoñible (incluíndo os importes que só se entregan ao promotor cando se venden as vivendas).
- Para as operacións que teñen como finalidade a construción ou a promoción inmobiliaria que se encontren paralizadas, o numerador do LTV é o risco disposto.

Para as garantías pignoraticias de valores representativos de débeda e instrumentos de patrimonio, o *loan to value* é a ratio que resulta de dividir o risco disposto máis o dispoñible na data da información sobre o valor razoable dos valores recibidos en garantía nesa data.

Para as garantías pignoraticias sobre depósitos e outros instrumentos de débeda distintos dos valores representativos de débeda, o *loan to value* é a ratio que resulta de dividir o risco disposto máis o dispoñible na data da información sobre o valor actual dos instrumentos recibidos en garantía nesa data, tendo en conta a deterioración de valor por risco de crédito do obrigado ao pagamento, descontado ao tipo de xuro de mercado para

	<p>operacións co mesmo prazo residual. Para as restantes garantías reais, o <i>loan to value</i> (LTV) é a ratio que resulta de dividir o risco disposto e o dispoñible na data da información sobre o valor estimado de mercado dos activos en garantía.</p> <p>Cando os mesmos activos sirvan como garantía de varias operacións da propia entidade, o importe do valor da garantía será o que lle asigne a entidade á operación concreta, para o que se porá especial atención en que as asignacións sexan realizadas con criterios lóxicos e prudentes.</p>
Prazo residual	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Cualificación crediticia orixinal da operación (contraparte final)	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo I.1, Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros.
Cualificación crediticia actual da operación (contraparte final)	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo I.1, Datos dinámicos dos riscos inferiores a 6.000 euros.
Factor de conversión (CCF-SA) (%)	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.
Excepcións á cobertura por risco-país	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo H.1, Datos básicos sobre cualificación crediticia dos riscos.
Carteira contable	Mesma definición e valores que nas dimensións de igual nome do módulo H.2, Datos básicos complementarios dos préstamos, e do estado M.10-2 da Circular 4/2004.
Activos non correntes en venda	Mesma definición e valores que na dimensión de igual nome do módulo H.2, Datos básicos complementarios dos préstamos.
Tipo de vínculo co mercado hipotecario	Mesma definición que na dimensión de igual nome do módulo H.2, Datos básicos complementarios dos préstamos.
Principal asumido pola entidade. Importe non vencido	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Principal asumido pola entidade. Importe vencido	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros e comisións vencidos asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado no activo	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Xuros de demora asumidos pola entidade. Importe rexistrado en contas de orde	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
Gastos exixibles asumidos pola entidade	Mesma definición que no dato de igual nome do módulo C.1, Datos dinámicos dos riscos directos.
